PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

X lexislatura
Serie Pleno
Número 67

Sesión plenaria
11 de abril de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 4. Proposicións non de lei

4.5 27382 (10/PNP-001952)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e once deputados/as máis
Sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller
Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

4.6 27978 (10/PNP-002003)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

4.7 28005 (10/PNP-002007)
Grupo Parlamentario de En Marea
Vázquez Verao, Paula e cinco deputados/as máis
Sobre as demandas que debe realizar o Gobeno galego ao Ministerio de Fomento para a mellora da seguridade viaria no conxunto da estrada N-540, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Vendas de Narón, Chantada-Taboada e A Barrela-Chantada
Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

4.8 28112 (10/PNP-002016)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derrogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

4.9 28329 (10/PNP-002041)
Grupos Parlamentarios Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego
Sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social
Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

Punto 5. Interpelacións

5.1 27661 (10/INT-000891)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña e dous deputados/as máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións
Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

5.2 28365 (10/INT-000915)
Grupo Parlamentario de En Marea
Solla Fernández, Eva
Sobre a política do Goberno galego en relación coa prestación de asistencia sanitaria no Sergas por medio de concertos coa sanidade privada
Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

5.3 28372 (10/INT-000916)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis
Sobre as deficiencias existentes nos servizos de urxencias hospitalarias
Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta

6.1 28665 (10/POPX-000082)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da enésima discriminación do Goberno central con Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

6.2 28666 (10/POPX-000083)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Fernández Leiceaga, Xoaquín María
Sobre a necesidade de garantir a igualdade de acceso ao Sistema sanitario público de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

6.3 28670 (10/POPX-000084)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das decisións do Goberno central referidas á construción dunha autovía paralela á AP-9 entre A Coruña e O Porriño mentres se rescatan autoestradas privatizadas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

Punto 7. Preguntas ao Goberno

7.1 25989 (10/POP-003094)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e tres deputados/as máis
Sobre a información do Goberno galego respecto dos prazos de licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo
Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

7.2 28664 E C.E. 28671 (10/PUP-000157)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis
Sobre o cumprimento da obriga do Goberno galego de defender o medio ambiente, mediante o control da minaría potencialmente contaminante que opera en Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

7.3 26873 (10/POP-003195)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Presas Bergantiños, Noa e catro deputados/as máis
Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a protección patrimonial da calzada de acceso ao castelo de Monterrei
Publicación da iniciativa, BOPG nº 272, do 07.03.2018

7.4 27325 (10/POP-003247)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción
Sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da participación dos centros educativos nas iniciativas desenvoltas ata o momento en relación coas vocacións nas áreas STEM, ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas
Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.5 23213 (10/POP-002779)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e oito deputados/as máis
Sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Barbanza dende a entrada en funcionamento do sistema de estruturas organizativas de xestión integrada
Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

7.6 27566 (10/POP-003267)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez Arias, Marta e seis deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do número de persoas en situación de dependencia que van estar atendidas no ano 2018
Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.7 28010 (10/POP-003311)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e tres deputados/as máis
Sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense
Publicación da iniciativa, BOPG nº 280, do 21.03.2018

7.8 28644 (10/PUP-000156)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e cinco deputados/as máis
Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias denunciadas polo Comité de Empresa na residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra
Publicación da iniciativa, BOPG nº 287, do 4.04.2018

7.9 27773 (10/PUP-000154)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rivas Cruz, José Luis e cinco deputados/as máis
Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación, antes da Semana Santa, do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia
Publicación da iniciativa, BOPG nº 276, do 14.03.2018

7.10 28322 (10/POP-003335)
Grupo Parlamentario de En Marea
Rodríguez Estévez, David e Quinteiro Araújo, Paula
Sobre o custo real para o erario público de Galicia da contratación dos servizos da UME e da Operación Centinela para labores de loita contra os incendios forestais nos anos 2016 e 2017
Publicación da iniciativa, BOPG nº 284, do 27.03.2018

7.11 22762 (10/POP-002742)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
López Crespo, Carlos Enrique e sete deputados/as máis
Sobre o balance que fai a Consellería do Mar do uso, para a trazabilidade nos produtos pesqueiros, dun método telemático punteiro no ámbito europeo, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e por medio dos terminais Ticpesc existentes nos portos de titularidade autonómica
Publicación da iniciativa, BOPG nº 241, do 17.01.2018

SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da enésima discriminación do Goberno central con Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 13.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 14.)
Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 15.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a necesidade de garantir a igualdade de acceso ao Sistema sanitario público de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 18.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 19.)
Réplica do autor*: Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 20.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto das decisións do Goberno central referidas á construción dunha autovía paralela á AP-9 entre A Coruña e O Porriño mentres se rescatan autoestradas privatizadas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 23.)
Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 25.)
Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 26.)
Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 29.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e once deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 31.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P).* (Páx. 33.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 35.), *Sra. Vilán Lorenzo (S)* (Páx. 37.) *e Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx 39.)

A señora Prado del Río (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 41.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 44.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S).* (Páx. 44.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. García Míguez (P).* (Páx. 48.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)* (Páx. 49.) *e Sra. Quinteiro Araújo (EM).* (Páx. 51.)

A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 53.)

A proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de Dª Paula Vázquez Verao e cinco deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Fomento para a mellora da seguridade viaria no conxunto da estrada N-540, así como a reforma e reparación dos tramos Guntín-Vendas de Narón, Chantada-Taboada e A Barrela-Chantada (doc. núm. 28005), foi retirada por este grupo parlamentario mediante o documento número 29060.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derrogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo. (Punto cuarto da orde do día.)

O señor presidente comunica a emenda presentada a esta proposición non de lei. (Páx. 54.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 55.)
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 59.)
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 61.) *e Sr. Pazos Couñago (P).* (Páx. 63.)

O señor Bará Torres (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 66.)

Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social. (Punto cuarto da orde do día.)

Intervención dos grupos autores da proposición non de lei: *Sra. Prado Cores (BNG)* (Páx. 67.), *Sra. Toja Suárez (S)* (Páx. 69.), *Sr. Merlo Lorenzo (EM) (Pax. 71.) e Sra. Egerique Mosquera (P).* (Pax. 73.)

Votación das proposicións non de lei

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 75.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do pazo de Meirás por Francisco Franco: *rexeitado por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 76.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos: *aprobada por 54 votos a favor, ningún en contra e 18 abstencións. (pax. 76.)*

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dun plan de compensación en materia ferroviaria que inclúa compromisos concretos especialmente dirixidos ao interior de Galicia: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e once deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller: *aprobado por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto: *rexeitada por 32 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 77.)

Votación do punto segundo da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derrogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a

actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo: *rexeitado por 31 votos a favor, 39 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación dos restantes puntos da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derrogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo: *rexeitados por 18 votos a favor, 53 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 78.)

Votación da Proposición non de lei dos G.G. P.P. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social: *aprobada por 71 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 79.)

Declaración institucional

O señor presidente le unha declaración institucional con motivo do Día Internacional do Pobo Xitano, que é aprobada por asentimento. (Páx 79.)

Interpelación de Dª Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa prestación de asistencia sanitaria no Sergas por medio de concertos coa sanidade privada. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 80.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 84.)
Réplica da autora: *Sra. Solla Fernández (EM).* (Páx. 87.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 88.)

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as deficiencias existentes nos servizos de urxencias hospitalarias. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 90.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 93.)
Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 96.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 98.)

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o cumprimento da obriga do Goberno galego de defender o medio ambiente mediante o control da minaría potencialmente contaminante que opera en Galicia. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor*: Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 99.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 100.)
Réplica do autor: *Sr. Sánchez García (EM).* (Páx. 101.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 102)

O señor Puy Fraga (P) solicita a palabra ao abeiro do artigo 77 e en relación co artigo 105 do Regulamento.

Intervención do señor Puy Fraga (P).

O señor presidente suspende a sesión e convoca a Xunta de Portavoces. (Páx. 104.)

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións. (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora*: Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 104.)
Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 107.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Rumbo (S).* (Páx. 110.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 113.)

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información do Goberno galego respecto dos prazos de licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 117.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 118.)
Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S).* (Páx. 119.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 120.)

Pregunta de Dª Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a protección patrimonial da calzada de acceso ao castelo de Monterrei. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 121.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 122.)
Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG).* (Páx. 124.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 125.)

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e Dª María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da participación dos centros educativos nas iniciativas desenvoltas ata o momento en relación coas vocacións nas áreas STEM, ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx. 126.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx. 127.)
Réplica do autor: *Sr. Álvarez Martínez (S).* (Páx.128.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (Rodríguez González).* (Páx.) (Páx. 129.)

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Barbanza desde a entrada en funcionamento do sistema de estruturas organizativas de xestión integrada. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 131.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 132.)
Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P).* (Páx. 133.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña).* (Páx. 134.)

Pregunta de Dª Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do número de persoas en situación de dependencia que van estar atendidas no ano 2018. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 136.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 136.)
Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Arias (P).* (Páx. 137.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 138.)

Pregunta de Dª Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 139.)
Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 140.)
Réplica da autora: *Sra. Blanco Rodríguez (S).* (Páx. 141.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 142.)

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias denunciadas polo Comité de Empresa na residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 143.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 145.)
Réplica do autor: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 145.)
Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela).* (Páx. 146.)

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación, antes da Semana Santa, do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 148.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 149.)
Réplica do autor: *Sr. Rivas Cruz (BNG).* (Páx. 150.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 151.)

Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e Dª Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre o custo real para o erario público de Galicia da contratación dos servizos da UME e da Operación Centinela para labores de loita contra os incendios forestais nos anos 2016 e 2017. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 152.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 153.)
Réplica do autor: *Sr. Rodríguez Estévez (EM).* (Páx. 154.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Vázquez Mejuto).* (Páx. 155.)

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Consellería do Mar do uso, para a trazabilidade nos produtos pesqueiros, dun método telemático punteiro no ámbito europeo, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e por medio dos terminais Ticpesc existentes nos portos de titularidade autonómica. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 156.)
Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).*(Páx. 157.)
Réplica da autora: *Sra. Egerique Mosquera (P).* (Páx. 158.)
Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Mar (Quintana Carballo).(* (Páx. 159.)

Remata a sesión ás sete e dez minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos reiniciar a sesión.

Reiniciamos a sesión co punto 6 da orde do día, que se corresponde co de preguntas para a resposta oral do presidente da Xunta de Galicia.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de Dª Ana Belén Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego diante da enésima discriminación do Goberno central con Galicia

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de dona Ana Belén Pontón Mondelo, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Moi bo día.

Señor Feijóo, hai un ano preguntáballe polo recortazo a Galiza nos orzamentos do Estado, nada menos que 440 millóns de euros. Calquera presidente reaccionaría dando a cara polo seu país; calquera menos vostede, que lle faltou tempo para bendicir o recortazo. E, iso si, anunciounos a cambio a bombo e platillo a creación dunha comisión de seguimento deses investimentos; unha comisión que nunca existiu, e iso que ía estar presidida por vostede mesmo. Xa vemos, señor Feijóo, que a súa palabra ten a mesma credibilidade que o máster de Cifuentes, *(Aplausos.)* non existiu comisión. Pero, ¿sabe o que é o peor? Non se executaron os investimentos anunciados. Segundo o Proxecto de orzamentos, o Estado deixou sen executar 4 de cada 10 euros comprometidos, e fundamentalmente nas obras do AVE, que, no que se refire ao tramo Olmedo-Lubián-Ourense, deixou metido no caixón a metade do anunciado.

¿Pero como reaccionou vostede ante esta situación? Pois pedindo unha procesión; unha procesión, señor Feijóo. Este sábado, en Sevilla, pediulle ao ministro de Fomento que en 2019 organice unha procesión: a procesión do AVE a Galiza. E expresou o desexo de que o santo desa procesión fora o presidente Rajoy, subido no AVE, e baixando na estación de Ourense. Eu xa sei que isto parece un monólogo do *Club da Comedia*, pero é vostede, falando do AVE galego en Sevilla, señor Feijóo. *(Aplausos.)* Unha cidade que leva máis de vinte e cinco anos desfrutando do AVE, mentres aquí seguimos agardando, e vostede encoméndase ao santo Mariajo Rajoy.

E as risas que provocou a súa intervención sevillana non tapan a realidade. Este ano Galiza recibe outra labazada nos orzamentos do Estado: que mesmo recoñecen que ese AVE a Ourense non se vai rematar até o 2025. Señor Feijóo, cambie de santo ou recupere un pouco de dignidade e exerza como presidente deste país. Nas contas de 2018 o Estado, presidido polo santo Rajoy, vai gastar tres veces máis en rescatar autoestradas en Madrid que investimentos no noso país. Soportamos os segundos investimentos máis baixos en quince anos, non hai proxectos novos e os vellos acumulan retrasos e máis retrasos. De novo, uns orzamentos

discriminatorios para Galiza, que acepta submisamente. Nada que ver con aquel Feijóo de 2008, aquel Feijóo que clamaba contra uns orzamentos que eran un desprezo a Galiza porque só tiñan 2.000 millóns de euros; pero agora 936 a vostede parécenlle a panacea.

Por todo isto, señor Feijóo, o que lle preguntamos é: ¿que vai facer ante a enésima discriminación do Estado con Galiza? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, agradezo que vostede estea pendente das convencións do Partido Popular. Debería prestar atención un pouco máis detalladamente para non dicir unha parte do que se dixo, e sobre todo para non facer o ridículo.

En todo caso, señora Pontón, como vostede quere falar e acaba de falar do ano 2008, falemos do ano 2008. Vostede dime —ou polo menos así formula a súa pregunta— que estamos «ante a enésima discriminación do Estado en Galiza». Levan vostedes dende que se fundaron falando de discriminación do Estado en Galicia, e menos mal que só estamos na enésima.

Señora Pontón, ¿que é un agravio, segundo o BNG? Para o BNG é un agravio que o Partido Popular votara sempre en favor da transferencia da autoestrada do Atlántico, e, sen embargo, non é un agravio que vostede mesma e o BNG votaran en contra da transferencia da autoestrada do Atlántico.

Para o BNG é un agravio que o PP conseguira que os galegos non pagásemos a peaxe da autoestrada do Atlántico e aforrásemos 400 millóns de euros; sen embargo, para o BNG non é un agravio que vostedes e o Partido Socialista acordaran que Galicia pagase as peaxes da autoestrada do Atlántico nos últimos dez anos.

Para o BNG é un agravio que tiveramos un presuposto o ano pasado do 11 % do total do investimento do Estado e neste un 9 % do total do investimento do Estado; e vostedes nada máis e nada menos que pretendían modificar o Estatuto de autonomía para acadar un máxico 8 % de investimentos do Estado. *(Murmurios.)*

Para vostedes é un agravio que o AVE entre na estación de Ourense no ano 2019 e, sen embargo, non é un agravio a complicidade do BNG cando de forma constante e continua se enganaba a Galicia dicindo que o AVE chegaría no ano 2010 e despois no ano 2012.

Señora Pontón, para vostede xa sei en que consisten os agravios do BNG. Os agravios do BNG son gobernar co PSOE a calquera prezo. Os agravios do PP son conquerir cousas concretas para o país, *(Aplausos.)* e ese será o meu compromiso e o meu plantexamento. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, dixo vostede que os presupostos deste ano volveron ser nefastos. Efectivamente, son un 25 % máis que o pasado ano. No pasado ano, 1.039 millóns de euros e neste, 1.300; iso fai unha diferenza de 261 millóns de euros; e, se quere vostede decimais, o 25,1 % máis.

Vostede considera que son un agravio os presupostos deste ano porque non hai ningún proxecto novo: 4.500 millóns de euros de proxectos novos. Sume as fragatas, a autovía Vigo-O Porriño e sume vostede o tren que conecta o porto exterior da Coruña co porto interior e daralle máis de 4.500 millóns de euros novos. *(Aplausos.)* Señoría, eses son os proxectos deste presuposto e eses son os proxectos que nós plantexamos. *(Aplausos.)*

Señoría, di vostede que non hai ningún tipo de comisión e que non seguimos os investimentos do Estado. Voulle dar un dato: a 31 de decembro do ano 2017 as adxudicacións en Galicia —adxudicacións— foron 325 millóns de euros do total de investimentos do Estado, uns 293 máis que o pasado ano. Galicia é a primeira comunidade autónoma de todo o Estado en adxudicacións publicadas no *Boletín Oficial do Estado*. Se vostede lera máis o *Boletín Oficial do Estado* e non os panfletos do BNG, seguro que esta pregunta sería un pouco máis seria.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Feijóo, ¿sabe o que é un agravio? Un agravio é o veto do Partido Popular á transferencia da AP-9; un agravio é que teñamos as peaxes máis altas e que por riba este ano nolas vaian subir máis que a media nun país que ten uns dos salarios máis baixos; e un agravio é que o seu santo Rajoy vaia rescatar con cartos dos galegos e das galegas tamén esas autoestradas madrileñas, mentres aquí nos seguen condenando a pagar unhas peaxes cada vez máis altas. *(Aplausos.)*

Desde logo, un agravio é que vostede formara parte do Goberno que prometeu o AVE no 2009 e que me veña a min exixir responsabilidades, cando leva oito anos calando ante os incumprimentos do señor Rajoy. *(Aplausos.)* Iso, señor Feijóo, é un agravio. *(Aplausos.)*

Pero, mire, a min gustaríame facerlle tres propostas, porque eu creo que é importante que defendamos nesta Cámara os intereses do noso país. A primeira proposta que quero facerlle é que necesitamos reclamar un plan cos investimentos que o Estado prometeu e que non fixo: 2.500 millóns de euros excepcionais para poñer en marcha os proxectos que necesita este país. Propóñolle tamén que, como eses orzamentos son indefendibles e son un agravio ao noso país, que nos sentemos mañá mesmo, se quere, para que reclamemos unha suba equivalente á que, por exemplo, ten Euskadi, do 32 %. Porque vostede pode dicir o que queira, pero os orzamentos só subiron o 1,3 % fronte ao 15 % do aumento da media do Estado. Iso é o que vostede consegue.

E nós queremos investimentos para que realmente se poida finalizar o AVE no 2019, porque sabe que, tal e como está agora, esa data é outra quimera máis. Queremos que haxa realmente

investimentos para a modernización do ferrocarril tamén no interior, para sanear as nosas rías, para atender os dependentes..., porque hai moitos proxectos, señor Feijóo, que este país necesita e que non están consignados nesas contas que son vergoñentas para o noso país.

E tamén o retamos, señor Feijóo: deféndase vostede como militante de Galiza. Comprométase a que, a non ser que haxa un trato xusto para o noso país, ningún dos deputados e deputadas electos por Galiza do Partido Popular vaian apoiar unhas contas que son, desde logo, un auténtico agravio para nós.

E, mire, eu remato cunha última cuestión, se mo permite o señor presidente. Eu creo que o maior ridículo é o ridículo da procesión dos caladiños que vostede leva facendo durante todos estes anos. E, mire, permítame que lle diga unha cousa con todo o respecto e, desde logo, con toda a cordialidade. Vexo que leva vostede moito tempo coa cabeza posta en Madrid porque pensa que coa súa submisión ao señor Rajoy ten máis opcións de estar nesa casilla de saída. Pero eu a verdade é que creo que é moi difícil que a substitución do máster de Cifuentes...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: ...vaian ser as fotos de Feijóo no iate cun narcotraficante. *(Aplausos.) (Protestas.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Pontón.

Turno de peche.

Señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, acabo de comprobar a súa cordialidade e o seu respecto cara ao presidente do Goberno da Xunta de Galicia, pero é o mesmo respecto que teñen vostedes cara á maioría dos galegos; polo tanto, eu estou dentro desa maioría. *(Aplausos.)* Señora Pontón, ¡alá vostede e as súas necesidades!

Mire, señora Pontón, convén —volvo repetirllo por cuarta vez consecutiva— saber sumar e restar; é fundamental. Porque dicir que o presuposto sobe un 1,3 %, cando sobe o 25,1 %, é unha pequena diferenza, señora Pontón. Iso xa se dá en primaria. Despois, achar as porcentaxes sobre as cantidades, iso xa se dá en secundaria; pero estúdase, señoría, estúdase. *(Murmurios.)* Mire, señoría, se tiñamos 1.039 millóns de euros o pasado ano e 1.300 este ano, a diferenza son 261 millóns de euros; incremento, o 25,1 %. ¿Por que vostede non estuda os presupostos do Estado antes de vir aquí falar, precisamente, de Madrid, que é unha das súas cidades preferidas?

Señora Pontón, sorpréndeme que fale vostede de que o agravio é vetar a transferencia da AP-9. Non, non, non, o agravio é votar en contra da transferencia da AP-9, como votou vos-

tede. *(Aplausos.)* Ese si que é o maior agravio. *(Aplausos.)* Agravio é que vostede apertaba o botón de pagar co diñeiro dos galegos as peaxes dunha autoestrada estatal. Iso forma parte da súa biografía, señora Pontón, ¡da súa biografía! Non atopará un voto en contra da transferencia da AP-9... *(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)* —señoría— deste deputado, xa estivera na oposición ou xa estivera no Goberno. Esa é unha pequena diferenza entre a súa biografía e a miña.

Señora Pontón, imos seguir falando, se lle parece a vostede, de algo interesante porque, se non, dicindo tonterías, non merece a pena, señoría, proseguir. ¿Seguir por riba da media en canto a investimento ou por poboación parécelle a vostede un agravio? Vostedes querían modificar o Estatuto de autonomía para conseguir o 8 % do total do investimento. O ano pasado tivemos o 11 % e este ano o 9,2 %. ¿Ser a terceira Comunidade Autónoma en maior investimento por habitante é un agravio?, ¿ser a cuarta Comunidade Autónoma no total de investimento do presuposto xeral do Estado de todos os ministerios parécelle a vostede un agravio? Parécelle un agravio que o presidente do Goberno viñera aquí comprometer, primeiro, a súa palabra sobre o AVE no ano 2019 e, segundo, unha nova autovía fóra de presuposto de 337 millóns de euros, iso é un agravio.

Señora Pontón, ¿vostede está a favor das fragatas ou en contra? *(Murmurios.)* Comente vostede nesta tribuna se está vostede a favor das fragatas ou en contra, se está a favor diga que no capítulo VIII do Ministerio de Economía hai 250 millóns de euros para as fragatas de Ferrol, polo tanto, non siga mentindo aos galegos, que lle merecen un respecto. *(Aplausos.)*

Mire, señora Pontón, o *Diario de Sesións* é testemuña de que esta Xunta que presido é infinitamente máis exixente co Goberno Rajoy que a deputada Pontón co Goberno do señor Zapatero. Se vostede estivera neste momento apoiando o Partido Socialista, como fai sempre, e estivera gobernando o Partido Socialista en Madrid e presentara estes presupostos, a señora Pontón estaríao celebrando cada fin de semana. *(Murmurios.)* Pero, en fin, como se nota que o ministro que vostedes máis apoiaron en Madrid, dado que non tiveron nunca ningún, é a ministra Magdalena Álvarez, a do Plan Galicia de mier...; pois, evidentemente, os agravios do BNG son xustamente o contrario do que Galicia precisa.

Señora Pontón, dígollo con absoluta tranquilidade, o pasado ano bloquearon o presuposto durante seis meses, este ano vostede, a pesar de que non ten representación, non quere que se aproben os presupostos do Estado, e agora vénme dicir a min que se executan de forma inadecuada os presupostos que se aproban de forma aprazada e atrasada.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Mire, señora Pontón, decídase vostede, ou seguir poñendo trabas ou poñer travesas. Eu, dende logo, quero as travesas do AVE, vostede as trabas de sempre.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a necesidade de garantir a igualdade de acceso ao Sistema sanitario público de Galicia

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Bos días, señor Feijóo.

Antes de nada permítanme felicitar os profesionais da sanidade polo seu empeño, pola súa dedicación e profesionalidade, así como recoñecer que estamos nun Sistema sanitario público que está entre os mellores do mundo. Saquemos isto do debate, estamos todos de acordo. Pero tamén permítanme expresar a miña preocupación e o meu malestar, que creo que se corresponden cos da maioría dos galegos. Preocupación pola cegueira a curto prazo que amosan os directivos do sistema. Eu creo que o conselleiro de Sanidade e os directivos do Sergas non son conscientes do dano que a precariedade está ocasionando ao funcionamento do Sistema sanitario galego. Unha precariedade moi por riba do normal, moi excesiva e que supera, en moito, a que vostedes recoñecen.

De acordo cos datos do IGE, os últimos publicados, se collemos tamén o persoal en formación, o persoal eventual sanitario no Sergas supera o 30 %, se retiramos o persoal en formación estamos no 26 %, datos oficiais do IGE publicados na súa páxina web e que teño aquí. Impónse un esforzo decidido para darlles estabilidade aos profesionais sanitarios, pola súa carreira profesional, porque o merecen, polos seus pacientes, que estarán mellor atendidos, pero tamén porque o sistema vai ser mellor xestionado se temos o persoal estabilizado.

E mentres o seu Goberno, imbuído de espírito reformista, di na prensa, falando dos contratos por días ou por horas, *y esto es lo que hay*. Pero miren, o que hai, se atendemos ao que nos din os traballadores, é isto, dito por un traballador do sistema: «*Me han hecho 270 contratos en cinco años, incluso dos en el mismo día.*» Ou unha traballadora, neste caso enfermeira: «*Te llaman para cuatro horas y no hay opción, aunque tu hijo esté enfermo.*» E a pesar de todo isto o sistema resiste, o sistema resiste.

Pero preocúpanos, tamén, a improvisación a longo prazo: a idade de xubilación que sobe e baixa, unha xubilación prevista de profesionais sanitarios que non temos con que cubrilos, prazas MIR ou prazas de acceso a Medicina insuficientes para proceder a esta cobertura, e así sucesivamente. Hai un excesivo curtopracismo e os profesionais sanitarios non se inventan da noite para a mañá, precísanse dez anos desde que empeza a entrada na Facultade de Medicina ata que sae un profesional perfectamente formado, e iso sábeno vostedes.

Pero a cegueira a curto prazo, a improvisación, os recortes e a deriva á sanidade privada están afectando a calidade do sistema, e isto percíbeno os cidadáns. Perciben que hai unhas listas de espera excesivas, moi por riba das recoñecidas oficialmente, pero aínda estas son excesivas. Entenden que os concertos coa sanidade privada deixaron de ser un procedemento anecdótico, para gañar flexibilidade no sistema, a converterse en algo estrutural e que é inevitable, que é imprescindible para que o sistema funcione, e nós non queremos isto.

E tamén saben que coa Lei de saúde se lles están recortando servizos e prestacións en áreas sanitarias determinadas nos hospitais comarcais, e tampouco nin os cidadáns nin nós que-

remos isto. Estase degradando o sistema, dificultando o acceso e consolidando unha sanidade de dúas velocidades. Eu creo que non debían estar de acordo con isto e que deberían rectificar estas políticas. Iso é o que lle pido, señor Feijóo. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Agradézolle que non desprestixie vostede os profesionais do sistema, e agradézoo porque ás veces si se desprestixian. Recordarán vostedes cando dicían que os médicos daban altas para cobrar incentivos; polo tanto, agradezo ese cambio de talante do Partido Socialista. Non creo que deban de molestarse porque eu agradeza ao Partido Socialista un cambio de talante.

O que si é certo, señoría, é que os datos que vostede acaba de referir, falaremos deles, non se corresponden coa realidade. Non, non se corresponden coa realidade porque cando chegamos á Xunta o presuposto do Bipartito en sanidade era de 3.500 millóns e hoxe son 252 millóns de euros máis, un 7 % máis, a pesar de ter todavía 1.500 millóns de euros menos de presuposto do que tiña o Bipartito.

Non se corresponde, señoría, porque este Goberno priorizou a sanidade fronte a calquera outro eido no ámbito dos presupostos, de feito, nunca, en ningún presuposto, na historia presupostaria de Galicia, a sanidade tivo o 40 % do total dos recursos. Non se corresponde, señoría, falando de profesionais, porque hoxe hai 1.544 profesionais máis que cando vostedes estaban no goberno. Médicos de familia, por exemplo, un 7 % máis e enfermería un 6 % máis. Non se corresponde porque temos un 37 % máis de quirófanos que cando vostedes gobernaban, e non se corresponde que me fale vostede de listas de espera porque temos as listas de espera máis baixas dende que hai rexistros. Por exemplo, para as patoloxías graves cando chegamos ao goberno esperábanse corenta días, e agora espéranse dezaoito. Polo tanto, señor Leiceaga, debería vostede revisar algúns datos.

Señoría, vostede sabe que o maior esforzo na construción, no equipamento e na ampliación de hospitais se fixo na lexislatura anterior e nesta: 700 millóns de euros. E seguimos, e seguimos comprometendo. Non debería vostede de terxiversar os datos do que queremos facer cos hospitais comarcais. En primeiro lugar, blindalos por lei, que non estaban. En segundo lugar, crear vinte e un servizos clínicos máis nos hospitais comarcais, nos que se evitaron 300.000 desprazamentos de cidadáns ás cidades. É dicir, o que queremos facer cos hospitais comarcais é que os cidadáns que viven no medio rural teñan os mesmos servizos que os que viven nos centros das vilas, nos centros das cidades. Supoño que o Partido Socialista debería de estar de acordo. Iso é o que se pretende.

Cando se fan 300.000 consultas máis nos hospitais comarcais agora que antes, ¿como pode dicir que non damos unha sanidade equitativa? Cando estamos reformando e ampliando todos os hospitais comarcais, que vostedes non ampliaron ningún, ¿como é posible que digan isto?

Señor Leiceaga, imos falar de recursos humanos. Xa lle digo, durante estes anos de crise, de vacas fracas, de recesión, incrementamos 1.544 os profesionais sanitarios. Pero é que sacamos a oferta pública de emprego, 6.133 prazas durante os anos da recesión e agora acabamos de asinar un acordo cos sindicatos de sacar outras 5.000 prazas. É dicir, durante estes anos entre as executadas e as comprometidas 11.000 novas prazas fixas no Servizo Galego de Saúde. Dígame algunha comunidade que sacara esta porcentaxe de prazas.

Falemos de Andalucía. ¿Canto tempo leva Andalucía sen sacar ofertas públicas de emprego no ámbito sanitario? *(Murmurios.)* Obxectivo, señor Leiceaga... Señor Leiceaga... *(Murmurios.)* Señor Leiceaga, eu intentaba darlle un dato que lle pode interesar. ¡Ah!, ben, é capaz de facer dúas cousas á vez, ¡iso está ben! Digo que o obxectivo, señoría, é que a porcentaxe de interinaxe en Galicia no Sergas é xa do 5 %, do 5 %. *(Murmurios.)* Ten vostede a miña palabra que coas ofertas de emprego deste ano...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ...e do seguinte ata o 2020 a porcentaxe de interinaxe no Sergas é do 5 %. ¿Verdade que vostede se sentiría orgulloso diso, señor Leiceaga?

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Si, señor Núñez Feijóo, o talante cos profesionais móstrase cando o Goberno do señor Touriño puxo en marcha unha carreira profesional, xustamente, iso para darlle dignidade. E, por certo, nos orzamentos de sanidade sabe vostede que en termos reais hai unha caída do 10 % fronte ao ano 2008, *(Aplausos.)* en termos reais, que é como hai que facelo. Xa sei que vostede quere ser rigoroso, faga as contas así.

Pero mire, nos servizos comarcais podería dicir moitas cousas aquí, pero o certo é que Cardioloxía está desaparecendo pouco a pouco e que incluso alí onde se mantén, como no Salnés, é só para os de Vilagarcía e Vilanova, e o resto —dous días á semana, ¡eh!— dos cidadáns desa zona sanitaria teñen que ir a outro lado, teñen que ir a Pontevedra. Iso non é o que nós dicimos.

E en Valdeorras, ¿que pasa con Traumatoloxía? Que se reduce substancialmente o número de médicos, os rehabilitadores desaparecen. Por iso nós fixemos, cando se tramitou a Lei de saúde, a proposta de crear un catálogo de servizos que permitira aos hospitais comarcais poñerse ao nivel adecuado, non con todas as prestacións, pero si con aquelas que, polo menos, hai nalgúns deles, en catro anos. E vostedes votaron en contra. Eu propóñolle que retomemos ese catálogo de servizos, aí podemos encontrarnos.

E as listas de espera. Mire, resulta que collemos a EOXI de Vigo, Traumatoloxía. ¿Sabe cantos pacientes hai en lista de espera tendo en conta consultas, probas diagnósticas e operacións?

Máis de 10.000, só en Traumatoloxía en Vigo. ¿Sabe de canto é a espera media neste ámbito tendo en conta os tres pasos? Máis de dez meses. Pero unha espera media de dez meses quere dicir que hai pacientes que teñen que esperar máis de dous anos para ser atendidos, e isto é absolutamente excesivo.

E eu teño aquí, noutros ámbitos e noutras especialidades, consultas que se atrasan quince meses, ou incluso máis en Oftalmoloxía e noutras especialidades, que podo mostrarlle agora mesmo.

Por tanto, necesitamos un plan de persoal, efectivamente, necesitamos crear novas prazas suficientemente, necesitamos tamén reducir a eventualidade, pero temos que empezar por recoñecer o que hai, e necesitamos máis prazas MIR, incrementalas nun 25 % para poder atender as xubilacións que se van producir.

Non me dá moito o tempo para falar das derivacións, pero en todo caso teño que dicirlle que nós non estamos a favor de que se consoliden nin se enquisten no sistema sanitario. Por iso quero facerlle outra proposta, e a proposta é que modifiquemos a Lei de garantías para que cumprindo o artigo 26, un informe que é obrigatorio anualmente e que nunca se trouxo aquí, pero que é obrigatorio, incluír nese informe medidas correctoras para que alí onde detectemos que hai unha situación estrutural de debilidade do Sergas poñamos en marcha aqueles procesos que nos permitan recuperar para o sistema público prácticas profesionais no Sergas que se as fan só entidades privadas acaba perdéndose...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...incluso a posibilidade de ter habilidade nelas.

E xa lle anuncio que presentaremos nese sentido algunha iniciativa neste Parlamento.

Vólvolle repetir, plan de persoal e plan de apertura de quirófanos, catálogo de servizos e modificación da Lei de garantías para recuperar para o ámbito público...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: ...aquilo que estamos perdendo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA: Son propostas que debería estimar.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche desta pregunta, señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

¡Que pena, verdade, señor Leiceaga, que se ademais de aprobar as cousas non deixaran vostedes algo de diñeiro para executalas! ¿Verdade? *(Risos.) (Murmurios.)* Iso sería fantástico. Imaxínense vostede que non deixaran os 2.500 millóns de euros de pufo que deixaron ao finalizar un goberno só de catro anos, ¿verdade que sería todo distinto, señor Leiceaga? ¿Verdade que sería todo distinto? Pero diso vostedes non queren falar, do falseamento do presuposto do ano 2008 e do ano 2009, e de liquidacións negativas en contra dos galegos en 2.500 millóns de euros, diso non queren falar. E por iso dar leccións do que fai o Partido Socialista en sanidade é simplemente un sarcasmo.

Señor Leiceaga, eu estou acostumbrado a bastantes trolas do Partido Socialista en relación coa sanidade, vostede agora matízaas. Hai lista de espera, si, soamente lle esqueceu dicir que hai moita lista de espera, si, é certo, moito menos que cando nós gobernabamos. Iso era o lóxico, señor Leiceaga.

Para completar o relato, sobre Vigo vostedes agora xa van modificando, vostedes son responsables da historia de Vigo e da historia de Galicia, vano ter en conta sempre de enganar a xente de Vigo dicindo que había un hospital privado en Vigo, cando hai o mellor hospital público que fixo este goberno e calquera goberno de Galicia. *(Apalusos.)*

Vostedes enganaron nesta sesión de control dicindo que en Vigo cobrabamos aos pacientes por durmir nos sillóns das habitacións, e ninguén dimitiu despois de falsear a realidade que consta no *Diario de Sesións*.

Polo tanto, o que vostede diga da sanidade en Vigo, como vostede se pode imaxinar, soamente se toma a beneficio do inventario.

Señor Leiceaga, a nós cando aprobamos a Lei de garantías, que vostedes non foron capaces de aprobala, é dicir, tempos máximos de espera, e se non somos suficientemente solventes para respostar teñen dereito a ir a outro hospital, dixéronnos: outra privatización máis. Resultado, 7.269 persoas beneficiadas por este decreto. Todas, o cen por cen, operadas noutros hospitais públicos.

Señor Leiceaga, acaba de facer vostede todavía outra máis, dicindo que os concertos os incrementamos, un 5 % menos de concertos que cando vostedes gobernaban. Unhas garantías do sistema sanitario público que vostedes non ofrecían, e é constante e continuamente a forma de enganar. Di vostede, efectivamente, que en planificación, en materia de prazas MIR, había que tomar decisións hai dez anos. Efectivamente, no ano 2008 empezaban vostedes a segunda magnífica lexislatura do inesquecible presidente Rodríguez Zapatero, dende o ano 2008 ao ano 2011. Efectivamente, deixáronnos unha sanidade sen planificar e temos gravísimos problemas cos profesionais e cos hospitais comarcais para darlles garantía aos especialistas.

E cando tomamos algunha decisión para que nos hospitais comarcais haxa especialistas e teñamos os mesmos criterios e as mesmas garantías que nos hospitais das cidades, vostedes

votan en contra. Non só iso, senón que vostede e o seu xefe se manifestan en contra da sanidade pública en Verín. Alá vostede, señor Leiceaga, forma parte da biografía de cada quen.

Eu levo escoitando tantas veces a privatización da sanidade que, como vostedes se poden imaxinar, a inmensa maioría dos galegos que nos escoitan cando escoitan un político falar de privatización da sanidade lle preguntarán, ¿vostede que fixo pola sanidade do seu país? Eu podo respostar o que fixen pola sanidade do meu país: reformar todos os hospitais e facer hospitais novos.

Señor Leiceaga, como a vostede lle interesa moito a sanidade, voulle deixar, se lle parece —se lle parece, se non non é necesario—, que consulte o barómetro do CIS, o último barómetro sanitario: para o 84 % dos galegos mellorou a atención primaria, para o 67 % as consultas hospitalarias, o 71 % cre que mellorou a asistencia hospitalaria e nas urxencias o 62 %. É evidente que dentro da maioría dos cidadáns que consideran que mellorou a sanidade vostede non está, pero a maioría si.

O que importa non é o que diga vostede e o que diga eu, o que importa é o que facemos: máis intervencións, máis investimentos, máis tecnoloxía e máis persoal.

Isto é o último, señor Leiceaga —isto é do luns—, o Gran Hospital Montecelo, o novo hospital de Montecelo. Ten vostede este compromiso, asumido polo Goberno e polo presidente da Xunta. De hoxe nun ano, señor Leiceaga, pregúnteme —señor Leiceaga, se lle estou formulando unha proposta que pode ser intelixente— se de hoxe nun ano este hospital de Montecelo está no *Diario Oficial de Galicia* ou non.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Se non está, eu, dende logo, non cumprín a miña palabra. Pero se está, señor Leiceaga, deixe, polo menos, de criticar con tanta intensidade a sanidade pública.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luis Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a opinión do Goberno galego respecto das decisións do Goberno central referidas á construción dunha autovía paralela á AP-9 entre A Coruña e O Porriño mentres se rescatan autoestradas privatizadas

O señor VILLARES NAVEIRA: Bos días, señor presidente.

Señor Núñez, a autovía do Atlántico vén referenciada no anexo II da Lei de estradas do Estado, 37/2015, aquí a ten, e vén descrita como unha autovía que ten un itinerario de referencia: A Coruña, Santiago de Compostela, Pontevedra e O Porriño. É dicir, é unha infraestrutura que pretende estruturar Galicia de norte a sur desde A Coruña ata O Porriño

nun lugar onde xa existe unha infraestrutura de alta capacidade, como é a AP-9. É, polo tanto, a reduplicación libre de peaxe dunha autopista que neste momento xa existe e que ten peaxe, que é a AP-9. A A-57, polo tanto, replicando a AP-9.

Isto é unha autovía, non é unha circunvalación. A semana pasada o presidente do Goberno, M. Rajoy, visitou as obras á altura de Pontevedra acompañado do alcalde dese concello, e alí visitaron unhas obras que xa foron denunciadas pola Plataforma Salvemos a Fracha como algo que se estaba dicindo que non era. Non é unha circunvalación de Pontevedra, é unha verdadeira autovía que está aquí referenciada na Lei de estradas do Estado. Pontevedra xa ten unha circunvalación, que é a AP-9. E unha circunvalación, que é AP-9, que ademais xa podía ser pública e libre de peaxe se no ano 2000, cando estaba próxima a fin da concesión, os gobernos de Fraga e Aznar non acordasen aumentar, renovar a súa concesión ata o ano 2048. Polo tanto, cunha boa xestión publica a AP-9 xa podía ser hoxe pública e libre de peaxe.

O custo económico de construír a A-57, que está definida e recollida na Lei de estradas do Estado, son 1.200 millóns de euros, calculados tendo en conta que o Ministerio de Fomento di que cada quilómetro custa, aproximadamente, construílo 7 millóns de euros.

1.200 millóns de euros que valerían perfectamente para rescatar a AP-9, porque cando foi privatizada polo Goberno de Aznar, como sabe vostede, iso foi por un prezo aproximado de 1.000 millóns de euros. Polo tanto, teriamos recursos suficientes con este orzamento para rescatar a AP-9.

Cabe facerse, ademais, unha pregunta, no caso de que se constrúa a A-57 completa, ¿vostede por onde iría da Coruña a Santiago? Por exemplo, ¿pola AP-9 pagando a peaxe ou pola A-57 de balde? A maior parte dos galegos, dende logo, escollerían ir pola gratuíta, e iso daría lugar a un paradoxo, despois de construír con 1.200 millóns de euros unha autovía nova a concesionaria, a autopista, quebraría e pasaría como pasa nas radiais madrileñas, habería que rescatala con diñeiro público; de tal maneira que teriamos aquí un negocio redondo grazas ao seu Goberno. Por unha parte 1.200 millóns de euros nunha infraestrutura duplicada, e dentro duns anos ter que rescatar unha infraestrutura que non está servindo á concesionaria.

A pregunta é, ¿a quen beneficia toda esta situación? Isto non é un bo modelo de xestión dos recursos públicos, non é un bo modelo de xestión gastar —tirar cos cartos— 1.200 millóns de euros para que despois haxa que rescatar a AP-9. Se non beneficia a cidadanía, ¿a quen beneficia?, ¿as construtoras? ¿beneficia o Partido Popular?, ¿benefíciao a vostede?, ¿vostede obtén algo en limpo con esta autovía, consentindo esta autovía? Se vostede como presidente da Xunta de Galicia ten algunha autoridade para velar polos intereses do noso país, debería de exixir que os 1.200 millóns de euros que custa esta autovía vaian destinados a rescatar de forma inmediata a AP-9 e a convertela nunha infraestrutura galega, pública e libre de peaxe.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, pregunta vostede se o Goberno está a favor de que se constrúa unha alternativa á autoestrada do Atlántico. Señoría, eu pertenzo a un goberno exixente, porque representa un pobo exixente, e claro que estamos a favor, non só iso, senón que xa o temos feito. Si, si, debería saber vostede que está feita a autovía pública, de transporte público, que por primeira vez se fixo en Galicia paralela á autoestrada de peaxe do Atlántico, que é o tren do eixe Atlántico, 3.000 millóns de euros. ¡Ah!, ¿rise vostede? ¡Ah, bueno! Pois se se ri vostede de que a maioría dos galegos xa empecemos a coller o tren e deixar a autoestrada do Atlántico, dáme a sensación de que se ri vostede da maioría dos galegos. Pero alá vostede, señor Villares, alá vostede. *(Aplausos.)*

Alá vostede, señor Villares, se facer un tren de transporte público de 3.500 millóns durante boa parte da recesión económica e poñelo en servizo —con oitenta minutos dende Vigo ata A Coruña, dende A Coruña ata Vigo, pasando por Santiago, por Pontevedra, por Vilagarcía, e podendo conectar con Ourense— a vostede lle parece simplemente unha cousa de menor interese.

Pois saiba vostede que o número de pasaxeiros, de viaxeiros que utilizaron ese tren na estación de Santiago é de 2 millóns e medio de persoas. Estamos a 100.000 do total de viaxeiros de Lavacolla. ¿Considera vostede que isto é unha broma? Pois sigamos coas bromas das políticas de infraestruturas de En Marea.

Mire, señor Villares, ¿que é o que temos que facer? Vostede está en contra de que se faga unha autovía paralela á autoestrada, está claro, esa é a proposta de En Marea, iso queda xa reflectido no *Diario de Sesións*.

Vostede está en contra de seguir vertebrando o territorio, está en contra de facer unha autovía que pase por onde non hai vías de alta capacidade e que siga vertebrando o territorio. Vostede está en contra da variante de Ordes, da variante de Sigüeiro, da circunvalación de Pontevedra, que agora vostede lle chamou autovía, e agradézollo, efectivamente, porque é unha autovía.

Vostede está en contra de seguir vertebrando o país, e sorprendentemente vénme falar vostede en nome e representación de Audasa. Quere que se compre a autovía de Audasa, é dicir, que co diñeiro da xente lle paguemos a Audasa por segunda vez e sen xestionar, que Audasa ingrese 3.000 millóns de euros, que nos entregue esa autoestrada e que os fondos de investimento e os titulares de Audasa se rían a mandíbula batente dos contribuíntes galegos e dos contribuíntes españois. É, dende logo, unha proposta de infraestruturas para enmarcar, señor Villares.

Pero, ¿de verdade que vostede non viu o mapa alternativo do que vai unir a autovía por fases? E na miña opinión, bastante atrasada, ¿que temos que facer para eliminar ou ter unha autovía alternativa á peaxe?

Mire, a peaxe ata o ano 2048 está comprometida, ¿que temos que facer? Unha autovía antes. ¿Como lle vai a esa autopista? Non se preocupe, señor Villares, ese é un problema deles, non é un problema noso.

Nestes momentos temos un ferrocarril que está diminuíndo os tráficos a esa autoestrada. Canto máis ferrocarril, menos peaxe, e ao mellor así aprenden a baixar as peaxes. Aprenden, ¡si, claro!, efectivamente. *(Aplausos.)* Eu, dende logo, non subín as peaxes.

Pero ademais, señoría, a xente que lle leva a infraestrutura no seu grupo, se é que alguén se dedica a iso, sabe que cando as autoestradas se liberalizan automaticamente incrementan os tráficos. ¿Sabe por que tivemos que poñer dous carrís máis na circunvalación de Santiago?, ¿sabe por que tivemos que poñer dous carrís máis na ponte de Rande? Porque se liberalizou a peaxe e se incrementan os tráficos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): O que vostede propón é darlle 3.000 millóns de euros a Audasa e, ademais, empezar a gastar diñeiro para ampliar esa autoestrada, e adicionalmente non seguir vertebrando o territorio para que os pobos que teñen unha comunicación inadecuada sigan con esa comunicación inadecuada para sempre.

Señor Villares, eu entendo a súa proposta, estudieina con respecto, o que non podo entender, en ningún caso, é quen foi o seu asesor para plantexarlle que a variante de Padrón, que está recollendo 10.000 vehículos, ou que os concellos de Pazos de Borbén, de Ponte Caldelas ou de Cerdedo a Cotobade, que van ter unión por esa autovía circunvalación de Pontevedra, deixen de ter unha vía de alta capacidade. Pero, ¿vostede cre que o único que existe en Galicia son as cidades?

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): ¿Verdade que vostedes aos veciños de Cerdedo ou aos veciños de Ponte Caldelas non lles poden ir con estes chismes? Señor Villares, dígollo con absoluta cordialidade, creo que esa proposta prexudica Galicia e non conte vostede...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Resulta simpático, señor presidente. Está vostede recoñecendo que hai unha alternativa ao tráfico rodado por vía ferroviaria, pero ao mesmo tempo nos defende construír unha segunda autovía en paralelo á AP-9 a menos de dez quilómetros de

distancia, en paralelo. Pero, ¿de que estamos falando? 1.200 millóns de euros tirados ao lixo de todos os galegos e galegas que poderían valer para rescatar a AP-9 xa neste momento, ¿de que estamos falando? Unha autovía con orixe e destino A Coruña e Santiago, que é o que establece a propia Lei de estradas do Estado, ¿de que estamos falando? ¿Está vostede disposto a autorizar, a consentir e a apoiar que se constrúa unha autovía en paralelo á AP-9, en paralelo á AP-9 entre Santiago e A Coruña?

¡Home!, seguro que non o está, pero obrígano a dicir que si que está de acordo vostede. Porque está claro que quen fai eses mapas da autovía non os fai desde aquí, eses mapas fanse desde Madrid, fannos desde Madrid. Os mesmos que falsifican os másteres deben ser os mesmos que fan as autovías, debe ser que manexan, manexarán mapas anteriores aos anos setenta para ter actualizadas as infraestruturas rodadas. Vostede seguro que non quería isto, pero fanlle tragar con esa infraestrutura porque non lle queda máis remedio, non ten autoridade como presidente da Xunta para facer valer unha cuestión que é lóxica, que non se poden meter 1.200 millóns de euros... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...con esa finalidade... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: Non ten esa autoridade.

Tampouco a ten —e esa é a razón do seu silencio— para poder explicar as cousas que afectan o conxunto da cidadanía, ¿por que ese desperdicio de 1.200 millóns de euros? Nin para fóra nin para dentro, para facer tampouco valer a súa autoridade coas cousas que prexudican o conxunto da cidadanía. E por iso garda silencio coas infraestruturas e garda silencios cómplices, tamén, das cousas que pasan no seu partido.

Por iso vostede non pode denunciar... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e non pode pedir nese caso a dimisión, por exemplo, do alcalde de Palas de Rei, que está condenado por prevaricación, que está condenado por acoso a unha funcionaria... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e que segue aí porque vostede non é quen de levantar o seu silencio para facelo.

Como tampouco é quen de levantar o seu silencio para explicar por que hai uns meses concedeu unha medalla a un Fernández Albor que levaba tres anos sen ir traballar, unha medalla ao traballo... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...a un Fernández Albor que levaba tres anos sen traballar... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, por favor. *(Murmurios.)*

Silencio. *(Murmurios.)*

¡Silencio, por favor!

O señor VILLARES NAVEIRA: E o que facían, única e exclusivamente... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Logo responde o presidente.

Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...era aquilo ao que vostedes se dedican... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...única e exclusivamente a comprar... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

Responde o presidente.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e a vender silencios. Iso era o que compraban con esa medalla e iso era o que compraban con ese salario, o presidente da Xunta antigo, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡que feísimo! O feo era, señora deputada, reunirse en Portugal... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...cos capos do narcotráfico galego... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e despois, aínda a día de hoxe, recibir unha medalla por eses feitos. Un silencio que o converte a vostede en cómplice, igual que o converte a vostede en cómplice... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)* Silencio.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...doutro delito... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio. *(Murmurios.)* ¡Silencio!

O señor VILLARES NAVEIRA: ...do que xa lle pedimos explicacións aquí... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio! *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...e do que vostede aínda non deu explicacións. *(Murmurios.)* ¿Que delegado do Goberno lle pasou a vostede as fotos co seu amigo narcotraficante Marcial Dorado? *(Murmurios.)* Esa situación é o encubrimento dun feito delituoso que é a revelación de secretos que están baixo sumario. Está vostede encubrindo os delitos dentro do seu partido.

¿Quérenos explicar por que fai iso e por que razón non pode dar explicacións nesta Cámara ás preguntas que se lle fan nin en relación cos 1.200 millóns de euros nin en relación cos seus silencios cómplices? Dígolle o porqué. Porque o día que vostede pretenda levantalos...

O señor PRESIDENTE: Remate, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: ...haberá outros que sexan os que igual que exercen a autoridade a golpes nos martelos nos discos duros, igual que exercen a autoridade a golpe de revelar as súas fotos con Dorado... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Remate xa, señor Villares.

O señor VILLARES NAVEIRA: Serán os que revelen os seus silencios incómodos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor VILLARES NAVEIRA: Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villares.

(Murmurios.)

Silencio, por favor. Silencio.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Moitas grazas.

Señor Villares, laméntoo. Fixo vostede unha pregunta equivocada pero respectuosa, e na réplica acabamos de coñecer, realmente, como é vostede. Si, como é vostede. E preocúpanos, pero non nos preocupa como deputado —que iso non nos preocupa nada—, preocúpanos porque vostede ten unha serie de responsabilidades que é imputar delitos de forma continuada valéndose da súa inviolabilidade. É lamentable para calquera deputado da Cámara, pero para alguén que intenta impartir xustiza é para facer reflexionar ao respecto. ¿É correcta a lexislación española en relación con estes asuntos?

Vostede cando definitivamente se vaia desta Cámara, ¿vainos dar garantías de que vai respectar a presunción de inocencia da xente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Unha persoa que calumnia e inxuria de forma continuada e constante, incluso a persoas que cumpriron cen anos, ¿é capaz, realmente, xa non de representar os galegos —que, na miña opinión, en ningún caso— senón ademais de impartir algo tan fundamental como é a xustiza? Debería vostede revisar as actas daquela sesión onde deputados que pertencían a unha adscrición ideolóxica parecida á súa —porque vostede xa non ten ningunha—, como o señor Geluco ou o señor Camilo Nogueira, con que respecto trataron o presidente da Xunta. E vostede acaba de mancillar outra vez a biografía dun presidente da Comunidade Autónoma. *(Aplausos.)* Eu xa estou acostumado a isto, señoría, *(Aplausos.)* pero creo que o señor Albor non merece este tipo de comentarios; sobre todo este tipo de terxiversación da verdade, da realidade e da historia.

Remítome a ese *Diario de Sesións* de toda a oposición, que puideron dicir que o señor Albor pecara de inxenuidade, pero nunca admitiron ningún tipo de responsabilidade do señor Albor. Mire, aínda que vivira vostede dúas vidas non lle chegaría á altura da dignidade do presidente Albor. *(Aplausos.) (O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

Non, non, *(Aplausos.)* xa sei, señor Villares, *(Aplausos.)* que no seu grupo isto non é normal. Xa sei que no seu grupo ninguén defende a ninguén. ¿Vostede quere que eu lle fale diso? Non. *(Risos.)* Señor Villares, non me utilice a min para resolver os problemas de falta de autoridade que ten no seu grupo.

Seguimos observando con moita meticulosidade como van os acontecementos e como vostede sobe enteiros cada día en credibilidade, en rigor e en liderado. Animamos a que prosiga esta escalada ata o infinito.

Señor Villares, vostede é un portavoz da oposición único —e de verdade que non vou entrar nese asunto, non mo tome por aí—, digo que vostede é único porque é o primeiro portavoz da oposición que está en contra de facer investimentos na Comunidade Autónoma. Estivo en contra do tren de alta velocidade e agora está en contra dunha autovía que vertebra o territorio. ¡É algo sorprendente!

Oia, ¿por que facemos unha autovía entre Lugo e Santiago se o que podemos é utilizar a autovía que vai de Lugo á Coruña e desembocar nunha das partes e vir ata Santiago? ¿A que lle parece a vostede fatal que por Melide, que por Arzúa, que por Palas pase a autovía? ¡Se é innecesaria! *(Murmurios.)* Recórdame vostede un responsable de Cidadáns que veu por aquí o outro día e lle preguntaron se estaba de acordo co AVE a Galicia. E dixo: nós non estamos en contra do AVE a Galicia, pero o que hai que facer é un tren realmente que una as cidades galegas antes de facer o AVE a Galicia. Pero, señorías, ¡se ese tren está inaugurado hai tres anos! *(Murmurios.)* E a alternativa de transporte público, a autoestrada de peaxe, está inaugurada hai tres anos. Ten vostede o mesmo interese por Galicia que os señores de Cidadáns, señor das mareas.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo): Pero alá vostede, señoría, *(Aplausos.)* ¡alá vostede! *(Aplausos.)* Cada un é reo do que di e propietario do que cala. Eu prefiro calar.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor presidente.

(Aplausos.)

Continuamos coa orde do día no punto 4.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e once deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller

O señor PRESIDENTE: Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei que quedará redactada co seguinte contido:

«1.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a promover a reforma da Lei da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia 4/2016, de 4 de abril, para que a Xunta poda defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller, mediante a excepción da necesidade do acordo previo do Consello da Xunta de Galicia para o exercicio de tales accións.

2.- O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Goberno de España para proceder ao recoñecemento do "mobbing maternal.»)

(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:

«O Parlamento de Galiza insta á Xunta de Galiza a:

a) promover as reformas legais oportunas para que a Xunta poda defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada da discriminación por razón de sexo ou por razón do exercicio dos dereitos de conciliación. Así mesmo, a presentar no Parlamento Galego un informe anual dos resultados desta actuación.

b) intervir con carácter inmediato no caso de acoso e psicoterrorismo da empresa Autobuses de Calo (HEDEGASA S.L.), adxudicataria da Xunta de Galiza, contra a traballadora Nélida Pisco, recoñecido xudicialmente. »)

(*O G. P. de En Marea, por iniciativa da deputada Paula Quinteiro Araújo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

Emenda de modificación.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo seguinte:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a promover as reformas legais oportunas para:

1.- Garantir a non discriminación das mulleres, só por razón de xénero, en todas as súas instancias, organismos, entes públicos e axencias de xeito real e efectivo, con medidas que garantan a igualdade de salario e igualdade de promoción así como o acceso aos postos de responsabilidade, altos cargos, na creba do teito de cristal que se ve en todas as institucións e facilitando o seu acceso en igualdade de condicións e méritos.

2.- Garantir e asegurar a defensa dos dereitos das vítimas, procurando a asistencia integral con asesoramento psicolóxico e o acompañamento nos xulgados ata a finalización do procedemento, así como o asesoramento laboral, penal e procesual das vítimas de violencia contra a muller poñendo todos os medios económicos e humanos a disposición das mulleres e as súas crianzas e axudando a paliar ata erradicar a violencia contra as mulleres.

3.-Garantir e asegurar o exercicio das accións laborais, penalizando as empresas que incorran en discriminación laboral das mulleres embarazadas, nais, etc.. coas seguintes medidas:

-Perda de contratos coa administración pública.

-Retirada de subvencións e/ou bonificacións.

- Inspeccións, cada 6 meses, a empresas/ empresarios/as reincidentes na vulneración de dereitos das mulleres, para levar adiante as sancións correspondentes. - Obrigatoriedade de plans de igualdade e informe de execución anual.

- Plan específico de control de mulleres en cada empresa pola inspección de traballo e cantas retornan con normalidade aos postos de traballo.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado.

Cando queira.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Conciliación, corresponsabilidade... *(Murmurios.) (Pausa.)* —grazas— e igualdade son palabras que pronunciamos con moita frecuencia. Todos somos conscientes da importancia de dotar a sociedade de recursos de conciliación e de adoptar medidas que garantan e favorezan a corresponsabilidade. O certo é que constantemente estamos deseñando políticas para conseguir a plena igualdade, pero tamén é a nosa obriga poñer en marcha medidas que impidan ou sancionen a discriminación.

Moitos dos dereitos que desfrutamos hoxe as mulleres son froito dunha loita incansable pola igualdade real entre homes e mulleres. É unha realidade que a igualdade legal xa existe, aínda que máis cuestionable é que teñamos acadado a igualdade real, sobre todo no que respecta no ámbito laboral. Os datos de emprego feminino avalan que en Galicia levamos anos avanzando cara a unha maior participación das mulleres no mercado laboral.

Hoxe en Galicia a afiliación das mulleres é maior que en abril do ano 2009, un 1,6 %; hoxe en Galicia o peso da afiliación feminina é o maior de todas as comunidades autónomas, porque aquí máis do 48 % das afiliadas á Seguridade Social son mulleres, e en España é o 46,28 %, dous puntos por debaixo da nosa comunidade autónoma, e na época do Bipartito estabamos nun 42,16 % e o 45,27, oscilando neses anos.

Hoxe en Galicia oito de cada dez mulleres ocupadas teñen un traballo a tempo completo. Hoxe en Galicia sete de cada dez mulleres teñen un traballo con contrato indefinido. E en Galicia a desviación salarial entre xéneros é inferior á media de España, un 21,98 %, somos a sexta comunidade coa fenda máis baixa.

Hoxe en Galicia máis do 60 % das ocupacións técnicas e profesionais de contido científico ou intelectual son de mulleres, o 60,4 %, 4 puntos máis que a media nacional. Hoxe en Galicia temos 12.300 mulleres en postos de dirección e xerencia, un 31,4 %. Por suposto que é un obxectivo máis baixo do que pretendemos, pero o que está claro é que son 2.600 mulleres máis en postos directivos que hai cinco anos. Case o 50 % das contratacións do ano pasado foron de mulleres, un 47,62 %, e, o máis importante, o 72 % das contratacións indefinidas son tamén de mulleres.

Señorías, como ven, todavía quedan retos por conseguir, todavía temos moito traballo por diante. E a pesar de que as mulleres se teñen incorporado plenamente ao ámbito público, encontramos que non hai a mesma simetría con respecto aos homes. Os homes non se incorporaron na mesma medida aos traballos de coidado da familia, de coidado dos menores e dos traballos domésticos.

Só temos que botar unha ollada ao número de solicitudes de redución de xornada por coidado familiar de homes e mulleres, un dato que segue sen variar en España respecto de anos anteriores en excedencias. En excedencias por coidado de fillos, fillas e menores e familiares en 2017 o 90,57 % destes permisos laborais foron solicitados por mulleres. Un dato máis que corrobora que actualmente as responsabilidades familiares e a economía dos coidados segue recaendo nas mulleres.

Por iso, señorías, mentres non revertamos esta situación —temos a obriga de facelo, hai que poñer medidas para facelo, estanse poñendo en marcha políticas para favorecelo— as nais traballadoras son un colectivo que require un especial grao de protección legal para evitar que por razón do seu embarazo, permiso de maternidade e demais dereitos derivados diso poidan ser obxecto de discriminación laboral, acoso ou despedimento.

Tanto a baixa de maternidade como o risco durante o embarazo son situacións que afectan de modo exclusivo as mulleres. Tendo en conta que estes permisos son absolutamente maioritarios por parte das mulleres, en exclusiva a prestación por risco no embarazo, por iso temos a obriga de intensificar a protección deste dereito, a non discriminación, a garantir a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

A doutrina do Tribunal Constitucional é moi clara e considera que o embarazo é un elemento diferencial como feito biolóxico incontrovertible que incide de forma exclusiva sobre as mulleres, e supón a protección da condición biolóxica e da saúde da muller traballadora, que ten que ser compatible coa conservación dos seus dereitos profesionais. De tal forma que calquera minusvaloración ou prexuízo causado polo embarazo ou a maternidade constitúe un suposto de discriminación directa por razón de sexo.

Señorías, as condutas empresariais non poden vulnerar o dereito a non sufrir discriminación por razón de sexo e que non se produza prexuízo ningún ás mulleres pola súa condición de mulleres, polo embarazo ou pola maternidade. Ser nai non converte unha traballadora en menos conveniente aos intereses dos empresariados, en peor traballadora ou en menos comprometida.

A nosa lexislación actual é moi clara respecto da situación de acoso laboral e sobre todo respecto da protección da maternidade, especialmente nos contornos de traballo. Polo tanto, a normativa é determinante á hora de regular como delito o acoso ou o denominado *mobbing* maternal, desde os tratados internacionais ata a lexislación estatal, pasando polo Estatuto dos traballadores, polas diferentes leis específicas e a propia Constitución, por suposto. E todas as leis, tanto estatais como galegas, relativas a temas de igualdade promoven unha exixencia de cumprimento dos principios de igualdade de xénero e as que impulsan o traballo en igualdade das mulleres do Estado e de Galicia. Por tanto, coa actual lexislación vixente abonda unha normativa que protexe e, se é o caso, penalice as graves situacións ocasionadas polas situacións de acoso ou *mobbing* maternal. Ademais, cómpre lembrar que a Inspección de Traballo persegue todo tipo de infracción da lexislación laboral.

Desde o Grupo Parlamentario Popular queremos dar un paso máis e implicar a Xunta de Galicia como garante do cumprimento da lexislación vixente no ámbito penal e que poida exer-

cer a acción penal nos xuízos polos delitos de discriminación derivada por razón da maternidade. O artigo 314 do Código penal castiga os que produzan unha grave discriminación no emprego contra algunha persoa por razón, entre outras, da súa situación familiar, extremo no que se pode entender comprendida a situación de maternidade.

Pois, señorías, para que a Administración autonómica poida exercitar a acción penal nestes casos, é necesario que isto teña rango legal. Por tanto, é precisa unha modificación da nosa lexislación para permitir que a Xunta de Galicia se poida personar como acusación popular ou particular nestes supostos. A Lei de axuizamento civil, no artigo 109 *bis*, que foi aprobado coa Lei 4/2015, do 27 de abril, do Estatuto da vítima do delito, establece esa posibilidade: «*La acción penal tamén podrá ser ejercitada por las asociaciones de víctimas y por las personas jurídicas a las que la ley reconoce legitimación para defender los derechos de las víctimas, siempre que ello fuera autorizado por la víctima del delito*».

Pois ben, temos como precedente a Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, que regula o exercicio da acción popular pola Administración autonómica nos casos de violencia de xénero, no artigo 30. E, en particular, cabe resaltar que a lei galega, agora que está refundida no Decreto lexislativo 2/2015, xa recolle prevencións referentes á loita e á discriminación laboral por razón da maternidade. E xa no artigo 1 vemos o compromiso coa eliminación da discriminación entre mulleres e homes e na promoción, atribuíndolle unha maior efectividade posible no campo das súas competencias ao principio constitucional de igualdade de oportunidades.

Pois ben, señorías, o concepto de discriminación inclúe expresamente o trato menos favorable a unha muller en relación co embarazo ou o permiso por maternidade no seu artigo 2.5.c). Tamén o artigo 63 deste decreto lexislativo recolle o principio de erradicación do acoso moral por razón de xénero.

Por tanto, a protección da muller fronte a todo tipo de discriminación e, en particular, fronte á discriminación en relación coa maternidade é un principio que se considera normativamente como un compromiso fundamental para a Administración autonómica. Por tanto, con esta iniciativa que recollemos nesta proposición non de lei que presenta hoxe o Grupo Parlamentario Popular propoñemos unha reforma lexislativa que reforce este compromiso da Administración autonómica e permitir á Xunta de Galicia defender os dereitos das vítimas —sempre autorizada por elas, por suposto— a exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Bo día a todos e a todas.

Ben, desde o Bloque Nacionalista Galego, con sinceridade, quereriamos ver esta iniciativa como un reflexo de que o Partido Popular, despois da histórica mobilización do feminismo en Galiza o 4 e o 8 de marzo, chegou a algún tipo de reflexión e quere poñer enriba da mesa a súa vontade para avanzar. Quixeramos velo neste sentido, pero, a verdade, do que levamos visto despois deste mes non nos parece que estean vostedes coa responsabilidade e a ambición suficiente diante dos retos que temos todos e todas.

Permitir a defensa dos dereitos das vítimas no ámbito penal para nós é unha cuestión importante. Quero que isto quede claro enriba da mesa e que en absoluto desmerecemos esta proposta. Pero nós pensamos que hai un problema de fondo que non podemos ignorar e que non podemos deixar atrás tampouco na axenda política, que é a ausencia da Xunta de Galiza na fase anterior á xudicialización, na que a muller é discriminada e precisa asesoramento, precisa apoio, precisa acompañamento. Nós tempos proposto recentemente propostas enriba da mesa para reforzar ese ámbito que para nós, no ámbito da igualdade e no ámbito laboral, está quedando cativo, como sería pois unha valedoría da igualdade, para facer cumprir ese marco legal que, sen dúbida, é ambicioso e importante pero que moitas veces temos infrautilizado e queda na teoría, queda no papel e non na práctica.

Por iso séguenos faltando esa parte previa na que notamos unha ausencia importante. Porque o certo é que cando unha muller chega xa á parte da xudicialización pois está xa en moitos casos empoderada, xa tivo un asesoramento vía sindicato ou vía privada ou vía de oficio importante. Polo tanto, gustaríanos que houbera un maior esforzo na parte previa, porque aí entendemos que é onde quedan moitas persoas sen dar ese paso.

Falaba vostede, señora Prado, de medidas que impidan e sancionen esa discriminación. Para nós faltan medidas para impedir e tamén faltan medidas para sancionar. Nese sentido, xa que o Bloque Nacionalista Galego non ten representación no Congreso e vostedes recórdano constantemente nesta Cámara, pois eu non podo deixar de instalos unha vez máis, tanto a vostedes como aos grupos da oposición, a que neste contexto político de falta de maioría absoluta do señor Mariano Rajoy dunha vez, antes de que acabe a lexislatura, haxa sancións económicas ás empresas vía reforma legal estatal.

Nós emendamos con dúas cuestións. A primeira, propoñemos estender a acción da Xunta máis alá dos casos de discriminación por maternidade. Nós entendemos que a maioría dos casos veñen motivados, directa ou indirectamente, por esa maternidade e precisamente moitas veces é no proceso xudicial onde se demostra que a causa última foi esa maternidade. E pensamos que debemos ter un campo de mira a priori máis amplo, sen desentendernos desa complexidade e maioritariamente eses casos de maternidade. Pensamos que ese artigo 314 do Código penal, que vostede mesma citaba, dá un abano máis amplo e que deberiamos ir a por ese e non limitarnos á cuestión da maternidade.

En todo caso, queremos poñer o acento tamén noutra cuestión. A nós parécenos moi ben que vostedes veñan con esta proposta, pero entendemos que deberían aplicarse un pouco o conto. Porque, a verdade, ¡que vostedes nos veñan dicir que é importante que a Xunta de Galiza se sume na acción penal! cando, primeiro, son moi poucos casos os que chegan a esa acción penal e cando vostedes teñen exemplos coñecidos polo señor presidente da Xunta de

Galiza, polo señor conselleiro de Emprego, pola señora conselleira de Infraestruturas, pola señora secretaria xeral de Igualdade, pola Dirección Xeral de Mobilidade, exemplos sentenciados polo Xulgado do Social, exemplos con actas e con mandatos da propia Inspección de Traballo, exemplos de sobra demostrados, como o de Nélida Pisco, no que lles pedimos unha vez máis nesta Cámara que se impliquen, e vostedes non fan absolutamente nada, miran para outro lado, e, por riba, premiaron con máis concesións esa empresa que vulnerou directamente os dereitos dunha muller por exercer a súa maternidade. *(Aplausos.)* Esta muller xa está en vía penal. Hai máis dun ano, cando trouxemos este caso a esta Cámara, esta muller estaba iniciando a complexa vía penal. Aínda teñen vostedes a oportunidade, o caso aínda non está visto para xuízo, aínda non está fixada esa data e teñen vostedes aínda unha oportunidade para rectificar con este caso e con moitos outros.

Porque está moi ben que veñan aquí coa súa boa moral conservadora propoñernos unha medida que, desde logo, non queremos desmerecer, pero tamén estaría ben que se aplicaran un pouco o conto, xa non en todo o que poden facer exercendo o ámbito competencial que xa teñen para a fase previa de evitar discriminacións e interceder en fases anteriores ao proceso xudicial. Pero no que teñen enriba da mesa, e incluso a señora Prado Cores, nunha interpelación coa secretaria xeral de Igualdade, facilitou un *dossier* e facilitou un número de teléfono sobre este caso, non fixeron absolutamente nada sobre unha empresa que depende directamente da Xunta de Galiza.

Polo tanto, non podemos deixar de sentir un sabor agridoce...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...diante de iniciativas coma esta, diante das que nós poñemos toda a nosa boa vontade para melloralas, pero entendemos que a actitude por parte do Goberno galego non é fiable nin está sendo garantista.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Vilán.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Bo día.

«O Goberno aposta en cada período orzamentario por incrementar os recursos de conciliación dispoñibles para os galegos e galegas», di literalmente esta iniciativa, coa que nós podemos concordar na súa última finalidade, pero a verdade é que os datos, señora Paula Prado, que vostede deu aquí, cando un recorre á EPA de decembro do ano 2017 —é dicir, datos oficiais—, o que se di é o seguinte: que España é o segundo país da Unión Europea con maior taxa de desemprego feminino —gáñanos Grecia—; que temos unha fenda salarial en Galicia —xa datos en Galicia— entre mulleres e homes de máis dun 20 %; que a taxa de tempora-

lidade nas mulleres subiu do 24,1 % no 2013 ata o 28,7 % no 2017; que neste último ano hai 4.300 asalariadas temporais máis fronte a 3.200 indefinidas máis; que ser muller, e sobre todo muller menor de 30 anos —que entraría dentro desta iniciativa da que vostedes falan, porque, evidentemente, só abarca unha parte das mulleres que están pola súa condición vital en condición de ser nais—, está ligado á temporalidade.

No ano 2017 o 63,7 % das mulleres menores de 30 anos tiñan un contrato temporal. Nas asalariadas no sector privado nas menores de 30 anos tamén se incrementou a taxa de temporalidade. Se no ano 2014 tiñan unha relación laboral temporal o 24,5 %, no 2017 foron o 29,1 %. No pasado mes de marzo houbo en Galicia 24.000 mulleres máis que homes en situación de desemprego e as solicitudes dos permisos de maternidade ascenden a un 97,78 % para as mulleres.

Con estes datos, señora deputada do Partido Popular, a verdade é que nós cremos que hai un problema moito máis importante que o que vostedes hoxe nos traen aquí, que tamén é importante. Pero hai un problema de base que orixina precisamente o que vostedes hoxe nos traen aquí.

O certo é que do que se trata —cremos nós— é de crear unha lexislación concreta para eliminar todos os roles de xénero e a discriminación por maternidade. E hai varias solucións. Non lles imos pedir que adopten esa solución das grandes orquestras, que é pechar o telón para que as que van ser elixidas e os que van ser elixidos como novos e novas músicas non sexan vistas polo tribunal e así se elixa tanto mulleres coma homes, porque, evidentemente, no caso do traballo é bastante complicado facer iso. Pero si lles pedimos, por exemplo, que recorran a algo que solucionaría o problema de base e que evitaría ter que ir a xuízo, que é ao que vostedes se refiren nesta iniciativa, e é equiparar o tempo de permisos de paternidade e maternidade, e solucionariamos en boa parte o problema.

Ese parche de ampliación de catro a cinco semanas do permiso de paternidade que o señor Rajoy ten pactado co señor Rivera dentro dos orzamentos xerais do Estado para o 2018 non é máis que iso, é un parche. E non sabemos se esas semanas son ou non obrigatorias, e non son transferibles e non son continuas, non sabemos se son continuas ou non, non se poden partir en varios períodos, nin sequera de metade e metade. Vostedes non aceptan ir incrementando, por exemplo, ese permiso de paternidade progresivamente cada ano ata chegar á equiparación absoluta, non o aceptan.

Está ben esta iniciativa, pero vostedes mesmos son conscientes de que agora mesmo o Goberno da Xunta se pode personar como acusación particular en delitos públicos, é dicir, que comezan de oficio. En todos os delitos de asasinatos de mulleres o Goberno xa está personado, a Xunta de Galicia xa está personada como acusación particular. Pero hai un problema básico de doutrina con relación aos delitos semipúblicos, previa denuncia da vítima, que sería precisamente este caso. Se as mulleres que están nesta situación non denuncian, vai ser moi complicado, por moito que se cambie —e veremos como se cambia a lexislación—, esa opción.

En todo caso, dentro do que está na nosa competencia, sería tan fácil como exceptuar, por exemplo, a posibilidade de que os letrados da Xunta de Galicia se persoen nos preitos sen

necesidade de que pase ese filtro previo do Consello da Xunta; é dicir, como unha excepción á norma xeral que establece a Lei da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia, do ano 2016, que se aprobou aquí, que vostedes promoveron e que non se acordaron naquel momento desta posibilidade; agora si, quizais —como dicía antes a voceira do BNG— por esas rémoras que lles veñen á cabeza do día 8 de marzo.

Vostedes gobernan en Madrid, vostedes teñen grupo parlamentario propio no Congreso e no Senado, no Senado por maioría absoluta. Pídanlles vostedes alí que fagan o mesmo que piden aquí, pero que o fagan eles, que o pida o grupo parlamentario, os grupos do Congreso e do Senado, e que o faga o Goberno do señor Mariano Rajoy.

E tamén reformen aquí a lexislación que nos compete a nós. Acepten a nosa emenda, promovan a modificación da Lei da Asesoría Xurídica da Xunta e ademais diríxanse ao Goberno de España para que recoñeza este *mobbing* maternal, porque realmente o acoso laboral ao que se refire o Código penal non encaixa sempre nesta idea de *mobbing* maternal, que é moito máis ampla que o acoso laboral do que fala o Código penal.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora VILÁN LORENZO: Pola nosa banda, nada máis. Agardamos que sexa aceptada a emenda.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Bo día.

Grazas, presidente.

Debatemos hoxe unha iniciativa que está máis centrada nas discriminacións relacionadas coa maternidade, pero nós tamén queriamos recalcar que, obviamente, e como xa foi mencionado, este é un exemplo máis de todas as desigualdades que padecemos as mulleres. Por iso nós entendemos que, sempre que falamos de calquera cuestión de igualdade, debemos remitirnos ás causas estruturais que fan e que permiten que estas situacións se dean.

Non vou reiterar os argumentos dados polas voceiras dos outros grupos parlamentarios acerca dos datos que obviamente verifican esta situación tremendamente inxusta, que todas coñecemos, porque creo que é máis importante centrarnos nas propostas que entendemos que debemos facer para solventar esta situación.

Xustamente neste sentido facemos unha emenda porque entendemos que a solución ao problema debería ir orientada doutra maneira, polas seguintes cuestións. En primeiro lugar, porque entendemos que debemos ampliar o marco, como dicía, non só centrarnos na dis-

criminación que sufrimos as mulleres polas cuestións relacionadas coa maternidade. Isto non quita, obviamente, que pensemos que esta cuestión é importante por si mesma, pero entendemos que é mellor sempre ter unha perspectiva máis ampla e transversal e falar de todas estas causas que están relacionadas, porque moitas veces estas discriminacións tamén poden darse, por exemplo, coas coidadoras de familiares maiores. Ao mellor non temos que agardar tanto tempo a que nas entrevistas de traballo, ademais de preguntarnos se temos parella e se pensamos ser nais, nos pregunten sobre a saúde dos nosos pais, das nosas nais ou incluso dos nosos sogros. Creo que hai que ampliar este marco, porque, en realidade, estamos neste punto porque se segue entendendo que as mulleres somos as que maioritariamente seguimos coidando.

E, por outra banda, tamén quería aclarar que non é que esteamos en contra do que se plantexa, pero parécenos que non temos que actuar unicamente só na parte final do problema e centrarnos nas accións penais.

Emendamos tamén porque nos parece unha redacción un pouco ambigua, que entendemos que debería concretarse máis, pero, sobre todo, como dicía, porque entendemos que debemos encadrar todas estas cuestións nun abano máis amplo de medidas. Temos chegado a acordos neste sentido en moitas ocasións, pero moitas veces vemos que o que poñen os propios papeis, a propia lexislación, despois non se corresponde coa realidade. Por iso nós entendemos que temos que incidir nos elementos de obrigatoriedade que tamén existen e facer sobre todo que se cumpran, ser máis exhaustivos cos controis dos plans de igualdade, cos protocolos, etc., e con todas estas cuestións.

Non vou estenderme moito máis nas medidas que propomos, porque entendía que hai que falar de dous temas que eu considero que están moi relacionados e que pode parecer que non están xustamente vinculados con este tema, pero que na nosa opinión si que o están. E explícome. Por unha parte, creo que debemos lembrar tamén as reformas laborais, porque isto tamén é un dos motivos que fai que sexa máis barato para as empresas despedir traballadoras por exemplo que queden embarazadas. Como se comentou, é evidente que durante o propio embarazo hai algunhas cuestións que só nos afectan ás mulleres, por unha cuestión biolóxica, pero tamén quería incidir en que estas baixas son en xeral menores, son máis curtas. Hai moitas mulleres, como sabemos, que continúan traballando con total normalidade ou adáptase o posto de traballo ata case que se sae de contas. En relación coas baixas ou cos permisos que se dan unha vez dado o parto, que, como dicía, entendemos que esta é a razón principal de que moitas empresas exerzan este tipo de discriminación por ser nais. Enténdese que as mulleres, despois de dar a luz, imos ter eses meses de permiso de paternidade e de maternidade.

E por isto neste sentido nós entendemos que non podemos actuar só, como digo, neste último elo da cadea, que tamén, que entendemos que tamén é necesario. Pero tamén é importante facer que as empresas entendan que a maternidade non nos penaliza en ningún caso. Somos mulleres, como dicía, e esas baixas, esas cuestións biolóxicas previas ao parto, que son menores, hai moitas mulleres que traballan con total normalidade durante o embarazo, non obstante, sabemos que os permisos de maternidade e paternidade nestes momentos non están equiparados. E de aí esta proposta de equiparar, de que sexan 100 % remunerados

e que non sexan transferibles, para que as empresas entendan que contratar unha muller ou contratar un home vai ser indiferente, porque, como digo, no embarazo —e todas as empresas o saben— é moi fácil adaptar o posto de traballo á muller embarazada. O que pasa é que saben que despois veñen uns meses onde os pais poden volver incorporarse ao mercado laboral de inmediato e as mulleres, non obstante, imos ter eses meses de permiso.

Non quería deixar de lembrar antes de rematar o mandato que escoitamos este pasado 8 de marzo. As mulleres déronnos un mandato claro: queremos políticas públicas claramente feministas. E, neste sentido, eu quería lanzar unha mensaxe que tamén lancei na Comisión de Igualdade pasada, que é: pola nosa banda, nós tendemos a man, poremos todo o esforzo e o noso traballo para conquerir en Galicia un pacto verdadeiramente feminista, porque entendemos que é o que nos están demandando fóra, un pacto que contemple garantías orzamentarias, que contemple garantías temporais para a súa aplicación, e por iso entendo que este debate deberiamos telo —e seguramente o teñamos— nun marco máis amplo, de maneira sosegada e calmada, porque obviamente temos que pór solución a esta cuestión específica, pero non podemos olvidarnos dese marco máis xeral. Porque, como dicía, seguramente non falte tanto para, sobre todo nun país como o noso, onde o envellecemento da poboación é un ente claro, que nos pregunten se os nosos pais, as nosas nais en que condicións están, se imos coidalos na casa, se imos metelos nunha residencia ou se temos sogros ou sogras.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Por suposto —xa vou rematando—, a maternidade é unha cuestión que penaliza. Podemos pór medidas para que isto se minimice dunha maneira moi clara, pero pensemos en todas esoutras formas de discriminación.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Quinteiro.

Antes de pechar este debate coa intervención da señora Prado, permítanme. Hoxe é unha satisfacción: temos a tribuna chea de xente nova. Acompáñannos alumnos de 1º de ESO do Instituto das Mariñas, de Betanzos (A Coruña), e tamén os do Colexio Ludy, de Ferrol, que son alumnos de 5º e 6º de primaria. Saudámolos, benvidos ao Parlamento. Tamén aos profesores. Grazas.

Agora si, señora Prado, cando queira.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

O Grupo Parlamentario Popular tamén lles dá a benvida a estes pequenos visitantes.

Sobre as emendas dos grupos da oposición, dicirlle, señora Presas, que vostede di que a muller necesita apoio e asesoramento previo á situación xudicializada. Vostede está minusvalorando o traballo das avogadas e as asesoras xurídicas dos 83 centros de información á muller que están espallados por toda Galicia, porque aí se fai un labor importantísimo tamén

de asesoramento. Pode ser que non sexa tan especializada como a laboral, pero si teñen a posibilidade de derivar a muller ao recurso que precise.

Eu xa sei que o Bloque Nacionalista Galego non está de acordo cos centros de información á muller, porque dende o ano 1995, en que foron creados por un goberno do Partido Popular, só estiveron en risco de extinción co Goberno bipartito, que foi o único que quixo pechar os CIM, poñendo unha rede paralela para colocar os seus afíns, e non o digo eu, que o dixo a CIG, e a CIG non é sospeitosa de ser precisamente do Partido Popular.

Por tanto, efectivamente, hai unha rede espallada por toda Galicia de asesoramento e apoio ás mulleres que sofren discriminacións e acoso, porque os CIM non só están para a violencia de xénero, señora Presas: os CIM están para moito máis que para atender vítimas de violencia de xénero. E vostede debería sabelo. Se non o sabe, eu recoméndolle que fale con elas e que lle expliquen o seu traballo do día a día.

Vostede di que a nosa iniciativa ten que ser máis ampla. É que mire, é que vostede coa emenda que presenta suprime a nosa iniciativa, porque é unha emenda de substitución e, se eu acepto a emenda do Bloque Nacionalista Galego, estamos impedindo que se produza esa reforma legal que estamos propoñendo. Si, señora Presas, lea con atención a súa emenda, porque a súa emenda o único que pide é iso, para delitos de discriminación en razón do exercicio dos dereitos da conciliación e logo intervir con carácter inmediato no caso de acoso e psicoterrorismo. ¡Atención!, porque non hai terrorismo incendiario, pero hai psicoterrorismo. Está e unha palabra... *(Murmurios.)*

Grazas, señor presidente, por... Claro, é que están secuestrando a miña acción parlamentaria. *(Murmurios.)* *(Aplausos.)*

Digo, señorías, que vostedes pretenden que a Xunta participe nun proceso que está xudicializado e no que a Inspección laboral xa interveu, pero saíu deste asunto cando interveu o xuíz. E, loxicamente, cando unha cuestión está xudicializada, evidentemente a Xunta de Galicia non pode intervir, nin a Inspección de Traballo, como fixo nun inicio, que vostedes ben o saben, que nun inicio si que estivo a Inspección de Traballo.

Ao Partido Socialista dicirlle que, señora Vilán, vostede pide equiparar os permisos de paternidade e maternidade, pero é que este grupo xa presentou emendas a iniciativas da oposición pedindo precisamente esa equiparación e vostedes rexeitáronas. É que vostedes veñen aquí agora dicir que aceptemos cuestións que vostedes rexeitaron sistematicamente.

Agora a señora Quinteiro vénnos falar de consenso, de pacto. Señora Quinteiro, onte mesmo votamos unha moción de En Marea que tiña moitos puntos nos que estabamos a favor —polo menos seis puntos— e vostedes nin sequera nos deixaron votar por puntos. ¿Pero vostede fálame de consenso se vostedes non son nin sequera capaces de deixarnos votar por puntos unha iniciativa na que estamos de acordo nalgúns puntos? *(Aplausos.)* É que vostedes ¿a quen pretenden enganar? Eu hoxe non vou facer iso, porque eu sempre que vin aquí dixen que hai que deixar de usar a igualdade como arma arroxadiza política; vostedes utilízana constantemente, eu non o vou facer. Eu hai puntos das súas emendas

nos que coincido e vounos aceptar, non vou facer o que fan vostedes, que nin sequera nos deixan votar os puntos cos que estamos a favor.

Eu pídolles unha vez máis responsabilidade en materia de igualdade e que deixen que, polo menos, cheguemos a acordos naquilo no que coincidimos; no que non coincidimos, xa debateremos, xa falaremos, xa intentaremos achegar posturas, pero, polo menos, no que coincidimos eu pídolles responsabilidade e, polo menos, deixen que esta Cámara chegue a acordos por unanimidade na materia de igualdade, polo menos naquilo no que coincidimos. *(Aplausos.)* E nós...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: ...—si, señor presidente, só vou dicir no que estamos de acordo— se lles parece ben, propoñemos unha transacción que sería a nosa iniciativa e como engádega o punto 2 da emenda do Partido Socialista sobre *mobbing* maternal, que consideramos importante, aínda que se está negociando en Madrid cos axentes sociais. E tamén aceptariamos como engádega un punto a maiores, o punto 2 da emenda de En Marea, que di: «Garantir e asegurar a defensa dos dereitos das vítimas, procurando a asistencia integral con asesoramento psicolóxico e acompañamento nos xulgados ata a finalización do procedemento, así como asesoramento laboral, penal e procesual das vítimas de violencia contra a muller, poñendo todos os medios económicos e humanos á disposición das mulleres e as súas crianzas, e axudando a paliar e a erradicar a violencia contra as mulleres».

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Isto si que é pactar, isto si que é consenso. Faciliten vostedes que cheguemos a acordos en materia de igualdade, déixense de falar de cousas que non cumpren despois cando se propón un acordo por parte do Grupo Parlamentario Popular e cheguen a acordos que permitan que haxa acordos de igualdade na Cámara.

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo, señora Prado.

A señora PRADO DEL RÍO: Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Señora Prado, a ver se entendín ben. Vostede propón unha transacción, e o punto 2 da emenda do PSOE acéptao como de engádega, e tamén acepta como de engádega o punto 2 de En Marea. ¿Do Bloque, nada? *(Asentimento.)*

Grazas.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto

O señor PRESIDENTE: Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Marián García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de substitución.

Débese substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

1. Equiparar progresivamente os permisos de maternidade e paternidade de forma intransferible, incrementando o permiso de paternidade de cinco a sete semanas, co obxectivo de impulsar a corresponsabilidade na crianza e coidado de menores.

2. Implantar un permiso adicional de 4 semanas en caso de parto, para o persoal funcionario, durante o que se percibirá o 75% de todas as retribucións e que poderá desfrutar indistintamente unha ou outra persoa proxenitora.

3. Aprobar e presentar na Cámara galega, antes de que remate este ano, o Plan de Igualdade da Administración Xeral da Xunta de Galicia e dos seus organismos públicos.

4. Reforzar as medidas de impulso á implantación dos plans de igualdade nas empresas galegas, con especial atención as pemes.

5. Garantir a igualdade das mulleres e homes no acceso, mantemento e promoción no emprego, e neste sentido impulsar a incorporación e promoción das mulleres en traballos emerxentes no novo modelo produtivo.

6.- Demandar do Goberno do Estado:

a) A existencia dunha dotación orzamentaria suficiente para a posta en práctica das medidas contempladas no Pacto de Estado para a Violencia de Xénero.

b) Impulsar a modificación da lexislación de igualdade para promover a representación equilibrada entre homes e mulleres nos órganos de decisión e dirección colexiados das empresas, especialmente entre aquelas sinaladas nos artigos 45 e 75 da Lei orgánica 3/2007.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres.

A señora PIERRES LÓPEZ: Si, grazas presidente.

Bos días a todas e a todos.

Na igualdade, coma no deporte, canto máis se practica, máis axilidade se vai collendo e mellor se sente un. Os socialistas sabemos bastante de entrenar en igualdade e mesmo temos chegado a metas que para nós teñen sido moi importantes, pero cremos tanto na igualdade e a temos tan incorporada no noso día a día que queremos seguir practicándoa e marcando novas metas. Por iso hoxe voltamos traer unha iniciativa que fala de medidas para conquerir a igualdade efectiva entre homes e mulleres e que segue sendo necesaria mentres non demos os pasos suficientes.

¿Pero que é suficiente? Porque ata hai ben pouco o discurso do Partido Popular era de autocompracencia e de que todo nas políticas de igualdade se estaba a facer ben. E só a raíz do 8 de marzo e de todo o que supuxo ese día temos escoitado manifestacións como as da propia secretaria xeral de Igualdade hai soamente unha semana, confirmando que é tempo de acelerar os pasos. Parece que ela si que está disposta a mellorar a súa disposición a entrenar moito máis. Pois ben, tomámoslle a palabra, aceleremos os pasos e fagámolo en equipo, que é o desexo que penso que sempre amosou a oposición.

E para acelerar e facelo con cabeza é preciso quentar previamente e estirar axeitadamente o corpo, ter unha disciplina nos entrenos; isto é, conquerir que as medidas para a igualdade sexan postas en marcha en todos os ámbitos. E esta proposición fala de moitas delas, especialmente das dirixidas ao ámbito laboral e á mellora de oportunidades para as mulleres no acceso e mantemento do traballo, así como na súa promoción laboral.

Nesta iniciativa poñemos o foco primeiramente nos permisos de parternidade e de maternidade, e non é casual. Cremos firmemente desde o Grupo Socialista que a normalización da igualdade no acceso ao traballo e a presenza das mulleres nos postos de dirección e representatividade das empresas ten moito que ver con aquilo que social e laboralmente máis as sanciona, como son as baixas maternais, porque aínda a algunhas mulleres se lles pregunta nas entrevistas de traballo, vulnerando a Lei de igualdade e o seu dereito á intimidade, cuestións como se teñen intencións de ser nais, se se consideran capaces de liderar un grupo no que todos sexan varóns ou se se ven capacitadas para compaxinar traballo e vida familiar.

Este tipo de preguntas non son para nada unha preocupación cando se trata dun home. E, fíxense, este tratamento tan discriminatorio e, por suposto, ilegal da muller, ten incluso unha comparativa deportiva que pode resultarlles moi gráfica. ¿Vostedes coñecen algún caso de empresario ou empresaria ao que lle preocupe se o un home ao que van contratar xoga ao fútbol cos amigos no seu tempo de lecer ou fai *running*? ¿Saben cantos homes, por practicar deporte moitas veces por primeira vez aos 40 anos —e seguro que alguén se sente retratado—, teñen lesións de menisco, de rotura de tendón de Aquiles, de ligamentos, sufrindo incapacidades temporais que nalgunhas patoloxías poden ser de meses? Seguro que si os coñecen, e seguro que se lles vén algún amigo á cabeza.

A diferenza entre a baixa daquel que se lesiona no seu tempo de lecer pola práctica dun deporte e a da muller que ten unha baixa maternal é que a primeira é considerada polo empresario ou empresaria como unha faena para o lesionado, mentres que a baixa maternal se vive como unha faena para o empresario ou empresaria.

Este tipo de pensamentos son os que están normalizados socialmente. E enténdame ben, nós vemos que ambas as dúas cousas non deben ser nin sancionadas nin evitadas, porque nin practicar deporte nin o fomento da natalidade son unha faena, así como ningunha das dúas debera ser entendida, asimilada, nin fomentada en exclusividade por ningún dos dous sexos.

Por iso hoxe plantexamos nesta proposición non de lei levar a cabo as accións necesarias para acadar, dentro das competencias deste goberno, a necesaria equiparación na duración dos permisos de maternidade e paternidade do persoal público ao servizo da Administración autonómica a vinte semanas, independentemente do seu sexo, remunerándoos ao cen por cento e sen posibilidade de facelos transferibles entre os dous membros da parella. Pero entendo que o resto dos galegos e galegas non son menos importantes, e reclamámolo igualmente ao Estado para que active de inmediato esta equiparación e intransferibilidade dos permisos de ambos proxenitores.

Esta, sen dúbida, sería a medida que máis axudaría a equilibrar a igualdade no acceso ao traballo de homes e mulleres, así como a fomentar desde o primeiro momento a corresponsabilidade na crianza. E para que isto sexa factible insistimos na urxencia da súa posta en marcha.

Por suposto, é preciso tamén facer un recoñecemento do contexto empresarial galego que nos permita saber con detalle o grao de cumprimento da Lei orgánica 3/2007 para a igualdade efectiva das mulleres e homes, especialmente naquelas empresas e entidades de participación públicas galegas suxeitas ás obrigas marcadas polos artigos 45 e 75. Nese sentido, faise imprescindible a elaboración dun informe que reflicta non só o comentado, senón tamén coñecer se se están a aplicar os plans de igualdade nas empresas e en que número, así como, no caso de non telos vixentes, saber polo menos se se teñen iniciadas negociacións dos convenios colectivos que contemplen a elaboración dos ditos plans.

Plan de igualdade para a Administración pública e organismos dependentes, que xa non é unha urxencia, é unha emerxencia, porque vai para un ano que demandamos isto mesmo nesta mesma Cámara. Eu lembro perfectamente a discusión coa portavoz do Partido Popular, moi preocupada por non aprobar a emisión do informe que se solicitaba sobre o grao de cumprimento da Administración galega en materia de igualdade e a implantación do seu propio Plan de igualdade. Algo que non entendín moito no seu día porque estaba claro que ese informe ía ser moi breve; sería un folio en branco cun só título: non hai plan.

A verdade é que a día de hoxe si que a entendo, señora Míguez, porque vostede sabía entón que esa situación non mudaría nin sequera un ano máis tarde, porque, efectivamente, aínda tiña que inicialo. Non emitir ese informe brindáballe a oportunidade de non deixar rastro da desidia amosada ata o momento e do inevitable recoñecemento público da súa inacción.

Falaba hoxe o presidente de trolas do Partido Socialista. Vostede, de feito, ofertoume marcar un prazo de seis meses para a súa posta en marcha. Trolas, trolas, señora Míguez, porque hoxe non só nos queda claro que ese Plan de igualdade da Administración non estará para este período de sesións, senón que vostedes, ademais, tal e como plantexan na súa emenda, pretenden adialo para final de ano.

Para evitarlle caer en máis trolas, eu invítoo a que concrete o prazo, antes de final de ano, na súa proposta de transacción, sexa o que sexa, pero para a presentación dese plan, porque entendo que teñen contratado e negociado xa a súa entrega para unha data concreta. Se se comprometen a concretar de verdade ese prazo, eu comprométome a considerar a modificación da nosa proposta neste punto. Recuperen así algo de credibilidade.

Dende o Grupo Socialista empezamos a sospeitar, de feito, que o que dixo a señora López Abella, de acelerar os pasos, talvez tivera máis que ver cos ritmos dos pasos de Semana Santa e moito menos coa aceleración que alguén imprime cando se dá conta de que está a chegar tarde a algún sitio.

E por isto insistimos no de practicar a igualdade, non só o 8 de marzo nin o 25N, senón todos os días do ano, porque as mulleres precisamos mudar as tornas en moitas cuestións e facelo o máis axiña posible, como é no acceso a traballos nos que a presenza da muller nin está presente nin se fomenta.

Entendemos que este goberno ten que facer un esforzo especial por impulsar este aspecto, especialmente en traballos emerxentes do novo modelo produtivo. Queremos mulleres programadoras, emprendedoras, expertas en Front-end, en Back-end, en Big Data...; en definitiva, implicadas e involucradas en carreiras pouco feminizadas, como son as tecnolóxicas, algo que ten que desenrolarse dende ben pequenas.

Por isto mesmo nas propostas desta proposición incluímos as que dentro do Pacto contra a violencia de xénero xa se contemplan, incidindo especialmente nas medidas 3 e 183, que son as que se refiren ao ámbito educativo. E aínda que estas se refiren á prevención e detección das violencias sexuais, incidindo na educación afectivo-sexual en todos os niveis educativos, si que a súa adopción nos centros escolares contribuirá, sen dúbida, a desmontar os roles estereotipados de nenos e nenas. E se isto se consegue dende a infancia, será moito máis sinxelo que unha nena se sinta máis identificada con outros roles e igual que un neno se imaxine tamén noutros diferentes. Outra vez a importancia de entrenar, non só é algo que se nos deba aplicar aos políticos, senón a toda a sociedade, e desde ben pequenos e pequenas.

Eu pídolle hoxe ao grupo do Partido Popular que favoreza como grupo de goberno que é que Galicia se converta nese lugar idóneo para practicar a igualdade, e para iso vostedes teñen que exixir ao seu equipo o máximo esforzo e que impriman máis ritmo nos prazos á consecución dos obxectivos.

Para este fin agardo que tanto vostedes como o resto dos grupos da oposición consideren o apoio desta proposición non de lei e das medidas que aquí se contemplan. Vostedes gobernan, por iso lles recomendo que practiquen presencialmente, a poder ser, a igualdade, e sen descanso, sen caer no *doping*, como o que houbo no máster madrileño. E se sofren de maniotas —que é probable, non se preocupen—, estas duran só un tempo e o modo de que desaparezan é seguir quentando e practicando.

Cando acostumen o corpo, verán como a igualdade é saudable, incluso para vostedes.

Nada máis polo de agora e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

Pasamos á intervención do resto dos grupos.

Por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia ten a palabra a señora García Míguez.

A señora GARCÍA MÍGUEZ: Bos días.

¿Cre vostede que son necesarias as recomendacións do PSOE, do Partido Socialista, en materia de emprego?

Mire, señora Pierres, voulle recordar as metas; as metas ás que vostedes chegaron neste país. España nunca tivo tantos parados como cando vostedes gobernaban. Tiñamos a cifra máis alta de desemprego na historia de España, pero, casualmente, nas comunidades autónomas onde vostedes están gobernando, que son Estremadura e Andalucía, teñen o *top ten* nos datos de desemprego: un 23 % por encima da media en taxa de desemprego. Vostedes destruían emprego; vostedes destruíano a maior ritmo que o Partido Popular o crea.

Pero para ir ao tema que nos trae hoxe aquí, de todos os xeitos daremos a nosa postura con respecto á súa proposta. Fíxese, o Goberno da Xunta de Galicia amosa unha vez máis o seu compromiso en materia de igualdade co impulso do I Plan de emprego feminino 2017-2020. Leva un ano este plan enriba da mesa, está en funcionamento e ten un orzamento dun millón de euros. Os datos de desemprego feminino están en caída libre na nosa comunidade autónoma.

De marzo de 2017 a marzo de 2018 xa lles indicaba onte que se crearon máis de 11.400 postos de traballo, pero non soamente iso, senón que hai un dato que é moi importante. Ben saben que a tendencia era que o paro tiña rostro de muller, pois esta tendencia está a cambiar, e no mes de marzo hai 1.623 mulleres traballando fronte a 1.481 homes. Conqueriron traballo, como ven, máis mulleres que homes en Galicia. Así que o resumo é moi claro: en Galicia créase emprego, créase emprego de calidade e créase emprego maioritariamente feminino. A aposta é clara e o presente ano aprobouse o VII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. É un documento en vigor, e no seu capítulo II, na súa estratexia 3, reflicte a aposta en materia de emprego e innovación, cuns fins moi claros: erradicar a segregación horizontal e vertical, a formación, o incremento da presenza en determinados ámbitos, especialmente os tecnolóxicos e de innovación no ámbito feminino, a incorporación á negociación colectiva de medidas de responsabilidade social corporativa, o fomento do emprego, do autoemprego e do emprendemento feminino, por suposto, a elaboración dun plan de igualdade para a Administración pública galega e, por último, o Plan de conciliación e corresponsabilidade; un documento que xa temos enriba da mesa.

Como ben sabe, este Plan de corresponsabilidade e conciliación non soamente quere quedar no regulamento dos dereitos laborais das mulleres, senón que quere ir moito máis alá, quere ser un gran pacto social, un gran pacto social coa corresponsabilidade entre homes e mu-

lleres, coa corresponsabilidade tamén dentro dos axentes sociais e, por suposto, entre todos os integrantes do ámbito interxeneracional.

Haberá este primeiro Plan de igualdade, tal e como anunciaba o presidente da Xunta de Galicia, este ano 2018 para toda a Administración pública galega e, por suposto, para todos os organismos públicos da nosa comunidade autónoma.

Con respecto ao Ministerio de Emprego, como ben sabe, a propia ministra anunciaba que vai haber unha reforma no Estatuto dos traballadores e que vai haber unha reforma na Lei de igualdade. Ten o documento, con 24 medidas, no que están a traballar tanto os sindicatos como os empresarios para eliminar esta fenda salarial e darlle resposta e traslado do acordo á ministra, ao Goberno de España e, por suposto, ao Congreso dos Deputados.

Xa para ir rematando, con respecto ao Pacto de Estado, quero incidir no compromiso, no Proxecto de orzamentos do ano 2018, dos presupostos xerais do Estado, no que se reflicte a partida de 80 millóns de euros para o ámbito estatal, 100 millóns de euros para as comunidades autónomas e 20 millóns de euros que serán destinados ás políticas locais.

Eu, señora Pierres, simplemente para rematar, quero dicirlle que creo que en materia de emprego, vostedes, o Partido Socialista, a nós, ao Partido Popular, en materia de emprego, nin unha soa lección.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora García Míguez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Presas Bergantiños.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: A diferenza entre o terrorismo incendiario e o psicoterrorismo laboral é que un xa desmentiu a Fiscalía que existira e o outro hai informes da Inspección de Traballo e sentenzas que o acreditan. *(Aplausos.)*

Eu non vou dar leccións de igualdade, iso é algo que lle gusta facer ao Partido Popular, pero si unha recomendación: eu recomendaríalles ás deputadas do Partido Popular que teñan un pouco máis de sensibilidade cando se fala do caso dunha persoa que leva repetidamente sendo acosada e mesmo agredida fisicamente desde 2009 por unha empresa que segue contratada pola Xunta de Galiza, que non exerce as súas competencias para buscar a vía da rescisión do contrato. Cando menos, un pouco de sensibilidade. Actuación, xa está claro que non teñen disposición para facer ningunha, pero un pouco de sensibilidade estaba ben.

En canto á proposta que presenta hoxe o Grupo do Partido dos Socialistas de Galiza, ten diversas exixencias, tanto para a Xunta como para o Estado, que basicamente podemos dividir en dúas grandes liñas de actuación: dunha banda, o cumprimento e a rendición de contas do cumprimento da lei e, doutra banda, todo o que ten que ver coa mellora dos permisos de maternidade e paternidade.

Quixera, en primeiro lugar, insistir nunha reflexión que xa temos trasladado nesta Cámara, e é que ese principio de igualdade real entre homes e mulleres está recollido nun marco legal que é ambicioso e que, sen dúbida, ten moitas potencialidades, pero a día de hoxe atopámonos con que está infradotado, está infracumprido e infradesenvolvido. Por iso, é importante ese marco legal, no que temos chegado a consensos tamén no ámbito galego, e, sen dúbida, debe ser motivo de orgullo para nós. Desde logo, esa falta de desenvolvemento debe ser un reto que superar; máis aínda cando houbo, cando falamos de igualdade, unha importante repercusión negativa do impacto que tivo a crise socioeconómica e a axenda neoliberal do Partido Popular.

En todo caso, quero insistir tamén en que nesta cuestión nós pensamos que hai, ademais, unha relaxación que é consciente, que é premeditada, tanto por parte dese desatendemento das funcións da Xunta de Galiza como do Estado español. É que a obriga dos poderes públicos de velar polo cumprimento e a efectividade dese principio está relaxada e non hai un esforzo real por remover todos os obstáculos que na práctica impiden a igualdade de dereitos tanto no ámbito laboral como social ou económico.

Por iso, estamos de acordo coas cuestións que presenta o Partido Socialista, e con especial atención ao seguimento e á avaliación constante dese marco legal, para ver se se cumpre, se non se cumpre e que efectividade está tendo. Porque temos exemplos sobrados dese desatendemento, como, por exemplo, que o Partido Popular veña aquí presumir de tardar case unha década en aprobar un plan de igualdade ao que obriga a lei. ¡Home!, eu creo que deberían cortarse un pouco; cando menos, debería ruborizalas. Ou, por exemplo, que as traballadoras do Consorcio de Benestar e Igualdade teñan que estar gañando a golpe de sentenza os seus dereitos teóricos de conciliación laboral e familiar, que non están a ser respectados. Por iso apoiamos os puntos referidos a cumprir e desenvolver a lexislación en materia de igualdade.

Quixera agora referirme tamén en concreto á cuestión dos permisos. Aquí a análise que facemos desde o BNG é que no Estado español hai un marco normativo que é moi limitado deses dereitos e que merece unha reforma radical. Ademais, coa licenza de paternidade, se o pensamos en perspectiva de recente creación, nós entendemos que, tendo unha duración que fai que sexa algo máis simbólico que real, non sendo homologada á materna, realmente non se está a ter un impacto a favor da igualdade.

Nós pensamos que a lexislación sobre estes dereitos de conciliación é máis ben escasa e que estes usos seguen a ter unha brecha tamén no seu exercicio. Por iso apostamos e temos apostado pola liña que segue a Plataforma polos permisos iguais e intransferíbeis de nacemento e adopción. Xa no seu día, no 2012, con outros grupos políticos presentamos unha proposta de lei no Congreso. Para nós esa é a liña: equiparar, individualizar, e a intransferibilidade tamén.

Tamén somos partidarias —insistimos— de que debemos ir a un horizonte de que se pague o cen por cento, para que non haxa tamén, ademais, un sesgo de sexo, un sesgo de clase.

E, por último, como tamén estamos hoxe en modo propaganda dos orzamentos do Estado por parte do Partido Popular, quixera facer un apunte e unha nova denuncia a ese Pacto es-

tafa de Estado. Pacto estafa porque primeiro prometeron o 27 de decembro do ano pasado que en tres meses estarían dispoñibilizados eses 200 millóns, houbera ou non houbera orzamentos. Iso xa vimos que non era verdade. Pero é que agora lean vostedes o borrador de Proxecto de orzamentos. Aí o que se di é que 20 millóns e cento e pico das comunidades autónomas —20 das entidades locais e cento e pico das comunidades autónomas—...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...o que van facer as comunidades e as entidades locais é detraelos do seu sistema de financiamento, o cal é unha auténtica falsidade. O que realmente tería que ser sería un gran incremento, directo e de forma apartada e de forma consignada e clara por parte do propio Estado español, se realmente...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...se quere implicar coa igualdade; se se prefire seguir incrementando os orzamentos de Defensa e da Casa Real, pois non, claro. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Presas.

Por parte do Grupo Parlamentario de En Marea ten a palabra a señora Quinteiro Araújo.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Grazas, presidente.

Bo día de novo.

Nós, por suposto que queremos chegar a acordos, o problema é que moitas veces, como sempre temos manifestado, queremos que os acordos teñan unha execución real. Moitas veces o que pon o papel logo non se corresponde. Sabe perfectamente cal foi a nosa única diferenza cando traballamos nas aportacións ao Pacto de Estado. Sabe perfectamente...

Tú ya lo sabes, que te encanta... Estás moi graciosa hoxe, Paula. Eu tamén podo ser graciosa, pero prefiro ceñirme ás cuestións verdadeiramente importantes, porque, realmente, se queremos... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: Vale, continúo.

Como dicía, queremos chegar a acordos, pero queremos que haxa acordos con compromiso orzamentario real. Por iso, como dixen, eu tendo a man a traballar nun pacto galego que sexa verdadeiramente feminista —eu e todas as miñas compañeiras e compañeiros—, e así traballaremos. E sabe perfectamente que onde imos ter máis debate é cando cheguemos á cuestión de que orzamentos. Os consensos non nos valen unicamente como papeis, como PNL aprobadas aquí ou incluso como lexislación. Queremos que todo iso que está recollido nos papeis despois se aplique de maneira efectiva.

E xa centrándome na proposición non de lei, quería facer un par de apreciacións.

Aproveitando que se fala do Pacto de Estado e, como digo, moi vinculado co traballo que levaremos adiante nos próximos meses, para nós o Pacto de Estado é un pacto totalmente insuficiente, como manifestamos no seu día, porque entendemos que non existen esas garantías. Agora, co paso do tempo, o tempo estanos dando a razón de que non existían esas garantías para aplicar as medidas nun prazo..., digamos, pronto, e de que tampouco existían esas garantías de pór os recursos económicos suficientes. Entendemos que tamén deixaba fóra moitas formas de violencia, algunhas que incluso no noso país si que temos recoñecidas e avanzadas e que aportamos, pero que despois quedaron fóra tamén dese documento final.

Falando doutras propostas que se plantexan na iniciativa, volvo incidir en que nos parece especialmente importante a que fala de equiparación de permisos de maternidade e paternidade —e xa o comentei na miña anterior intervención—. A situación é totalmente inxusta e, por suposto, a emenda do Partido Popular é un avance —non dicimos que sexa un avance—, pero é un avance totalmente insuficiente; é moi pequeno e non chega. Nós entendemos que o noso obxectivo final debe ser o da equiparación plena, e para ese traballo podemos pór prazos, podemos pór tempos. Como digo, na nosa proposición de lei non facemos un cambio dun día para mañá. Entendemos e facémolo xustamente para que as razóns orzamentarias non eviten que esta proposta se aprobe. Pero non ten ningún sentido que poñamos enriba da mesa moitas medidas de conciliación, que poñamos enriba da mesa o Plan de conciliación, que falemos de corresponsabilidade, cando despois temos estas incongruencias que son as que fan verdadeiramente que as mulleres sigamos coidando.

Ou tamén na moción de onte. Nós entendiamos que era unha moción completa, con coherencia no seu conxunto, por iso non chegamos a un acordo, porque entendiamos que nesa moción os puntos sacados de contexto, un punto no abstracto que poidan aprobar, en realidade non cambia o fundamental. Nós entendemos que temos que pór medidas de conxunto, medidas que realmente traballen para rematar cos roles de xénero, porque, como digo, moitas veces hai unha incoherencia absoluta entre o que se di e o que se fai.

Non se están pondo en marcha as medidas que necesitamos para cumprir cos plans de igualdade, coa propia lexislación xa aprobada. Precisamos que se avalíe dunha maneira moito máis rigorosa en que estamos fallando, e precisamos para iso, por suposto, vontade política e, como repetimos todo este tempo, precisamos orzamentos. E un exemplo, como dicía, vémolo no Pacto de Estado. ¿De que nos serviu? Foron moitos meses de traballo, hai moitas medidas nese Pacto de Estado que nós asumimos, que nos parecen medidas progresistas, que axudan a loitar contra as violencias machistas, pero despois, na práctica, vemos como pasan os meses e non hai ese orzamento, non hai esa eficiencia para pór en marcha todo o que ese Pacto de Estado recolle.

Temos que chegar a acordos na teoría pero, sobre todo, temos que chegar a acordos na aplicación efectiva diso que acordamos. Nós tendemos a man ao consenso, pero queremos un consenso que sexa real. Temos un mandato claro, como xa dixen. O 8 de marzo deunos un mandato claro e temos que escoitar. Nós entendemos que hai un cambio de actitude no Par-

tido Popular, porque entendemos que só hai que ver as declaracións que se facían previas á folga do 8 de marzo e as declaracións que se fan posteriores. E alegrámonos porque, obviamente, un goberno o mínimo que ten que facer é escoitar a cantidade de mulleres que saíron á rúa este pasado 8 de marzo.

Como digo, moitas veces atopámonos con esa absoluta incoherencia. Nós queremos traballar por que esta proposición non de lei se aprobe, por exemplo, pero, sobre todo, por que dentro dun ano poidamos facer esa avaliación de que medidas se levaron adiante desta proposición non de lei, o mesmo que a que debatiamos recentemente. Non nos serve o consenso polo consenso, queremos medidas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora QUINTEIRO ARAÚJO: ...que realmente se leven adiante.

O Plan de conciliación non pode quedar nun papel como é o protocolo de coordinación. Pasou un ano, e nós falamos disto na Comisión de Igualdade. ¿Ese protocolo de coordinación en que se concreta? ¿Que coordinación efectiva se levou adiante?

Teño que ir rematando. Nada máis e moitas grazas. Pero, por suposto, volvo incidir: escoiten e, sobre todo, que as medidas que aprobemos despois teñan ese correlato na aplicación real con orzamentos suficientes. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra o grupo autor da proposición non de lei, a señora Pierres López.

A señora PIERRES LÓPEZ: Grazas, presidente.

Permítanme agradecer primeiramente o apoio dos grupos do BNG e de En Marea, así como a disposición, aínda que sexa condicionada, do Grupo do Partido Popular a polo menos emendar e a tratar de chegar a acordo.

Eu, como lle dixen antes, señora Míguez, estou disposta a certas transaccións naqueles puntos nos que coincidimos, pero a non prescindir de ningunha das nosas medidas. E, así mesmo, vólvolle comentar o tema de concretar máis no tempo a data para a presentación do Plan de igualdade; plan que, segundo o decreto do 2015, tiña que estar aprobado xa o pasado ano, incumprindo, polo tanto, o mandato legal.

Concrete —repito— máis e eu comprométome a aceptarllo; iso si, dentro dun texto común co resto de medidas que, en todo caso, podemos transaccionar.

E gustaríame brevemente comentar un par de cousas máis. Onte falabamos da conciliación e da corresponsabilidade e de como un plan de 100 folios pretende agochar e envolver nun paquete bonito todo o que está por facer, pero que non conta con orzamento extraordinario para sustentalo.

Falabamos tamén onte de confianza e de como é importante fomentala. Explíquenme como vai este grupo manter a confianza nun partido que, ante un pacto de Estado pola violencia de xénero, acordara literalmente: «Os orzamentos xerais do Estado destinarán, vía transferencia aos concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os vindeiros cinco exercicios». E tamén se comprometía a que os orzamentos xerais do Estado destinarían, efectivamente, ás comunidades autónomas un incremento anual de 100 millóns de euros durante os vindeiros cinco anos para o desenrolo ou ampliación das medidas recollidas neste pacto. A realidade é que este ano corresponde investir os primeiros 200 millóns, dos que, ao final, soamente 80 se teñen consignado nos orzamentos xerais do Estado, deixando os outros 120 a que se xestionen polas administracións territoriais; polo tanto, no aire. Explíquenos como imos confiar na palabra se nin sequera podemos confiar nos acordos consensuados e asinados.

Máis alá da iniciativa que hoxe nos ocupa, pola miña banda, anúnciolles que este grupo parlamentario rexistrou onte mesmo unha iniciativa instando a Xunta de Galicia para que demande do Goberno de España que nos orzamentos xerais do Estado, para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás comunidades autónomas e aos concellos, se destine, vía transferencia, un incremento anual de 20 millóns de euros para os concellos e de 100 millóns de euros destinados ás comunidades autónomas. Porque penso que vostedes concordarán comigo que os pactos son para cumprilos e non para alardear deles e logo abandonalos á súa sorte. Demorar eses 120 millóns desviando a súa xestión ás administracións territoriais é non ter entendido nada da urxencia e da emerxencia da posta en marcha deste pacto. É un insulto á intelixencia do resto dos grupos da oposición no Congreso do Estado e, por suposto, das mulleres deste país.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Pierres.

(A proposición non de lei do G. P. de En Marea con documento número 28005 foi retirada por este grupo parlamentario mediante o documento número 29060.)

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derrogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da deputada Patricia Vilán Lorenzo, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débese modificar a parte resolutiva da proposición non de lei, que quedará redactada co seguinte contido:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia demandar do Goberno do Estado a derrogación da Lei de seguridade cidadá, do 30 de marzo de 2015.»)

O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres.

(O señor Bará Torres, antes de comezar o seu discurso, coloca unha bandeira galega cunha estrela vermella na tribuna de oradores.)

O señor BARÁ TORRES: ¿Gústalle a bandeira, señora Prado? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)* ¿Ou parécelle que incita ao odio?

(**A señora PRADO DEL RÍO:** Si.*)*

O señor BARÁ TORRES: ¿Si? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Parece que os representantes do Partido Popular non é que fixeran un máster de democracia, é que non fixeron nin sequera o parvulario de democracia. *(Murmurios.)* Isto é unha cuestión de ABC de democracia, *(Aplausos.)* de respecto, de pluralismo. *(Aplausos.)* Isto é pluralismo e ABC da democracia, *(Aplausos.)* e vostedes parece que non entenden nada disto. *(Murmurios.)*

Miren, isto tamén é ABC de democracia. *(O señor Bará Torres amosa dúas fotografías do rei Filipe VI.)* Queimar este retrato tamén é ABC de democracia. *(O señor Bará Torres racha os dous retratos do rei antes amosados.)(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Romper este retrato tamén é ABC de democracia, e vostedes non queren entendelo. *(Aplausos.)* ¡Non queren entendelo! Isto é ABC de democracia. *(Murmurios.)* Non o podo queimar porque estamos nun recinto pechado..., *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* pero si que o faría, non porque eu crea que haxa que facer estes actos, senón porque creo que hai que respectar e permitir estes actos de discrepancia, como o di, ademais, o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos, que vostedes non se enteran. Vostedes están fóra de Europa, vostedes estanse expulsando de Europa cada día, porque na lexislación do Estado español e do Código penal queimar un retrato do rei é un delito de odio, como fixeron cando condenaron dous mozos cataláns a quince meses de prisión por queimar un retrato do rei. E resulta que dez anos despois tivo que vir o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos cunha sentenza que lles di que iso é liberdade de expresión. *(Aplausos.)* ¡É liberdade de expresión! ¡Somos europeos; vostedes, non! *(Aplausos.)* Vostedes non están á altura dunha democracia consolidada. *(Murmurios.)* Non están á altura dunha democracia normalizada. Estanlles dando labazadas xu-

rídicas *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* todos os días en Europa e non queren enterarse... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BARÁ TORRES: ¡Non queren enterarse! *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): ¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: Miren... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Bueno, ¡alá cada un! ¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

O señor BARÁ TORRES: Vounos instruír un pouco en democracia, porque non acaban de enterarse.

Miren o que di a Sentenza do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos —Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que son de obrigado cumprimento para o Estado español—: «Queimar a bandeira non foi un ataque persoal contra o rei de España destinado a desprezar e vilipendiar, senón a expresión simbólica de rexeitamento e crítica política». «Rexeitamento e crítica política», dío o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, non o di o BNG. O BNG tamén está de acordo con esta sentenza.

Esa sentenza tamén di que o Estado español vulnerou a Convención europea dos dereitos humanos. Di que a queima de fotos entra dentro do ámbito da crítica política ou da disidencia e corresponde á expresión do rexeitamento á monarquía como institución. ¡É así de claro!

Miren, o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos nega que a queima poida incitar ao odio, e lembra que este tipo de delitos protexen minorías discriminadas. E, que eu saiba, a monarquía é unha minoría, efectivamente; é unha minoría moi minoritaria, pero non está discriminada. *(Aplausos.)* ¡Non está discriminada! *(Aplausos.)* É unha minoría privilexiada que, en todo caso, de quen se ten que protexer é de si mesma, *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* porque, co que estamos vendo, mellor que se protexan, porque teñen o inimigo na casa. A monarquía española ten o inimigo na casa.

Miren, esa sentenza deberíase imprimir, deberíase estudar, desde logo, nas facultades de Dereito, nas escolas e tamén nos parlamentos, porque di que vincular a queima de bandeiras co discurso do odio e da violencia sería prexudicial para o pluralismo, para a tolerancia e para o espírito, sen o cal, non hai unha sociedade democrática. Non se pode dicir máis claro: sen pluralismo non hai democracia. Non acaban de entendelo; é o ABC da democracia e vostedes non acaban de entendelo.

E, miren, este pin que levo aquí *(O señor Bará Torres exhibe un pin que leva na solapa da súa chaqueta.)* tamén ten que ver co ABC da democracia. Este pin é o símbolo..., é unha estrela vermella e un micro —¡miren que armas de creación masiva: unha estrela vermella e un

micro!—, que é o símbolo do grupo La Insurgencia; un colectivo musical de rapaces e rapazas que teñen un grupo de apoio que utiliza este pin como símbolo de identificación e de apoio ao grupo e tamén de recadación de fondos. Un colectivo de rap que sufriu a condena pola Audiencia Nacional o 4 de decembro do ano 2017; unha condena por enaltecemento do terrorismo nas letras das súas cancións. Cada un dos doce membros do grupo foron condenados... Bueno, non foron condenados todos os membros, só foron condenados os de nacionalidade española, porque en Colombia non hai este delito nin se persegue este delito. Tamén están máis avanzados en democracia en Colombia, polo que se ve, que aquí. *(Murmurios.)* Foron condenados a dous anos e un día de prisión e a 4.800 euros de multa, cunha sentenza condenatoria que vai tamén en contra da Directiva europea sobre o enaltecemento do terrorismo e sobre a xurisprudencia tamén do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, que fala de que ten que haber un risco concreto, de que non se pode falar dun risco abstracto de incitación ao terrorismo. ¡É así!, dío o Tribunal Europeo dos Dereitos Humanos. E tamén di que ten que haber unha actividade terrorista daqueles grupos ou colectivos que son ensalzados ou enaltecidos por esas letras das cancións. Desde logo, iso non se dá aquí, como tamén ten acreditado o Tribunal Europeo.

Miren, o rap está claro que é un estilo musical provocador, é un estilo musical irreverente, é un estilo musical insubmiso. Non son cancións de igrexa, que supoño que a vostedes lles gustan máis; non son cancións de igrexa. É un estilo musical agresivo, crítico e mordaz. Esa é a esencia do rap; se non, non o sería. Vostedes, ¿que queren?, ¿acabar co rap?

Miren, pódenos gustar máis ou menos, *(Risos.)* pódenos gustar máis ou menos. *(Aplausos.)* A min, desde logo... *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu, desde logo, non comparto...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BARÁ TORRES: Si, xa vexo que lle gusta moito a miña intervención. *(Murmurios.)*

Non comparto nin esas letras nin ese estilo. Xa sei que o señor... —supoño que será o señor Pazos— vai ir por aí; vainos ler aquí as letras de exaltación, dos GRAPO... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero a sentenza e a xurisprudencia din claramente que ten que haber un risco concreto, unha ameaza concreta e unha actividade terrorista concreta, e aquí non hai actividade terrorista ningunha para poder esgrimir este delito.

Pero, claro, todo isto en forma dunha escalada máis ampla, dun proceso represivo e regresivo, dunha escalada delirante, disparatada e aberrante na que está o Estado español co procesamento de dirixentes e cargos políticos; con invento, ademais, dunha suposta violencia que ninguén ve en Europa, con persecución de cargos políticos, de cargos públicos, de dirixentes policiais, de grupos que fan cortes de estradas... Todo isto está provocando un auténtico ridículo internacional do Estado español, que está recibindo non só sentenzas contrarias do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, medidas cautelares do Comité de Dereitos Humanos da ONU, no caso do señor Jordi Sánchez, por exemplo, ao que non lle deixan nin asistir a un pleno do Parlamento... ¿Pero onde se viu iso? ¿Por que non lle permiten asistir a un pleno do Parlamento? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

Miren, vostedes e nós estamos de acordo nunha cousa: España é un estado; un estado de excepción, un estado de represión dos dereitos e liberdades fundamentais, *(Aplausos.)* un estado autoritario no que non hai separación de poderes nin garantías democráticas. Son o ridículo, a vergoña e o desprestixio no mundo, e estánllelo dicindo todos os días. Estánllelo dicindo en Suíza, en Bélxica, en Alemaña, no Reino Unido; na súa adorada Alemaña tamén. Aínda que non é na súa adorada Alemaña, é no estado de Schleswig-Holstein —ou como se chame—, *(Risos.)* que, por certo, Alemaña ou o Reino Unido teñen un nivel de descentralización da xustiza que nin soñamos aquí con ter, porque alí son os tribunais dos estados os que resolven estas cuestións.

Vostedes montaron un castelo de naipes que está montado sobre a suposta violencia da rebelión catalá que foi fulminado por este tribunal alemán. En definitiva, están intentando utilizar o Código penal e a Lei mordaza para amedrentar, para meter medo, para someter, para paralizar, para intentar conseguir iso. E estano facendo tamén poñéndolle multas a rapaces por exhibir esta bandeira nun estadio de fútbol. *(O señor Bará Torres colle e exhibe a bandeira exposta na tribuna.)* Esta bandeira non é un instrumento de odio nin de violencia. Esta bandeira é, e por ela loitou... *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio.

O señor BARÁ TORRES: Non se alteren, señores do Partido Popular, que esta bandeira é unha bandeira de paz, é unha bandeira de amor a este país e a esta terra. *(Fortes murmurios.)* E por esta bandeira mataron a Ánxel Casal, por esta bandeira mataron a Alexandre Bóveda, por esta bandeira mataron a Víctor Casas. *(Aplausos.)* Polo tanto, respecto para esta bandeira, que é unha bandeira democrática, é unha bandeira legal; non é a bandeira oficial, pero é unha bandeira legal e, polo tanto, teño dereito a exhibila.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, están vostedes nunha resposta que é unha resposta autoritaria, unha resposta centralista e represora contra dereitos e liberdades fundamentais. *(Murmurios.)*

Vostedes queren un pobo silenciado, un pobo sometido, unha sociedade amedrentada e domesticada, e non o van conseguir.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Non, non o van conseguir.

Por iso pedimos este acordo, que está, ademais... *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Señor Bará, remate, por favor. Ten outro turno de intervención despois dos grupos parlamentarios. *(Murmurios.)*

O señor BARÁ TORRES: ...—remato, si— un acordo que está en perfecta sintonía coas sentenzas, coas directrices, coas directivas e coa xurisprudencia dos tribunais europeos.

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

O señor BARÁ TORRES: Polo tanto, sexan europeos, sexan demócratas...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...señores e señoras do Partido Popular.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Bará. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Murmurios.)*

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

No, no, retírela, y después haga lo que quiera con ella, pero ahí no la puede dejar. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Vilán Lorenzo. *(Murmurios.)*

Silencio, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: Grazas, presidente.

Vou utilizar, ao mellor, algunha expresión que non é benvida nesta Cámara, pero vou ler literalmente. Letras de La insurgencia: «*A los del Frente Atlético, tres tiros de escopeta. No me ando por las ramas, no soy metafórico: martillazo a oligarcas en la sien. Analiza esto y dime: terrorista, ¿quién? El baile de balas se va producir. Si no te sitúas en el bando del pueblo, iré a por ti. Oye, jueza, vamos a llegar a ella de cualquier manera, aunque haya que caminar por encima de cabezas antifascistas muertas.*»

Sentenzas de condena de diversos tribunais, Audiencia Nacional e Tribunal Supremo. «*Cincuenta y tres asesinadas por violencia de género machista en lo que va de año, pocas me parece con la de putas que hay sueltas. Y 2015 finalizará con 56 asesinadas. No es una buena marca, pero se hizo lo que se pudo. A ver si en 2016 doblamos esa cifra. Patricia era feminista y se tiró al río porque las mujeres se mojan por la igualdad.*»

É indubidable que vivimos nunha época de retroceso de liberdades. Vostedes son o maior exemplo, coa súa Lei de seguridade cidadá do ano 2015, que dende o Partido Socialista dixemos e reiteramos que imos derrogar. *(Aplausos.)* ¿Para que? Para derrogar as sancións a esas persoas que van a manifestacións diante do Congreso e do Senado, para derrogar as sancións que se impoñen por usar imaxes de membros das forzas e corpos de seguridade do Estado,

para derrogar esas sancións aos xornalistas fotógrafos aos que se lles requisa ese material gráfico, para imposibilitar os rexistros persoais en lugares públicos que deixan literalmente as persoas espidas.

Pero no Grupo Parlamentario Socialista cremos que a división de poderes debe ser respectada escrupulosamente, o que non impide que sexa lexítimo criticar o labor dos tribunais. Claro que é lexítimo, haino que facer, ¡faltaría máis! Pero sen esquecer que eles son —¡e menos mal!— os únicos que procesan e os únicos que xulgan nunha democracia. Xa tivemos outra época na que non foi así, e moitas persoas tamén das filas do Partido Socialista foron asasinadas xustamente por persoas que non eran membros de ningún tribunal. *(Aplausos.)* Sobre todo, son os únicos en interpretar as normas, incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo incluídos; eles son os que teñen todos os elementos de xuízo e os que poden valorar a proba en directo, pasando do abstracto da lei ao concreto do xuízo. Esa é a marabilla do dereito penal.

As leis que fagamos neste Parlamento ou nas Cortes Xerais deben ser abstractas e con vocación de xeneralidade, cremos nós, nunca concretas. Non poden substituír a interpretación que nun asunto específico nun xuízo faga un tribunal con arreglo a un principio básico que nos equipara e nos diferenza a todos ao mesmo tempo, que é o principio de equidade, que é o que se busca xustamente en cada xuízo penal. Outra cousa é que entendamos ou non que a pena por estes delitos é moi elevada: ata catro anos ou ata tres anos de prisión nos dous, nos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo. Que se poidan modificar. Si que podiamos facelo, pero non aquí, si nas Cortes Xerais; iso si se pode debater, e está nas mans do lexislador, pero interpretalos non é o noso labor. Nós temos outro distinto, que é facer normas, non interpretalas. Non podemos aprobar nin pedir normas para impedir que os tribunais as interpreten, precisamente porque os tribunais están precisamente para interpretalas.

O Parlamento non está para resolver asuntos específicos procesuais de ninguén, nin sequera dos músicos, que teñen todos os nosos respectos. A sentenza de La insurgencia aínda non é firme, poden recorrer ao Tribunal Supremo e, de feito, fixérono.

O delito de incitación ao odio existe no Código penal para protexer as persoas que necesitan de máis protección, as mulleres que recibiron eses ataques de que 56 mulleres mortas son unha cifra, unha marca —que aínda soa peor— insuficiente, e a ver se o ano que vén a superamos.

Hai dous tribunais en España, ademais do Tribunal Europeo de Dereitos Humanos, cos que ás veces, por certo, tanto vostedes coma nós coma eles non estamos de acordo; criticamos, pero non sempre teñen a razón e non sempre atinan nas súas sentenzas. Hai outros dous tribunais en España que seguen a liña que o BNG marca na súa proposición non de lei: Tribunal Constitucional, sentenza do ano 2016, o dereito á liberdade de expresión non é absoluto —ningún é absoluto, ningún dereito é absoluto—, e cabe a limitación penal sempre con proporcionalidade, sempre que non se xere un risco para as persoas, os seus dereitos e non se incite ao odio. Xustamente iso é o que vén dicindo tamén o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos.

Hai tres sentenzas do Tribunal Supremo recentes que acaban de crear xurisprudencia, de maio de 2017 dúas —unha do día 5 e outra do día 17— e outra do 31 de xaneiro do ano 2018, ditadas polo que solemos chamar maxistrados progresistas, que foron os seus ponentes, e xustamente din o que vostedes...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...—si remato, presidente— por parte do BNG piden, e é que se lle dea a volta á represión na interpretación destas sentenzas por parte da Audiencia Nacional.

Polo tanto, hai xurisprudencia do Tribunal Constitucional e hai xurisprudencia do Tribunal Supremo que citan expresamente a directiva europea, e o Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. Polo tanto, nós cremos que temos que manter esta diferenza entre os poderes do Estado, porque, se non, o que podemos é facer unha iniciativa propoñendo que en cada provincia se instalen máquinas expendedoras...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora VILÁN LORENZO: ...de sentenzas, como as de Coca-Cola, metamos unha moeda e as sentenzas saian dadas por unha máquina que non teña nada que interpretar. Pero iso recórdanos...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

A señora VILÁN LORENZO: ...—grazas, presidente— a outra época.

Acepten a nosa emenda.

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Vilán.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Santos Queiruga.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Boa tarde, señor presidente.

Señores deputados e deputadas, quedei coas palabras da señora Paula Prado, que non é a primeira vez que di que lle intentamos secuestrar a súa palabra nesta Cámara. E se non fora pola gravidade dese tipo de afirmacións e do surrealistas que nos parecen —tendo en conta as decisións que toma o Partido Popular tanto no Estado como en Galicia, e xa non digamos no Estado, cando teñen maiorías absolutas, que utilizan con man de ferro, xa non soamente para exercer a súa actividade política, senón tamén para lexislar, para poder facer unha serie de actuacións que, como xa se explicou, deberían estar nas mans dos tribunais—, non estamos falando de nada novo con respecto ao que fixo o Partido Popular de M. Rajoy coa súa maioría absoluta da anterior lexislatura: Lei de seguridade cidadá, «Lei mordaza».

Evidentemente, nós imos apoiar esta iniciativa do Bloque Nacionalista Galego porque estamos absolutamente en contra destas medidas abusivas e recesivas sen ningún tipo de xustificación, nuns tempos de convulsión social que só intentan calar o que non consegue controlar o Grupo Popular coa súa maioría absoluta a través dos medios de comunicación, dos medios de «desinformación», como dicimos nós, e que non se poden intentar ocultar, porque o sol non se pode tapar cun dedo.

Nós cremos que é absolutamente irresponsable, un retroceso sen precedentes e algo totalmente inaceptable que, cunha maioría absoluta ou cando se está gobernando, o que faga o Partido Popular sexa tachar de antidemócratas ou case criminais calquera colectivo, cidadán ou persoa que intente criticar o Goberno ou que intente dar unha visión distinta do que está pasando no noso país. Dende que vostedes gobernan, non aceptan ningún tipo de crítica, fomentan o medo —o medo— e despois convérteno en normas para executar esa política do medo. Calquera manifestación cidadá intentan criminalizala, intentan desautorizala, salvo a dos pensionistas, que como non poden tachalos de criminais, entón teñen que alegar que están enganados, que non saben por que se manifestan, cando realmente o que saben é contar, e as contas do Goberno non son as contas da xente, e dos pensionistas tampouco.

A súa man de ferro dá moito medo, escoitalos, moitas veces, dá moito medo, a súa lexislación, a lei mordaza e a Lei de seguridade cidadá dan moito medo. A súa forma de xestionar os conflitos dá moito medo: Cataluña, como xestionaron Cataluña, dá pánico; cárcere para raperos, cárcere para tuiteros, para calquera que lles leve a contra, criminalización. Non imos lembrar xa o caso de Cassandra, no que, afortunadamente, saíu o sentido común, mentres os corruptos e corruptas do Partido Popular imputado están protexidos, e aínda ninguén pode dicir absolutamente nada nin cando son nin sequera xa condenados pola xustiza.

Onte escoitei unha valoración do CIS sobre a mala opinión que teñen os cidadáns e as cidadás da situación económica —porque as mentiras mentiras son e non se corresponden coa realidade—, sobre a mala opinión que teñen os cidadáns e cidadás de xeito aplastante dos políticos e políticas. Deberiamos reflexionar moitas veces sobre por que cando se empeza a acusar, a meter medo e a sementar a discordia constantemente os cidadáns, ao final, teñen estas valoracións. E dicía un comentarista que era culpa dos medios de comunicación e das redes sociais. Por iso o Partido Popular ten tanto interese en controlar as redes sociais. É o último que lles queda, que se empece a encarcerar xente por poñer certas mensaxes ou retuitear certas concentracións nas redes sociais.

Democracia, liberdade de expresión, dereito a reunión, dereito a asociación, xa sabemos que a vostedes lles choca cando iso se exerce, criticándoos a vostedes, sobre todo cando teñen as maiorías absolutas aplastantes que exercen con man de ferro. E iso explícase polo franquismo sociolóxico que habita nas súas bases electorais e nas súas bases ideolóxicas, e por iso teñen tanta tibieza e ambigüidade para falar do tema do franquismo, do pazo de Meirás e de todas as cuestións relacionadas co réxime. Certas prácticas políticas, desafortunadamente, recórdannos demasiado a ese réxime que tanto sufrimento causou no noso país, causou en Galicia e que tanto medo nos dá a todas, e cada vez que escoitamos falar a certos dirixentes, máis nos lembra que temos que pelexar para que estes non volvan.

Moitos cidadáns teñen a percepción de ser perseguidos e perseguidas, de que vivimos nunha pseudoditadura. Mediten por que hai esa percepción cidadá. Dan medo, e a súa tibieza déixaos en evidencia; tibieza para unhas cousas, firmeza e man de ferro para outras que non lles conveñen.

Cargas policiais en Cataluña, *(Murmurios.)* os seus ultras insultándonos e pedíndonos case a guillotina en Zaragoza cando organizabamos un acto democrático e libre, detencións, multas... Para iso están os tribunais, como lles dixo o outro grupo.

Non se pode intentar suplantar os tribunais por tacticismo e adiantarse coa escusa das maiorías absolutas. Isto sufrímolo tamén nós, Manuela Carmena, que sufriu insultos, ameazas e unha serie de declaracións e ataques constantes...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...e Martiño Noriega. Ou sexa, que non se outorguen que soamente vostedes son os que sofren este tipo de cuestións.

Nós por suposto que defendemos a actuación dos tribunais e a condena absoluta a calquera tipo de violencia, de ataque, e para iso, que se leve aos sitios onde se ten que levar, porque non nos van dar leccións éticas. Vostedes en ningún caso deben utilizar as maiorías absolutas...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...para tapar a democracia, que iso é o que vostedes utilizan, e os medios de comunicación para atacar a liberdade de expresión, as liberdades civís e todo o que conlevou cambiar de réxime, ¡cambiar de réxime!

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SANTOS QUEIRUGA: Evidentemente, non se pode apoiar a quen non cre na liberdade.

Polo tanto, nós imos apoiar o BNG para que volvamos defender a democracia, o réxime de liberdades...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

A señora SANTOS QUEIRUGA: ...deste Estado, e que non se utilice a forza para impedir a liberdade en democracia. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señora Santos.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, o señor Pazos Couñago.

O señor PAZOS COUÑAGO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, interesante debate este que nos trae hoxe o novo James Dean do nacionalismo galego, rebelde sen causa. *(Risos.)*

Mire, recoñezo que me custou un pouco saber cal era a natureza do debate. En principio, pensei que era un debate de carácter doutrinal. Dixen: imos debater sobre os límites teóricos da liberdade de expresión en relación co dereito ao honor e cos delitos de odio. O BNG defende a prevalencia absoluta da liberdade de expresión sobre os dereitos das persoas afectadas polos posibles excesos nos que se incorra no exercicio dese dereito. Podía ser.

Despois vin esta noticia: «*Una concejala del BNG que en octubre suspendió el pleno de la moción de censura de Fene denuncia amenazas*». Amenazas por este cartel: *(O señor Pazos Couñago ensina un documento.)* «*El juzgado lo dice, la señora Aguilar se saltó a la torera la legalidad. ¿Qué hará el 6 de abril? ¿Volverá a decidir por todos los feneses?* Durísimas amenazas para ir al juzgado, ¡eh!, durísimas, pero fueron. E claro, digo eu, queda desbotado este debate teórico, non é por isto.

Despois, mirei esta outra noticia: «Duras críticas ao alcalde de Ribadeo por non queimar a *senyera* no entroido». Porque se ve que o de queimar bandeiras é bo ou malo depende da bandeira. O ano anterior queimaron a americana, pero dixo o alcalde que non é o mesmo queimar bandeiras americanas que queimar a *senyera*. Entón, claro, cheguei á conclusión de que debía ser un debate —o que nos propoñían vostedes— sobre dereito material. Entenden vostedes que debe haber un criterio, un uso partidista da lei e da xustiza para castigar a discrepancia política nun único sentido.

Eu teño que desbotar isto, queda descartado, porque existen numerosas sentenzas relacionadas cos delitos de odio, ¿verdade?, onde se condenan condutas homofóbicas, odio a símbolos do Islam, odio a vítimas da violencia machista, odio por posturas de ultradereita, odio contra os cataláns —tamén existen esas condenas—. E dixen: ¡home!, se existen todas estas, o BNG non plantexará este rebate. Entón, cheguei á conclusión de cal é o verdadeiro debate que nos plantexa hoxe o BNG, que é un debate sobre a calidade do noso sistema democrático. Evidentemente, plantexan o debate para deslexitimalo.

Teño que recoñecer que a min me sorprende que plantexe ese debate un grupo que non cre na democracia. *(Risos.)* É evidente que vostedes non cren na democracia; é evidente, primeiro, porque non cren na división de poderes. Se creran vostedes, non presentarían hoxe unha PNL que o que pretende é que o lexislativo, que é esta Cámara, pois impoña o seu criterio sobre o xudicial, que ditou unha serie de sentenzas condenatorias para determinadas actitudes. Vostedes non o respectan.

Pero dicía tamén a señora voceira —do partido agora investigado en Valencia— que respectan. ¡Home!, respectan tanto como que os seus deputados foron á porta dun xulgado en Madrid para presionar os xuíces, solicitando a absolución dun reo antes de que teña lugar o xuízo —caso de don Emilio Cao, que aínda está sen xulgar—. Exactamente igual que no caso de La Insurgencia. Hai unha primeira condena que está pendente de recurso, como estivo no seu momento pendente de recurso o caso Cassandra, e finalmente absolveuse. Deixen vostedes traballar os tribunais.

Pero, claro, o que xa sorprende menos é que vostedes manipulen os datos. Eu quero darlle hoxe algún, señor Bará. Está vostede moi preocupado pola cantidade de denuncias contra España no Tribunal Europeo de Dereitos Humanos. E dixen eu: ¡home!, a ver se vai ser verdade e hai que estar preocupado. E fun ás estatísticas oficiais. Mire, denuncias a España: 157. Poden parecer moitas, poden parecer poucas. Eu creo que son poucas se as comparamos coas 341 de Portugal, as 997 de Francia ou as 2.382 de Italia. Pero vou facer unha comparación con catro países que me parecen especialmente acaídos, aqueles países a onde fuxiron os prófugos da xustiza; eses aos que vostedes chaman «exiliados»: Reino Unido —recorde, hai un deses prófugos que está en Escocia, efectivamente—, 545 condenas; Suíza, onde se refuxiou, entre outras, a señora Gabriel, 182; Bélxica, onde estaba o señor Puigdemont a seguro, 242; Alemaña, que a vostede lle dá tantas garantías, 321. Se medimos neste termos a calidade democrática, España pode sentirse ben orgullosa. *(Aplausos.)*

Mire, eu entendo que están pasando algúns dos grupos da Cámara por un mal momento, que iso xustifica case todo, pero entendo menos estes paripés que se fan aquí con algunhas fotos e con algunhas bandeiras.

Mire, veu vostede hoxe rachar fotos. Eu invítoo a que rache unha máis, xa que está aquí; invítoo a que rache esta. *(O señor Pazos Couñago amosa unha fotografía.)* Esta si que é importante que a rache, porque mire, se vostede fai este simple xesto, este *(O señor Pazos Couñago racha a fotografía.)*, nós, cando faga este xesto, saberemos que dun lado están os demócratas e doutro lado están os terroristas. Mentres vostede non rache esta foto..., *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...non lle admitimos nin unha soa lección desta maneira.

Déixolle aquí unha copia da foto para ver se vostede hoxe tamén a racha. Ofrézolla ao presidente por se a reclamara o señor Bará.

Moitas grazas, presidente.

Por último...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor PAZOS COUÑAGO: En todo caso, e xa para a señora Santos, quero agradecerlle o tratamento que me deu hoxe. Eu, de verdade, respecto do que lle deu na última semana ao seu voceiro, síntome moi ben tratado hoxe, non me chamou inquisidor, aínda que si, digamos, incidiu en que si son inquisitoriais os nosos procedementos. Eu creo que esta obsesión da Inquisición non demostra que nin o señor Villares nin eu sexamos inquisidores...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

O señor PAZOS COUÑAGO: ...pero si amosa un certo complexo de bruxa. Eu, dígolle a verdade, non creo que o sexa, aínda que é certo que algún dos membros desta Cámara cre que

estes carnés lle poden dar superpoderes. *(O señor Pazos Couñago amosa un carné.)* Fáganme caso, non é cuestión de bruxería, é cuestión de calidade democrática. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas, señor Pazos.

Por parte do grupo autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Bará Torres. *(Murmurios.)*

O señor BARÁ TORRES: Non trouxen a bandeira porque sei que os pon moi nerviosos, e quero que estean atentos. *(Protestas.)*

Mire, dicía o señor Pazos que era o James Dean. Eu son máis de James Bond, sobre todo cando facía o personaxe..., *(Murmurios.)* porque son de Pontevedra. Vostede, seguindo co símil cinematográfico... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Silencio, por favor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Silencio!

O señor BARÁ TORRES: É que son de Pontevedra. *(Risos.)*

Mire, seguindo co símil cinematográfico, vostede sería o Danny de Vito do Partido Popular. *(Aplausos.) (Risos.)*

Ben, non quere entender do que estamos falando. Desde logo, nós falamos de respectar, precisamente, a directiva europea, de respectar a xurisprudencia europea e de trasladala ao Código penal español. Sexan avanzados, sexa europeos, e traian ao Código penal..., por certo, como está facendo xa o propio Tribunal Supremo nas súas últimas sentenzas, que fala de que unha cousa é proclamar e mesmo vociferar e outra cousa é procurar que a mensaxe incite a outros a cometer delitos de terrorismo. En fin, supoño que pouco a pouco irán adaptándose.

Mire, vostedes empéñanse na foto de Otegi. É o seu *leit motiv*. Pois teño que dicirlle que o señor Otegi pertence a Bildu, que é unha organización democrática do chamado «Movemento Vasco de Liberación Nacional». Esta frase é do señor Aznar, creo, ¿non?, do Partido Popular. Polo tanto, non se alteren vostedes tanto con iso, porque no seu día o señor Aznar lle dedicou estas honorables palabras a este grupo político. E, desde logo, o BNG fala, dialoga e fai fotos con grupos políticos democráticos e con grupos políticos, por certo, que defenden a democracia, como a defende o BNG. Pódennos acusar do que queiran, xa nos acusaron de todo o habido e por haber, que non os cre ninguén, non os cre ninguén.

En definitiva, aquí do que se trata é de que nestes momentos o principal problema político que ten o Estado español é, precisamente, a persecución e a represión de dereitos e liberdades fundamentais. O Estado español non dá o nivel, non dá a talla a nivel europeo con respecto a estas cuestións. Non está á altura de estados, como lle dixen, normalizados e consolidados desde o punto de vista da súa esencia democrática. Vostedes están competindo

con Turquía para ocupar os primeiros postos do ránking de estados que perseguen e que reprimen dereitos fundamentais.

Polo tanto, o que pedimos aquí é algo tan sinxelo —non imos aceptar a emenda do Grupo Socialista— como que este Parlamento apoie os integrantes do colectivo musical La Insurgencia, condenados pola Audiencia Nacional, porque esa condena vai en contra, precisamente, dese espírito da directiva europea e tamén da sentenza do Tribunal Europea de Dereitos Humanos.

E non vimos aquí emitir sentenzas, ao que vimos é a adoptar un acordo político para que o Goberno do Estado modifique o Código penal para, precisamente, poñelo en sintonía coas sentenzas, coa xurisprudencia europea e coa directiva europea. E tamén solicitamos ao Goberno do Estado a derrogación da Lei de seguridade cidadá, coñecida como «Lei mordaza»...

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Chámanos moito a atención que a estas alturas da película —seguindo co símil cinematográfico— aínda non estea derrogada esta lei, cando hai unha clara maioría, teoricamente, de forzas políticas que están en contra dela no Parlamento do Estado.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Perdón, señor Bará, ¿que dixo?, ¿que non aceptaba a emenda, que non lle entendín eu? *(Asentimento.)*

Grazas.

Pasamos á seguinte iniciativa.

Proposición non de lei dos GG. PP. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): A esta proposición non de lei non se presentaron emendas.

Ao ser unha iniciativa conxunta dos catro grupos parlamentarios, segundo o precedente da sesión plenaria do 20 de febreiro de 2018, o debate constará dunha rolda única por grupo parlamentario e por un tempo máximo de cinco minutos cada un.

Para iniciar as intervencións ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

En primeiro lugar, quero saudar os alumnos e alumnas que nos acompañan neste momento e os representantes da Fundación FREMSS, que foron os que se puxeron en contacto cos representantes das organizacións políticas con representación aquí, no Parlamento galego, e nos fixeron chegar a petición de que apoiaramos o manifesto que impulsaban. Froito desa petición, é a iniciativa que agora imos defender e que vai ter o apoio de todos os grupos políticos.

É unha iniciativa que demanda que por parte da Unión Europea se flexibilice a medida de aplicación dos descartes; un manifesto que conclúe que, sendo realistas, temos que considerar que o obxectivo de descartes cero, como obxectivo de desperdicios de alimentos cero, como inalcanzable, é dicir, menos descartes máis ingresos, ese binomio, menos descartes máis ingresos, pode converterse en cero descartes, cero ingresos.

O manifesto propugna que quere recadar o apoio da sociedade civil para, desde o firme compromiso da frota pesqueira que representan, coa progresiva minoración dos descartes, solicitar á Unión Europea a flexibilización real e efectiva da norma de obrigación total de desembarque, xerando unha modificación que asuma a xestación inicial destas circunstancias.

O BNG imos apoiala, aínda que consideramos que non é o obxectivo que buscamos no BNG. Parécenos unha cuestión de mínimos, e apoiámola porque Galiza é o país que máis peso relativo perde de toda a Unión Europea en materia de pesca, consecuencia de que outros deciden os nosos intereses. A Unión Europea, desde a entrada do Estado español —e con el de Galiza— ten sometido o noso país a unhas condicións leoninas, inxustas, totalmente discriminatorias. A frota galega está sometida a tres criterios establecidos pola Unión Europea: á teórica protección do recurso —e con isto tense expulsado a nosa frota, por exemplo, das doce millas de Irlanda—; aos dereitos históricos —un criterio polo que se ten aplicado dun xeito totalmente discriminatorio e que beneficia outros países como poden ser Francia, Alemaña, Dinamarca ou Bélxica—; ou ao principio de estabilidade relativa, que posibilitou unha repartición de cotas arbitraria e que non ten para nada en conta a realidade. Criterios tremendamente prexudiciais para os intereses de Galiza e que nunca foron revisados, máis ao contrario, consolidados e empeorados.

Coa renovación da política pesqueira común 2014-2020 de novo foi esquecida a revisión do principio de estabilidade relativa e posibilitou que determinados países manteñan cotas por encima das súas posibilidades, mentres a nosa frota segue camiño do desguace, do despezamento, a pesar de que hai recuperación de especies estratéxicas, como pode ser a pescada no Gran Sol, ou mentres no despezamento de barcos podemos falar do Gran Sol, que dos 300 barcos pasou aos 69 actuais, a pesar de que hai especies como o rape onde hai toneladas que non se pescan.

Vemos como os *lobbys* impoñen criterios e tratados comerciais con outros países, mentres os nosos barcos son expulsados ou o modelo de taxa e cotas demóstrase demoledor para o mantemento da actividade e o emprego en Galiza, ou mentres os fondos FEP están deseñados non para axudar unha zona tan altamente dependente da pesca, como é Galiza, senón para cumprir criterios impostos pola Unión Europea, pero que, dende logo, non favorecen o desenvolvemento do noso sector en Galiza.

Neste contexto, a aplicación desta nova medida coercitiva, como é a dos descartes, sen un plan adecuado á realidade da pesquería en Galiza, é unha medida que ten como finalidade diminuír drasticamente os días de pesca, rebaixando xa as de por si exiguas posibilidades de capturas, facendo inviable a rendibilidade das nosas empresas e abocando ao amarre de máis días dos que xa ten que estar amarrada a nosa frota. Cremos que o plantexamento dos descartes afecta directamente a frota galega, pois é unha pesqueira multifuncional que, dende logo, nada ten que ver comparativamente con outras pesqueiras doutros países, sobre todo do norte, que se dedican a determinadas especies e que ademais non teñen problemas de cota, é dicir, é a aplicación dunha norma, dende logo, non ten nada que ver nin tivo en conta a especificidade das frotas galegas. Podemos tamén falar do que afecta á frota do arrastre ou ás artes menores, que se ven sometidas a unha medidas sen ter para nada en conta a súa repercusión.

Temos que falar dunha frota moderna, competitiva, altamente profesional, xeradora dunha grande actividade económica e da cal Galiza é altisimamente dependente. Para o BNG é fundamental defender a nosa frota, é un dos nosos principais sectores produtivos...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: ...que ten que ter —remato, presidente— un enorme futuro, pero, evidentemente, sempre e cando nos deixen traballar e sempre e cando consigamos darlle a volta a determinadas normas como esta, que nos permitan que ese futuro sexa viable.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Toja.

A señora TOJA SUÁREZ: Grazas, señor presidente.

Bo día.

En primeiro lugar, saudar os distintos representantes do sector pesqueiro que nos acompañan hoxe aquí, a todas as persoas que están na tribuna e nos escoitan hoxe, pero especialmente á Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible Social, FREMSS, que é a autora do manifesto ao que hoxe, dende o Grupo Socialista, imos dar o noso apoio.

Pero creo que é importante que expliquemos como chegamos ata aquí. Como chegamos a unha situación que ten totalmente en vilo o sector, pendente dunha decisión que pode marcar, que pode determinar o futuro do sector pesqueiro. Pois isto comezou xa no ano 2010, cando xorde unha campaña para loitar pola eliminación dos descartes, e no ano 2013, na nova política pesqueira común incluíuse a necesidade de reducir e eliminar os descartes, así como as capturas non desexadas.

Así, na Política Pesqueira Común temos, por unha banda, o artigo 14, que establece esa necesidade de ir eliminando progresivamente as capturas non desexadas. O sector comprende

esa obriga, o sector compréndea sempre e cando se manteña o necesario equilibrio que permita a continuidade da súa actividade. Criterio medioambiental si, pero, por suposto, tamén criterio socioeconómico. E, por outra banda, temos o artigo 15 da Política Pesqueira Común, que establece a necesidade de reter a bordo e desembarcar todas as capturas das especies reguladas, e ademais iso vaise contabilizar contra a cota. E aí o sector alerta, alerta sobre os problemas para as frotas. ¿Por que? Porque para algunhas especies a cota é moi reducida. Para que se entenda —aproveitando ademais que hai nenos e nenas dun colexio—, para que se entenda, todo o peixe que vén á rede hai que desembarcalo e conta como cota, e o que exceda desa cota, son descartes, e eses descartes hai que desembarcalos. Desembarcalos significa traelos a terra, e iso significa que hai que traelo no barco e, polo tanto, implica ocupación de espazo e implica tamén carga de traballo.

Isto é o que preocupa tamén enormemente ao sector en dúas bandas. Por un lado, que as posibilidades de pesca se vexan estranguladas, porque se se esgotan as posibilidades de pesca non se pode saír a pescar, a frota permanecería amarrada. Se non se pode pescar, non se pode saír, e iso pode supor unha parada prematura da frota e incluso perda de emprego e, en consecuencia, perda de poboación nunha Galicia que, como saben, estamos en regresión demográfica.

Isto será maior, terá maior impacto ademais, nas pesqueiras mixtas. As pesqueiras mixtas son aquelas que teñen unha especie principal, e xunto con esta especie principal poden vir outras que teñan cota cero. Ou pode ocorrer tamén que haxa un incremento natural dunha ou doutras especies e que non haxa cota suficiente. Polo tanto, é unha preocupación que se vexan as posibilidades estranguladas. E como diciamos antes, preocupa tamén o espazo así como a carga de traballo que isto supón.

Pois moi ben, neste escenario, nesta situación, cunha política pesqueira común, a Fundación FREMSS acaba de facernos chegar a todos os grupos parlamentarios o seu manifesto, no que pide precisamente que esta obriga da que estamos falando hoxe se flexibilice, que esta obriga de desembarcar, que como saben será efectiva a partir de xaneiro do ano 2019, se flexibilice.

É evidente que a propia Comisión de Pesca da Unión Europea, coas súas propostas, é a que vén creando problemas para cumprir con esta obriga. Todos recordamos, por exemplo, a xarda que vén á rede e recordamos as imaxes dos mariñeiros galegos tirando a xarda pola borda, tirando o seu traballo, etc. Aproveito, ademais, que está aquí a señora conselleira para preguntarlle se de verdade pensa, cando nos din que as cotas son suficientes, que unha pesqueira que apenas dura dous meses, marzo e abril, iso implica cotas suficientes. E ao final xa ven, fixéronse descartes, a Unión Europea é incapaz de establecer un modelo de xestión desta pesqueira que permita á frota galega e á frota do Cantábrico capturar a xarda con cota suficiente.

Penso que hoxe, ademais, é importante que reflexionemos e que nos preguntemos que está facendo a Consellería do Mar para reverter tamén esta situación. O sector ten propostas concretas para a xarda orientadas a facer unha explotación diferente, pero todo, como saben, está parado. A inquietude persiste e ten que persistir, porque, tal e como advirte o sector, as medidas no solucionan a problemática real para unha frota que carece de cotas suficientes,

e principalmente as pesqueiras mixtas verían estranguladas as súas posibilidades de pesca, o que implica, como diciamos antes, amarrar a frota. Se non hai posibilidades de pesca, non se pode saír pescar, e, polo tanto, amarraríase a frota.

Polo tanto, hoxe dende o Grupo Parlamentario Socialista apoiamos o manifesto de FREMSS, que deixa claro que defende e comparte a necesaria conservación de ecosistemas mariños, mantendo e elevando as poboacións dos seus recursos vivos e rendementos máximos sostibles, pero defendendo igualmente que o pescador sexa tido como parte do recurso, buscando un equilibrio entre eles, un alimento que é fundamental para as poboacións humanas e que, tal e como está establecida actualmente a obriga de desembarque en termos biolóxicos, pode poñer en perigo a sustentabilidade socioeconómica da estrutura pesqueira e o emprego do sector produtivo.

Finalmente, unicamente dicir que apoiamos hoxe esta iniciativa compartindo que a eliminación dos descartes ten que ser progresiva para que poida ser un compromiso viable.

Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Toja.

Antes de darlle a palabra ao señor Merlo, do Grupo Parlamentario de En Marea, permítame, señor Merlo, só un segundo, que vou saudar os alumnos e alumnas do Centro Plurilingüe O Ramo, de Barallobre, Fene, alumnos de 5º e 6º de primaria, e tamén saúdo a todas as persoas que hoxe nos acompañan na tribuna e aos profesores. Benvidos ao Parlamento. Moitas grazas.

E agora, señor Merlo, cando queira.

O señor MERLO LORENZO: Moitas grazas, presidente.

Saudar os representantes do sector e da Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible Social, FREMSS, que pide a esta institución unha flexibilización da obriga de desembarque de capturas no marco da súa política de descartes cero.

A entidade presentou a todos os grupos a petición de apoio dun manifesto no que se insta a non aplicar unha política de descartes igual para todas as frotas e para todas as frotas por igual. Concordamos en que isto é un grande erro.

Expoñen no seu manifesto, ao que brindamos apoio con esta iniciativa, que en termos xerais a frota da Unión Europea calcúlase que descarta arredor de 1.300.000 toneladas de peixe, un 10 % do capturado, porque non son aptas para o consumo, non teñen saída comercial, non teñen unha talla regulamentaria ou non se dispón de cota para amparar as súas capturas. Esta é unha das problemáticas e da realidade.

A modo de referencia para poñelo en contraste, eles mesmos nos trasladan o dato de que, comparativamente aos datos de descarte da actividade pesqueira, na Unión Europea refúganse anualmente sobre 89 millóns de toneladas de comida en bo estado, un 30 % do pro-

ducido. Polo tanto, hai un agravio comparativo entre as políticas que se aplican nunhas industrias, nuns sectores, e noutras. Consideramos que hai que ter unha reflexión, cando menos, de cara a isto.

Ao redor da actividade temos que considerar o obxectivo de descartes cero como un obxectivo de desperdicios de alimentos cero, que é inalcanzable a día de hoxe. Sabemos, e nos consta, que o sector traballa activamente, dende a última década, en reducir estes descartes, como os datos así o asemellan. Tratan de mellorar a eficiencia e a sostibilidade da actividade, pero, evidentemente, todo ten que ir fiado cunha flexibilidade de cara a acadar uns obxectivos comúns que lle interesan tanto ao sector como á sociedade.

Pensamos, neste sentido, que toda a sociedade, e o propio sector, compartimos a importancia de reducir os descartes, aínda que temos que considerar tamén a necesidade de valorar outras cuestións. É dicir, a propia comunidade científica a día de hoxe, aínda que contempla que os descartes sexan unha medida que hai que fomentar e que hai que ir implicando, non teñen claro tampouco como incide esta política tan restritiva respecto ás propias biomasas e ao medio mariño. Por exemplo, existen moitas lagoas nos informes e estudos realizados que fan discrepar á comunidade científica a respecto de como inflúen estas medidas no medio mariño, xa que estes descartes, ao fin e ao cabo, forman tamén parte do ecosistema mariño, dado que son moitas veces aproveitados na cadea trófica.

Outro dos puntos, por exemplo, é como inflúe tamén a restrición das cotas, moitas veces, en certas especies na biomasa. Evidentemente, hai que preservar a biomasa, pero moitas veces se producen desequilibrios froito de quitar un dos depredadores do sistema, como é a pesca. Moitas veces o estamos vivindo aquí en Galiza, nomeadamente coa invasión desta nova especie de xarda que non é a común, a xarda pinta, creo que se chama... Correcto, e que evidentemente, se ben queremos protexer a biomasa da sardiña, temos tamén un factor que está dificultando isto, porque esa xarda devora totalmente esa outra especie que queremos protexer.

Polo tanto, nesta reflexión temos que introducir certos criterios: que non hai unha verdade única, que si hai un fin común pero que debemos ter unha certa flexibilidade. Por outra banda, tamén hai que ter en conta unha cuestión que xa se trasladou aquí por parte dos outros voceiros que me precederon, que é a cuestión de que co peso que ten Galicia e coa importancia que ten o sector da pesca para o produto interior bruto non só do país, senón de todo o Estado, temos que ter un pouco máis de forza e de capacidade de dirimir estas cuestións. É dicir, estas políticas realmente poden levar a un obxectivo diferente do que se pretende, que é situar a Galicia definitivamente nesa Europa da velocidade lenta na que nos queren incluír moitas veces con estas políticas que non se asemellan nin xustas nin proporcionais nin efectivas de cara ao obxectivo que perseguen, pero si moi efectivas de cara a dificultar moito o desenvolvemento dun sector produtivo como é o da pesca, que é fundamental para o desenvolvemento do país.

Polo tanto, non me vou estender moito máis. Manifesto o noso apoio e os parabéns polo bo labor que leva desenvolto o sector e a proposta de manifesto que nos traslada hoxe FREMSS, no que nos pide a esta institución que apoiemos a petición da flexibilización destas políticas,

tendo en conta, evidentemente, outros factores como a natureza de cada unha das pesqueiras, e non facendo un totum que, evidentemente, non é xusto nin é ecuánime para as necesidades do sector.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Merlo.

Hoxe temos moita rotación de alumnos e alumnas, iso é bo. Oxalá veñan moitos máis aquí ao Parlamento. E agora aproveitamos para saudar os alumnos e alumnas de intercambio, franceses e italianos, do concello de Burela. Benvidos ao Parlamento.

E agora si, ten a palabra polo Grupo Parlamentario Popular a señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Señor presidente, señorías, responsables da Fundación FREMSS, alumnos que nos acompañan hoxe nesta sesión plenaria, conselleira, antes de entrar en materia gustaríame falar un pouco e facer unha pequena reflexión sobre as intervencións das deputadas que me precederon no turno da palabra e que teñen moitas recomendacións, moitas exixencias e moitos consellos para as deputadas do Partido Popular. Din que deberiamos ruborizarnos en ocasións, que actuamos con tibieza... Antes de comezar o tema —insisto— eu quería dicir que ás deputadas do Partido Popular de Galicia o que non nos gusta é que nesta Cámara estean presentes as deputadas de *tú no sabes quién soy yo*. Iso si que non é unha cousa decente, iso si que tería que ser algo para ruborizarse. *(Aplausos.)* Polo tanto, nós non imos permitir que todas as intervencións desta Cámara caian hoxe sobre as deputadas do Partido Popular, non o imos permitir.

Imos á materia *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*, imos á materia, porque a verdade é para felicitarnos todos os grupos pois imos apoiar hoxe un manifesto da Fundación FREMSS. Eu vou falar do conxunto das peticións que fan no manifesto, polo que nós, este partido, esta Xunta de Galicia, por suposto que están a favor. Non vou entrar en materias nin en clases maxistrais, como entrou a voceira do PSdeG, ou a de En Marea, de explicacións concretas, porque non creo que saiban máis que as persoas que redactaron ese manifesto. Polo tanto, este partido e a Xunta de Galicia sempre defenderon a necesidade de evitar progresivamente os descartes na pesca con base en estudos rigorosos feitos especie por especie, feitos caladoiro por caladoiro; polo tanto, buscando outras alternativas de pesca. E si que é verdade que isto —a obriga de desembarque de todas as capturas— é un punto moi importante e fundamental da política común de pesca, e, polo tanto, a nós interésanos moito implicarnos neste tema.

Así se reflicte tamén —o que dicimos de buscar diferentes alternativas— no Ditame de Galicia sobre a reforma da política común de pesca, feito pola Xunta e polo Consello Galego de Pesca, e no que se recolle, especificamente, un punto principal destinado a fixar postura ante aquela proposta de eliminación total dos descartes.

Ademais, hai que salientar que esta política de descartes cero, que establece a política común de pesca, choca frontalmente co criterio de reparto de cotas de pesca da Unión Europea, de-

nominado principio de estabilidade relativa e establecido hai máis de trinta anos, nun momento no que non existía a obriga de desembarco de capturas.

Xa o temos manifestado tamén nunha PNL que presentou o Grupo Parlamentario Popular referente a este tema, e expuxemos enriba da mesa estes mesmos argumentos. Polo tanto, resulta de difícil implementación a curto prazo esa medida que propón a política de pesca común, e entendemos que se necesitan estudos técnicos, que se necesita unha maior flexibilidade temporal na súa aplicación.

Entre as medidas de flexibilidade que propón Galicia ante a prohibición están o alugueiro ou compra de cota e o incremento de cotas para achegarse á composición das capturas. Tamén o establecemento dunha reserva comunitaria de capturas accidentais de cotas de pecas ou o uso de artes selectivas, tamén exposto —insisto— na PNL que presentamos hai dous ou tres plenos.

Para avanzar nesta cuestión, sabemos que Galicia participa activamente tamén na Mesa estatal para a eliminación dos descartes. A conselleira represéntanos na mesa estatal que foi creada polo Goberno central para analizar os plans de acción, precisamente, a desenvolver para minimizar os descartes e, tamén, obter o máximo rendemento e aproveitamento deles. E para a defensa desta flexibilidade apelamos á cooperación tamén entre as rexións, porque isto é unha iniciativa, é unha política da Unión Europea que afecta diferentes rexións con intereses comúns. De aí que Galicia participara xa en varias reunións con outras rexións afectadas, como a Bretaña ou como o país galo na preparación de accións conxuntas.

Tamén houbo en Vigo, no pasado mes de xuño, unha xornada con estas rexións para pór en común eses traballos e delimitar o rumbo das nosas demandas. Demandas nas que compartimos sentir e intereses e nas que temos moitos aliados. Nós, como grupo parlamentario maioritario e que apoia tamén o Goberno, sentimos que temos unha gran responsabilidade apoiando este manifesto. E, polo tanto, cremos que é fundamental e que é moi importante ir todos da man. Tamén sabemos, ademais, que desde o Goberno autonómico e desde o central se está apoiando o traballo do propio sector neste eido. E son varios os proxectos que se desenvolven coa participación do Cetmar, sendo coñecidos varios desenvolvidos coa frota de Marín e coa frota de Vigo.

En todo caso, este documento que propón FREMSS parécenos moi acaído, cremos que representa o sentimento do sector e tamén o da Xunta. Un documento, ademais, que foi obxecto de debate no Consello Galego da Pesca; polo tanto, saíu referendado, tamén, dese consello onde está representado o sector, e, polo tanto, sairá referendado do Consello Galego da Pesca e deste Parlamento, porque votaremos todos os grupos a favor.

E nós compartimos a visión da FREMSS e non queremos caer en posicións que afoguen o noso sector. Sabemos que menos descartes, máis ingresos, se pode converter en cero descartes, cero ingresos, e que, como ben di esta exposición de motivos, ou descartamos algún peixe ou teremos que descartar moitos pescadores. Polo tanto, ou descartamos algún peixe ou teremos que empezar a descartar moito valor engadido para a nosa economía.

Nós avogamos e apoiamos a FREMSS na súa defensa dunha flexibilización real e efectiva da norma de obrigación total de desembarque, postura na que tamén sabemos que está o Goberno galego e que veu defendendo, ademais, na propia xestación da norma, conseguindo, xa daquela, que a postura ríxida dun principio tornase xa nunha aplicación paulatina dese aire; precisamos aire, precisamos aire e niso sabemos que se está.

Se sumamos forzas, se sumamos argumentos, sabemos que todos podemos xuntos saír adiante e que sairemos adiante. Por iso, benvidas sexan as iniciativas como esta, por parte de toda a Cámara, e os apoios que hoxe se lle prestarán.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Rematado o debate sobre as proposicións non de lei procedemos á votación das mesmas.

Pechen as portas, por favor.

Votación das proposicións non de lei

O señor PRESIDENTE: Comezamos votando a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona Noela Blanco, sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera.

Estaba pendente unha transacción. Se a quere ler, por favor.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Si, léoa: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade na nosa comunidade autónoma co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de finalizar novembro de 2018, tanto nas solicitudes coma nas revisións das valoracións de discapacidade».

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de Dª Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre o incremento por parte do Goberno galego do número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade en Galicia co fin de eliminar as listas de espera.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, a través da súa deputada dona Ángeles Cuña.

Había unha autoemenda que quedou aprobada, e está pendente unha transacción. Se nola le, por favor.

A señora CUÑA BÓVEDA: Si, quedan igual o punto 1, o 2 e o 3.a). E o punto 3.b) quedaría así: «Tendo en conta o acordo aprobado por unanimidade polo Pleno da Deputación da Coruña, poñer en marcha todas as accións administrativas e xudiciais oportunas para conseguir a súa recuperación ou conversión posesoria e de oficio para o patrimonio público do pazo de Meirás e o seu posterior destino conveniado a uso de dotación pública».

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Acuña.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez García e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co título de adquisición do pazo de Meirás por Francisco Franco.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular, a iniciativa de dona María Ángeles Antón Vilasánchez.

Non se aceptaron as emendas do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Socialista.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª María Ángeles Antón Vilasánchez e oito deputados/as máis, sobre o establecemento pola Xunta de Galicia de medidas que fortalezan o Comité Internacional de Expertos do Camiño de Santiago, así como a elaboración dun programa de colaboracións cos centros de estudos xacobeos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 54; abstencións, 18.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de Dª Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno cen-

tral dun plan de compensación en materia ferroviaria que inclúa compromisos concretos especialmente dirixidos ao interior de Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a iniciativa de dona Paula Prado.

Foi aceptado o punto 2 da emenda do Grupo Parlamentario Socialista como engádega, así como tamén o punto 2, tamén como engádega, do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de Dª Paula Prado del Río e once deputados/as máis, sobre o impulso polo Goberno galego das reformas legais oportunas para que a Xunta de Galicia poida defender os dereitos das vítimas e exercer a acción penal nos xuízos por delitos de discriminación derivada ou por razón da situación familiar consecuencia da maternidade da muller.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobado este texto.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, a iniciativa de dona María Luisa Pierres.

¿Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Popular e unha proposta de transacción? *(Pausa.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*¿Non a hai?

Entón, votamos tal e como está redactada a proposta.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de dona María Luisa Pierres López e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa igualdade efectiva de mulleres e homes na Administración xeral e no sector público autonómico, nas empresas e no emprego, así como as demandas que debe realizar ao Goberno central ao respecto.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a iniciativa de don Xosé Luís Bará.

Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

Perdón. ¿Si, señor Bará?

O señor BARÁ TORRES: O Grupo Socialista pide a votación por separado do punto 2, e entón non teriamos problema en aceptala.

O señor PRESIDENTE: Entón temos que volver empezar. *(Murmurios.)* ¡Claro! Hai que volver empezar, eu entereime agora disto e non podo... Entón volvemos empezar a votación.

Votación do punto segundo da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derrogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 39.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitado este punto dous.

O señor PRESIDENTE: E votamos o resto dos puntos desta proposición non de lei.

Votación dos restantes puntos da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe realizar a Xunta de Galicia para demandar do Goberno do Estado a modificación do Código penal e a derrogación da Lei de seguridade cidadá para impedir a actual interpretación dos delitos de incitación ao odio e enaltecemento do terrorismo.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 18; votos en contra, 53.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados estes puntos desta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, do Grupo Parlamentario Socialista, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

Votación da Proposición non de lei dos G.G. P.P. Popular de Galicia, En Marea, Socialistas de Galicia e Bloque Nacionalista Galego, sobre a posición do Parlamento de Galicia en relación co Manifesto

para a flexibilización da obriga de desembarque das capturas realizadas pola frota da Unión Europea, elaborado pola Fundación Rendemento Económico Mínimo Sostible e Social.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 71.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

Declaración institucional

O señor PRESIDENTE: Antes de continuar co outro punto da orde do día, paso a ler unha declaración institucional que me fan chegar os grupos en relación co Día internacional do pobo xitano:

«O Parlamento de Galicia, como cada 8 de abril, súmase á celebración do Día internacional do pobo xitano. Unha data que lembra o Congreso Mundial Xitano celebrado en Londres o 8 de abril de 1971, no que se instituíron a bandeira e o himno xitano, símbolos dunha identidade cunha historia e cultura propias. Un bo momento para a homenaxe e o recordo a todas aquelas vítimas xitanas dunha longa historia de exclusión, rexeitamento e persecucións. Un bo momento para lembrar ás nosas sociedades que o pobo xitano segue a vivir hoxe en día, en España e en Europa, unha cidadanía de segunda.

A pesar dos avances sociais que se produciron nas últimas décadas, e a pesar dos pasos que se deron máis recentemente no recoñecemento institucional da comunidade xitana, os xitanos e xitanas seguen vivindo situacións de grave desigualdade, exclusión e segregación respecto ao conxunto da cidadanía; continúan sendo o grupo social máis discriminado, tanto en España coma na Unión Europea, e continúan excluídos dos procesos de participación social dos que gozan o resto de cidadáns e cidadás en sociedades coma as nosas. Desde os poderes públicos moitas veces téñense dado respostas parciais, sectoriais e curtopracistas a unha realidade que non ten en conta o valor da diversidade cultural e que non a recoñece como factor de desenvolvemento na sociedade. Falta abordar a cuestión xitana desde unha perspectiva integral de recoñecemento cultural, de dereitos e de cidadanía.

Fronte á persistente brecha de desigualdade que sofren as persoas xitanas no acceso e no gozo de dereitos sociais básicos, como o dereito a unha vivenda digna, o dereito a unha educación, ou a un traballo e a unhas condicións laborais equitativas e satisfactorias, cómpren políticas que realmente protexan, promovan e defendan os dereitos das persoas, tamén das minorías e dos grupos socialmente máis desfavorecidos. Fronte ao crecente rexeitamento ao diferente e a discursos excluíntes que promoven prexuízos e estereotipos negativos, e incitan á discriminación e ao discurso de odio cara a determinados grupos, como as persoas xitanas, fai falta máis educación, máis sensibilización e máis aplicación da lexislación que garanta a promoción da igualdade e o dereito á non discriminación. Fronte a dinámicas sociais que exclúen ou invisibilizan sistematicamente as persoas xitanas de procesos de participación cidadá e de recoñecemento cultural, fan falta políticas que favorezan espazos e canles de participación de persoas e grupos con identidades culturais plurais e diversas.

Para garantir o exercicio da plena cidadanía da comunidade xitana desde o recoñecemento á súa identidade cultural, é necesario, polo tanto, avanzar en paralelo en tres direccións: o acceso e o gozo en igualdade de condicións dos dereitos sociais; a protección fronte á vulneración do dereito á non discriminación; así como o recoñecemento institucional da súa identidade cultural e a promoción da súa participación nas distintas esferas da sociedade, como cidadáns e cidadás, como xitanos e xitanas, poñendo en valor a súa identidade cultural e as achegas que ao longo da historia fixeron á sociedade.

O Día internacional do pobo xitano, aínda sen ser recoñecido oficialmente en España, celébrase cada vez máis en pobos e cidades pola implicación e o compromiso de numerosas administracións, entidades e institucións que recoñecen o pobo xitano como parte inherente da nosa sociedade. É un bo momento, polo tanto, para reivindicarmos a diversidade cultural e o valor que achegan as distintas identidades culturais, plurais, diversas e dinámicas que, como a xitana, conforman a nosa sociedade.

Pero tamén é bo momento para pedirmos o apoio dos poderes públicos e a solidariedade da sociedade para avanzar, como o están facendo outros grupos ou colectivos máis activos ou con maiores apoios na sociedade, cara ao recoñecemento duns dereitos económicos, sociais e culturais que permitan aos xitanos e xitanas non só melloraren as súas condicións de vida, senón seren parte activa da cidadanía.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2018»

Moitas grazas. (*Aplausos.) (Apróbase por asentimento.)*

O señor PRESIDENTE: Rematou, poden abrir as portas, continuamos coa orde do día.

Continuamos con interpelacións.

Interpelación de Dª Eva Solla Fernández, do G. P. de En Marea, sobre a política do Goberno galego en relación coa prestación de asistencia sanitaria no Sergas por medio de concertos coa sanidade privada

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Boa tarde, xa.

Señor Almuíña, estamos outra vez aquí para falar deste asunto e, como xa indicamos onte, efectivamente, non tiñamos moita esperanza —certamente, non hai problema en recoñecelo— de que vostede aceptase a comparecencia, pero alegrámonos de manter a insistencia nesta interpelación, porque onte estivemos presenciando unha comparecencia súa na que practicamente non respostou a ningunha das cuestións que plantexamos.

Xa sabemos que non estamos de acordo, en xeral, co modelo sanitario e, evidentemente, con esta privatización, ao noso entender, de servizos sanitarios.

Polo tanto, hoxe vémonos obrigadas, outra vez máis, a vir aquí ante unha situación que nós consideramos que é unha situación moi grave. E a min gustaríame que hoxe vostede respondese ás cuestións non só que plantexamos durante a sesión de onte, senón ás que hoxe lle imos facer.

A realidade é que só hai que ver o prego de prescrición técnicas e o prego de cláusulas administrativas para darse conta da magnitude desta privatización, que vostedes minimizan trasladando que xa anteriormente existía concertación de servizos. Efectivamente, nós preguntámonos por que a día de hoxe na totalidade do Servizo Galego de Saúde, a día de hoxe, non pode proporcionar ao sistema público a hemodiálise, os tratamentos de hemodiálise que deberían estar a darse dentro do Servizo Galego de Saúde.

Sabe vostede, seguramente o sabe xa, que temos requirido eses contratos e a lista de contratos que vostedes manteñen cunha serie de empresas e de fundacións nunha situación, ao noso entender, totalmente opaca. Unha prestación que perfectamente debería e podería darse dentro do Servizo Galego de Saúde.

Vostedes introducen neste contrato como un lote, pero, evidentemente, introducen outro lote máis que, para o noso entender, é a primeira vez que se globaliza dentro dun contrato a privatización de todos estes servizos, e hai unha serie de cuestións dentro dos pregos ás que hoxe debería —ía dicir que vai ter que responder— responder aquí, porque é habitual que vostede non resposte.

Vostedes normalizan unha situación na que se están trasladando progresivamente os fondos da sanidade pública á sanidade privada. E imos empezar pola orde das páxinas do prego, porque hai moitas cuestións que vostede debería aclarar aquí.

Creo que queda bastante claro —páxina 3 dos pregos de cláusulas administrativas— que cando vostedes trasladan que, evidentemente, neste proceso, ademais, van poñer a disposición da propia empresa as historias clínicas, e vostedes lles din aquí que teñen que comprometerse a non utilizar ou aplicar os datos aos que teña acceso por razón de servizo, vale. ¿Como van garantir de entrada xa que se respecte a Lei de protección de datos? ¿E con que consentimento esas persoas, ás que vostedes obrigan a ir á privada pola Lei de garantías de prestación sanitarias, dan o consentimento para que se teña acceso ás súas historias clínicas? Isto non é o máis relevante da privatización, pero evidentemente está aí. *(Murmurios.)*

E hai un aspecto moi importante e que xa lle dixemos onte que é o que máis nos interesa, o que ten que ver con eses profesionais da sanidade pública aos que vostedes van obrigar a ir facer traballo ou intervir na privada. Fala o propio prego, na primeira páxina, por exemplo, dos procedementos realizados por médicos do Servizo Galego de Saúde, e ao longo de todo o prego vaise facendo referencia a algúns procedementos nos que van ser requiridos eses profesionais. Vostede onte non respostou. Ao noso entender aquí viólase a Lei de incompatibilidades, aínda que no prego digan que non se vai violar esa lei, e, evidentemente, pisan vostedes por enriba da negociación colectiva con respecto ás centrais sindicais. Queda patente nos propios pregos nese sentido.

Pero, ademais, hai outros aspectos relevantes que hoxe vostede debería de contestar aquí. Nós entendemos que o que están facendo, ademais, non só é privatizar o sistema, senón incentivar a baixa calidade asistencial. Hai un punto que nos parece un escándalo, e é que vostedes priman as altas máis prematuras con ese contrato. Di literalmente: «Co fin de establecer mecanismos incentivadores que premien os centros que se esforcen por proporcionar unha maior calidade asistencial e ter menor estancia media, distinguiranse dentro da categoría da estancia con médicos do centro tres subcategorías». É dicir, vostedes dan máis puntos aos centros que garantan que van enviar á casa antes os doentes. Iso na práctica é algo totalmente alonxado da calidade asistencial, vostedes non teñen un criterio médico, hai doentes que necesitan irse antes, hai doentes que necesitarán quedarse máis. Pero aquí hai máis puntuación para aqueles que poidan garantir que, evidentemente, van mandar antes as persoas á casa.

Claro, iso, dende logo, señor Almuíña, está moi lonxe de falar de calidade asistencial. E para garantir que continúa o negocio —páxina 7—, cando a alta sexa causada polo traslado do doente a un hospital do Servizo Galego de Saúde por non dispor o centro dos medios axeitados para a súa asistencia, non procederá a facturación do proceso, nese caso soamente se aboarán as estancias xeradas ata ese momento. ¡Só faltaba que lle pagasen sen dar o tratamento!

A realidade é que finalmente —a pesar de que van privatizar e, polo tanto, esas empresas firmar uns contratos coa sanidade pública— resulta que se non teñen os medios non pasa nada. ¿Na práctica que significa? Que as empresas van escoller aquilo que lles sexa máis rendible, e como sempre o máis caro, o máis complexo, queda para a sanidade pública. Vostedes non queren acabar de todo coa sanidade pública, é evidente, porque a necesitan para atender aquelas patoloxías máis caras e que non son negocio para a sanidade privada, queda bastante evidente ao longo de todos os pregos.

Nos casos —di— nos que na mesma intervención conflúa máis dun proceso patolóxico ou distintas localizacións dun mesmo proceso, facturarase cun incremento do 40 % sobre a tarifa do proceso máis complexo. Negocio para a empresa privada, páxina 8. Parécenos chamativo e á vez que escandaloso.

Na especialidade de cirurxía vascular, no que se refire á patoloxía arterial, a tarifa non inclúe os procedementos especiais de diagnóstico, que expresamente se sinalan como conceptos facturables no anexo I. Gustaríame, señor Almuíña, que hoxe aclarase aquí con que calidade se van facer esas intervencións. Hai un escándalo no hospital de Pontevedra, vostedes están enviando persoas a intervirse ao Quirón, á privada, cunha técnica máis antiga e máis invasora, sen avisalos da técnica que se lles vai practicar. Hoxe debería responder aquí que é o que van facer vostedes non só cos doentes de Pontevedra, senón tamén cos doentes da Coruña, e que calidade asistencial vostedes van garantir con esta privatización cando —se imos ao prego de cláusulas administrativas no referente á puntuación— non hai nin un só elemento que faga referencia á calidade asistencial como elemento de puntuación para este contrato, senón que vostedes se remiten a criterios técnicos que van de número de camas a número de intervencións cirúrxicas.

Por certo, valen o mesmo as sesións que se van facer con persoal privado que con persoal do Servizo Galego de Saúde, deses que vostedes van obrigar a ir traballar á privada, non sabemos

en que condicións, porque parece que non as negociaron. Polo tanto, non hai ningún tipo de criterio de calidade, e vostede debería responder hoxe aquí en función de que poden estar seguros as doentes e os doentes da Coruña que cando se envíen ao privado, por certo, de maneira obrigatoria —grazas á súa Lei de garantías de prestacións sanitarias—, van ter a mesma calidade que no Servizo Galego de Saúde. Non poden, porque en Pontevedra xa o están a facer. ¿E que sucede? Cando un se nega a ir, desaparece da lista e perde a garantía de prestación. Si, señor Almuíña, iso está na súa lei, iso está no seu decreto, e a xente ao final vai á privada porque non lle dan outra opción, e van, ademais, neste caso enganados, van con maiores secuelas e van cunha recuperación máis elevada. Esa técnica estaba ben para cando non existían outras, pero agora no servizo público, afortunadamente, hai técnicas mellores, pero vostedes teñen que garantir o negocio dos señores de Quirón. Explíquennos cales son as técnicas para cirurxía vascular que van utilizar no Complexo Universitario da Coruña.

E blindan, blindan, ao longo de todos os pregos, falan de que se procederá, que se aboará a tarifa do proceso, descartado se tivesen algunha proba feita; é dicir, a privada nunca vai perder, pode seleccionar os pacientes e no caso de que non lle vaia ben sempre vai ter a pública para asumir o tratamento desa persoa. E o doente circulando dun lugar a outro sen que se poida facer unha avaliación da calidade asistencial. Non só da calidade asistencial, senón unha avaliación de tipo financeiro.

E onte díxenllo e volvo trasladarllo: O Consello de Contas denuncia que vostedes non teñen ningún tipo de informe de fiscalización en ningunha das EOXI, na Coruña tampouco. ¿Con base en que vostede pode plantexar un contrato de 98 millóns de euros cando non ten nin sequera as contas da EOXI? ¿Que tipo de funcionamento interno é este? ¿Que tipo de calidade na xestión e na administración, señor Almuíña? ¿Pode responder vostede por que non existan contas? É bastante grave, a verdade, e todos os anos o Consello de Contas o denuncia.

Vou ir rematando, que neste momento me vai quedando xa moi pouco tempo.

Hai outros aspectos que logo lle vou trasladar. Deberíanos explicar que é ese concepto de «axudantías cirúrxicas», unha nova modalidade na que o persoal privado vai substituír o persoal público para operar na privada e que, ademais, vai ser facturado por riba da factura da cirurxía ou da intervención particular.

E, evidentemente, ao longo do resto das páxinas que dura o prego vostedes garanten ese servizo, e sen embargo non xustifican, ou non xustificou onte vostede de ningunha maneira, como vai garantir os dereitos dos traballadores e as traballadoras...,

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Remate, por favor.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: ....e hoxe vímonos obrigadas a volver traer aquí estas circunstancias e espero que hoxe vostede resposte, polo menos, a algunha das cuestións. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso): Moitas grazas.

Ten a palabra o conselleiro de Sanidade, o señor Vázquez Almuíña.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días.

Bos días, presidente.

Señorías, a verdade é que hoxe seguramente repetirei parte dos datos que de onte na comparecencia, porque as miñas interpelacións na mañá de hoxe unha vén dunha pregunta do pleno anterior e outra vén dunha comparecencia de onte. Entón, de verdade que pido desculpas por se nalgún momento repito datos xa expostos.

A estrutura organizativa de xestión integrada xestiona os recursos sanitarios da súa vía de referencia, tanto no que se refire ao persoal como aos centros hospitalarios e centros de saúde. A Xerencia de Xestión Integrada da Coruña proximamente vai ser Xerencia da Área Sanitaria da Coruña e Virxe da Xunqueira, e proporciona cobertura sanitaria a unha poboación de 548.283 cidadáns, dos cales o 52 % son mulleres e o 48 % homes. Un 23,3 % son maiores de sesenta e cinco anos e a esperanza de vida ao nacer é de 82,6 anos.

Esta poboación reside en trinta e seis concellos da provincia da Coruña e conta con cinco hospitais, tres centros de especialidades, cincuenta e nove centros de saúde, doce consultorios e trece puntos de atención continuada.

Nestas instalacións traballan arredor de 7.500 profesionais, un 77 % son mulleres, e o orzamento que xestiona esta xerencia para o ano 2018 é de 662 millóns de euros, un 9 % máis con respecto ao ano 2017.

Na atención primaria o sistema de saúde da provincia da Coruña e do Sergas forma unha estrutura sólida e ben distribuída, unha rede asistencial que permite que calquera cidadán de Galicia teña un recurso sanitario moi próximo á súa casa, esa é unha das grandes fortalezas que ten o Servizo Galego de Saúde.

Dende abril de 2017 decidimos avanzar con Telea para a atención primaria, que éa plataforma de asistencia domiciliaria integrada nos sistemas de información corporativos, que facilita o acceso telemático de pacientes nos diversos servizos asistencias e permite o control asistencial de pacientes no seu domicilio. Ao mesmo tempo tamén avanzamos e potenciamos o papel da enfermería—como comentamos tamén no día de onte— coa creación da categoría de enfermeiros especialistas en atención primaria e coa convocatoria de prazas para poder, como digo, actuar sobre os pacientes, sobre todo con envellecemento importante na nosa comunidade.

Os centros de saúde postos en funcionamento nos últimos anos por esta consellería son Culleredo, Arteixo-Vilarrodís, Cambre, O Temple, Vilarmaior,Oleiros, Agualada-Coristanco e Novo Mexoeiro.

Estamos tamén co plan director do CHUAC, facéndoo. Neste momento, pechamos a fase II, onde actuamos cun investimento de 32 millóns no Bloque Cirúrxico,Urxencias, Esterilización

e Radioloxía. E as obras de reforma e a ampliación de Urxencias do Materno deron comezo tamén esta semana por un valor de 1,4 millóns de euros, e actuaremos nunha superficie de 1.300 metros cadrados.

Neste momento estamos traballando na fase III do hospital da Coruña.

O novo bloque cirúrxico que puxemos en funcionamento hai escasos meses está situado no mesmo andar, cando antes estaba distribuído en catro plantas, co cal temos os trinta e dous quirófanos nunha mesma liña. Ao meso tempo tamén temos tres quirófanos de urxencias novos con máis de 600 metros de superficie con respecto aos que tiñamos anteriormente. Unha obra, este novo bloque, de 7 millóns de euros e unha dotación a equipamento de 7,8 millóns.

Neste investimento investimos tamén a nova central de esterilización, que —como ben saben— é fundamental para ter un bo rendemento cirúrxico, poder esterilizar o material o antes posible para dar cobertura á actividade dos nosos profesionais.

Dentro dese bloque cirúrxico —como saben— está un dos dous únicos quirófanos híbridos que neste momento hai en Galicia, e tamén dos poucos que hai en España.

Pero tamén os hospitais comarcais desta área están tamén sendo reforzados, como diciamos, desde logo, seguindo a filosofía aprobada na Lei de saúde nas últimas semanas e que entrará en vigor a finais deste mes. O Hospital Virxe da Xunqueira estrea, como dicía, un novo distrito sanitario, queda blindado, pero ao mesmo tempo estamos actuando no Servizo de Hemodiálise triplicando a capacidade que tiña ata este momento, co cal evitaremos desprazamentos á cidade da Coruña.

En canto á actividade, pois temos unhas cifras moi boas, en canto á prioridade 1 reduciuse en case 1,5 días, pasando de dezasete a dezaseis días. Nas patoloxías de prioridade 2 tamén se situou o tempo medio de espera en sesenta días, e na área de consultas externas o tempo medio de espera para ser atendido diminuíu de xeito significativo, 43,4 días fronte a dez días menos que no ano anterior.

En canto ao número de persoas que están á espera de ser atendidos en consultas externas para unha primeira consulta, diminuíu o número de persoas en 1.600. E tamén as vías rápidas están funcionando de forma, eu creo, moi eficiente. No cancro de pulmón está arredor de 3,8 días, en próstata 9,4 días, co cal os rexistros, a verdade, é que baixaron moitísimo. En cancro de mama tamén está nun día, en cancro de vexiga en 9,7 días e colorrectal en 3,5 días.

Polo tanto, estas prioridades 1 e 2 a oposición sempre di que as estamos privatizando, claramente son respostas do Sistema sanitario público, igual que o novo decreto en tempos máximos, onde estamos dando resposta —como esta mañá xa o dicía o presidente— a todas as intervención dentro do Sistema público de Galicia.

En canto aos concertos, no referente á colaboración co sector privado, entendemos que é importante que exista un sector privado complementario ao sector público, que engada valor ao sistema sanitario no seu conxunto.

A concertación de centros privados leva facéndose dende hai décadas, a través de instrumentos legais dispoñibles. Unha vez rematada a vixencia dos anteriores contratos de concertos, fíxose preciso tramitar unha nova licitación. O expediente de contratación da asistencia sanitaria especializada instrumentalízase como acordo marco, suxeito á regulación harmonizada para a selección de empresas e o establecemento das condicións que xeran os contratos derivados del, de conformidade co sinalado no artigo 196 e seguintes do Texto refundido da lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

En concreto, polo que se refire á tipificación do contrato dimanante do expediente de contratación que se está a tramitar, debemos ter en conta o disposto na Directiva 23/2014 da Unión Europea, do Parlamento Europeo e do Consello do 23 de febreiro de 2014.

Tras o vencemento co prazo de transposición da citada directiva, o noso ordenamento do 18 de abril de 2016 desprázase ao réxime xurídico do contrato de xestión de servizos públicos na súa modalidade de concesión, que era o que había ata agora, e substitúese, polo que presentamos o contrato de concesión de servizo público toda vez que as definicións nela contidas sorte efectos xurídicos ao ser claras, precisas e non ter que estar condicionadas.

Hai un cambio de nome que nos marca a lexislación e trasposta da Unión Europea. Trátase dun contrato que ten por obxecto unha das actividades contempladas na categoría 25 do anexo 2 de Texto refundido da lei de contratos do sector público, servizos sociais e de saúde, e non existe dúbida ningunha acerca da súa cualificación como contrato de servizos. Para a súa adxudicación utilízase o procedemento aberto e tramitación ordinaria. Cumprimos así, pois, coa normativa e con todos os instrumentos legais. De feito, a documentación á que a señora parlamentaria facía referencia consta dunha memoria xustificativa de necesidade dos pregos de cláusulas administrativas, do prego de prescricións técnicas, de inicio de expediente, do informe da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria, do informe da asesoría xurídica, do informe da intervención xeral, do acordo do Consello da Xunta, e foi publicada no Diario Oficial das Comunidades Europeas, no DOG e tamén no BOE. Polo tanto, a transparencia e loxicamente os diferentes informes indican que hai cumprimento total e absoluto da lei.

O orzamento para os concertos en 2018, como xa repetimos en moitas ocasións, vai ser de 205,5 millóns de euros, cun incremento con respecto ao 2017 do 1 %, pero 11 millóns inferior ao que tiña o Goberno bipartito hai —como coñecen ben— xa bastantes anos.

Polo tanto, o que ten que quedar claro é que é un tema legal, que se leva facendo moitísimos anos e que, desde logo, o que imos avanzando é coas modificacións que a lei de contratos nos exixe para dar unha asistencia de calidade. Tendo en conta que falamos sempre de centros concertados e acreditados pola inspección de servizos da consellería, da propia consellería, con criterios de calidade; criterios de calidade que están tamén dentro das prescricións, que igual non lle deu tempo á señora parlamentaria a poder ler e estudar, pero están aí presentes para que se poidan ver.

Creo que é unha polémica. Creo que ao non ler nun primeiro momento en que consistía, quixo dar unha rolda de prensa e se saíu un pouco de madre, e agora quere reconducir, pero,

desde logo, non hai razoamento ningún que poña a privatización cando estamos falando sempre de porcentaxes mínimas e, como digo, repetidas desde hai moitos anos.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Solla.

A señora SOLLA FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Non é esta unha interpelación para que vostede aclare os conceptos administrativos, aínda que está ben que recoñeza que, efectivamente, hai outras modalidades de contratación. Pero esta non é unha interpelación para iso, e permítame que lle diga que vostede fai mal faltando ao respecto a esta Cámara con esta intervención.

Onte xa non respostou ás preguntas, e estamos acostumbradas á súa soberbia, á súa falta de respecto. Pero non me falta ao respecto a min —que a min, sinceramente, me ofende quen pode, non quen quere—, senón ao resto de galegas e galegos e ás persoas que agardan unha resposta do responsable da saúde desas galegas e galegos. Porque vostede, moito ao noso pesar, é o responsable da saúde de todas as galegas e galegos, e desgraciadamente non ten nin o valor nin a capacidade de vir aquí e respostar, como é a súa obriga.

Lémbrolle, unha vez máis, as preguntas e as cuestións que plantexa a oposición. Vostedes non cren na división de poderes, ten vostede a interpelación por escrito. Creo que ten vostede capacidade de lela e, dende logo, de respostar en función do que lle acabo de trasladar.

E volve vostede facer unha introdución facendo unha descrición que non solicitamos nesta interpelación. É bastante habitual que vostedes utilicen a primeira intervención para dicir nada, a segunda para insultarnos á oposición e na última fase para facer un resumo que utilicen como titular. Estamos acostumbrados a ese método, vostede faino bastante habitualmente.

Pero, señor Almuíña, ten a interpelación por escrito e non respostou. E gustaríame que dixera por que, a pesar de non ter contas da súa EOXI —que vostede debería respostar por iso—, porque a responsabilidade de que non teñamos contas da EOXI da Coruña e do resto é súa. A responsabilidade serve para opositivo e para o negativo, e debería dicirnos aquí cal é a xustificación para recorrer de xeito estrutural a esta prestación de servizos privados.

Mire, dío claro o Consello de Contas, isto non é unha prestación complementaria. O propio Consello de Contas —que ademais non é, dende logo, afín a En Marea— indica en todos os informes cada ano que este tipo de prestacións, as concertacións, se están constituíndo en algo estrutural do sistema. Indica, ademais, unha páxina do último informe, que, con carácter xeral, nos concertos subscritos non se establecen requisitos específicos para a xestión da prestación, en particular non se regulan as condicións de recursos ou a calidade asistencial, nin se concretan indicadores de control. Non hai nin un só indicador de control que nos diga

nestes pregos cal é a calidade asistencial que vostedes van dar aos doentes. Díganos como van tratar eses doentes de cirurxía vascular, se os van enganar, como fan en Pontevedra. Vostede debería responder por isto. E, dende logo, non respostou que van facer cos profesionais.

Ten, señor Almuíña, reitero, as preguntas por escrito. Vostedes non consideran que isto é un abuso á sanidade pública, a vostede parécelle que isto é unha nimiedade, que isto é un contrato pequeno, e pretende —pensa— que insultándonos a nós e desmerecendo o noso labor parlamentario pode quitar ou retirar o foco da privatización que perpetuamente están a acometer sobre a sanidade pública.

Pero temos un contrato por catro anos, 98 millóns de euros blindados para esa sanidade privada, e na que os doentes non van poder dicir que non van, porque para iso o blindaron vostedes na Lei de garantías de prestacións sanitarias, e os cartos, toda esa acumulación que cada vez máis se vai á privada, e teño que volver sacar o informe do Consello de Contas, que di que na última anualidade se incrementou un 0,9 %, e na anterior foi un 1,4 %, porque todos os anos o revisamos, señor Almuíña, todos eses cartos que se van á privada non se van á pública, e prodúcense casos desgraciados como o que está a pasar nas Urxencias de Santiago de Compostela. Por certo, mañá levámolo á comisión, e temos precisamente a advertencia dos médicos do centro antes de que acontecese a morte da doente que está sendo investigada.

Estamos cansos de traer circunstancias gravísimas aquí, e vostedes desprezan todo ese sufrimento desas persoas, e obríganas, ademais, a ir á privada con blindaxe deses contratos que vostedes fan; ten as preguntas por escrito. Díganos como vai negociar cos sindicatos esa mobilidade forzosa deses profesionais. Díganos cales van ser as condicións, e díganos por que, reiteradamente, vostedes se negan aquí a respostar. Non nos imos cansar de traer esta circunstancia aquí, por moito que vostedes insistan, porque o que están facendo coa sanidade pública xa non é que o diga o Consello de Contas, que por certo hai que advertir que o presidente da Xunta mente reiteradamente e vostede tamén cando insiste en que se incrementaron os profesionais na sanidade pública, no Consello de Contas está por escrito a porcentaxe de redución dese gasto.

Pero, señor Almuíña, polo menos diga algunha verdade, ou intente contestar a algunha das preguntas.

Nós, pola nosa parte, seguiremos insistindo, por moito que a vostede lle moleste. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Solla.

Peche desta interpelación, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que ata o momento creo que non insultei á parlamentaria, a min si me chamou soberbio, mentiroso, e onte ignorante, ou sexa que eu creo que esa non é a fórmula para facer oposición. Creo, sinceramente, que non é así.

Loxicamente, eu teño que contestar ao que creo que teño que contestar, non ao que vostede crea que debo de facer, pero si teño que dicir unha serie de cousas que se teñen dito e que non son reais sobre o tema da ineficiencia, de que todo o que se gasta en concertados é por ineficiencia. A ineficiencia marca que somos os cuartos en lista de espera de España, creo que é un bo dato de ineficiencia que di a oposición.

O acordo marco é un acordo que dá unha seguridade xurídica a un acto, é unha decisión política que se toma nun momento determinado, pero cun marco legal baseado en todo o que estamos dicindo ata agora, con total transparencia, que creo que tamén é importante.

E hai un cambio de nome, que é que contrato de xestión de servizos públicos pasa a ser contrato de concesión de servizos públicos. Hai criterios de calidade, hai obxectivos de calidade que están no anexo, non sei se os viu ou non, pero si me chama a atención, profundamente ademais, que dicir que diminuír a estancia media —a estancia media, non a estancia dun individuo— é malo. Eu pensei que, precisamente, o que quere todo o mundo é tratar de resolver o seu problema e irse para a casa. ¿Como podemos considerar que iso non é un criterio que hai que primar? Claro que hai que primalo, porque o cidadán necesita canto antes volver á súa casa.

Evidentemente, o máis complexo facémolo na pública, con diferenza, e aí estamos todos de acordo, pero parece que tamén é malo, segundo di a parlamentaria ten que derivar tamén o máis complexo á privada. Evidentemente non, non o imos facer. ¿Por que? Porque temos as mellores instalacións e os mellores profesionais.

E seguimos facendo todo tipo de patoloxía no sistema público. Cando falamos de que aquí é un contrato que equivale a un 2,7 % do presuposto total da asistencia pública na área da Coruña, evidentemente é unha porcentaxe menor, pero é menor, ademais, que a que facía o Bipartito xa hai uns anos.

E, como dicía onte, ten mala sorte, tamén, por levar primeiro unha comparecencia e logo traer esta interpelación, sabendo que xa estaba aceptada a comparecencia, que vostede si que mentiu onte dicindo que non sabían se ían aceptar a comparecencia. Na Mesa do Parlamento díxose, e non se quixo retirar isto. O que queren non é solucionar, non é informarse, queren outra cousa. ¡Queren outra cousa!

Pero digo que teñen mala sorte, porque xusto onte —e tamén é curioso— o Consello de Contas, multinominado pola representante de En Marea, e nós falamos da Federación de Defensa da Sanidade Pública, coloca Galicia a nivel de que privatización nos din da EOXI da Coruña, e resulta que estamos no nivel medio, e que melloramos catro postos dende o ano 2015, baixando en privatización segundo a Federación de Defensa da Sanidade Pública a nivel nacional, e do ano pasado a este resulta que baixamos dous postos.

Pero, ademais, hai outro dato adicional, que hai un punto que é a porcentaxe do gasto sanitario dedicado á contratación con centros privados. Curiosamente, niso somos o décimo, ou undécimo, porque estamos empatados, de dezasete estamos no posto número dez ou número once, é dicir, os que menos porcentaxe de gasto temos. Xa non falamos de Cataluña, pero

podemos falar de moitas outras. Polo tanto, creo que teñen unha mala información, ou queren desinformar.

E hai outra cousa, que o leva repetido varias veces, o tema de que profesionais do Sergas poidan facer unhas intervencións nun centro concertado. Pois mire, iso ocorre, iso está no contrato, por se nalgún momento temos obras, ou temos algún problema nos quirófanos, podemos utilizar eses quirófanos para traballar, en horario laboral normal do traballador. Evidentemente, de forma voluntaria, pero facendo o seu traballo.

Pero rescato unha información que di que cando se fixeron obras —creo que era no Bipartito, nos anos 2007 e 2008—, as obras no Bloque Cirúrxico do hospital de Conxo, a Xerencia do Complexo Hospitalario utilizou os quirófanos dos centros concertados para realizar operacións con persoal propio. Nota de prensa de *El Correo Gallego*.

Este tipo de actuacións facíanse no Bipartito, e fanse dende sempre nos concertos, e queda esa posibilidade, pero, evidentemente, a porcentaxe maior faise na sanidade pública, só un 2,7 % deriva á sanidade privada, e esta é unha medida excepcional que se utiliza cando é necesario, e así figura.

Pero eu digo, calidade, legalidade, decisión política, que todos os gobernos —non só de Galicia, de toda España e dende hai moitos anos— utilizan de forma equilibrada para utilizala en picos determinados.

E como tamén o repite sempre, aquel que decide non ir a un centro concertado, que como dicimos non son os pacientes complexos, segue no rexistro de pacientes e é intervido no centro que elixe. E co decreto de tempos máximos conseguimos que todos os pacientes que non dispuxeran no seu hospital para ser intervidos, poidan elixir outro hospital se queren, pero sempre público, público, non privado, público.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Interpelación de Dª María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as deficiencias existentes nos servizos de urxencias hospitalarias

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado Cores.

A señora PRADO CORES: Moi bo día.

En primeiro lugar quero saudar os representantes dos profesionais do Servizo de Urxencias do CHUS de Santiago, e quero corrixilo, señor conselleiro, e tamén moi bo día, porque esta interpelación non vén dunha pregunta do anterior pleno, esta interpelación vén de que nin vostede nin a súa consellería dan resposta aos problemas que teñen no Servizo de Urxencias do CHUS, porque se vostede tivera resoltos os problemas, non estariamos preguntando outra

vez pola cuestión, nin estarían aquí os representantes dos traballadores. *(Aplausos.)* É que esa é a cuestión.

É evidente que vostede vén aquí cos seus papeliños, contesta ao que lle dá a gana, máis ben non contesta, repite mecanicamente o que lle dá a gana, non dá a contestación. Teño que dicirlle que marchan escandalizados cando veñen aquí, porque teñen a inxenuidade de crer que ao conselleiro cando se lle pregunta contesta, dá unha explicación do porqué das cousas. Máis ou menos, unha contestación máis ou menos crible do porqué das cousas.

Pero bueno, polo menos interpelámolo para que vostede teña que vir aquí, aínda que lle molesta —e nótase que lle molesta—, a ter que escoitar cal é o problema. Polo menos que se saiba que existe un problema, e ata que o solucione, pois vai seguir vindo, porque, dende logo, no BNG o que non imos é quedarnos de brazos cruzados diante dos problemas gravísimos, por moito que vostedes poñan moito fincapé —moi pouquiño en solucionar os problemas— en impoñer o relato de que non hai ningún problema, de que a sanidade pública está estupenda, está en estado de revista. Niso poñen todo o esforzo, en impoñer ese relato, e practicamente ningún en solucionar os problemas.

Pero mire, os profesionais do Servizo de Urxencias do CHUS están a denunciar a situación do servizo, que é insostible, tanto dende o punto de vista laboral como asistencial. Unha situación que veñen denunciando xa —non dende hai días, nin semanas, nin meses— dende hai anos, que veñen denunciando, que veñen pedindo reunións, que veñen intentando que se vaian solucionando cousas.

Dende o ano 2012 veñen denunciando a situación diante da dirección, diante do Valedor do Pobo, diante da consellería, mais sen acadar respostas. Palabras de, «ímolo mirando, imos ver se facemos tal», pero non acadaron resposta.

Diante diso optaron por empezar a mobilizarse, e diante desas mobilizacións por trasladar ás organizacións políticas cal era a situación para que demandaramos resposta, pero xa como último cartucho, antes intentárono todo. Intentaron o diálogo, intentaron que se foran efectivizando os prazos que lles poñían, pero non viron que se resolveran as cuestións.

O Servizo de Urxencias do CHUS leva anos nunha situación mala, pero agora a situación é extrema, a situación é extrema. Antes había picos da gripe, logo había picos no verán, logo había..., pero é que agora é un problema estrutural, e a situación é estrutural durante todo o ano, tanto que se mobilizaron, trouxeron o problema ás organizacións políticas e incluso o tema está na Fiscalía, señor conselleiro.

Levaron o tema á Fiscalía, a Fiscalía investigou a morte dunha doente nos corredores de urxencias, que morreu antes de ser atendida, e a Fiscalía ve indicios de delito, e trasladouno ao xulgado. Está por ver cal é o resultado, pero é que xa non é unha cuestión simplemente de denuncia, de alarmismo, que non ten ningunha base, senón que incluso o fiscal ve indicios de delito.

Supoño que vostede segue mirando para outro lado e minimizando as cuestións. Falta material, faltan recursos, falta persoal. Insisto, un problema que non é novo.

A demanda non para de medrar, o persoal xa era escaso, non se foi ampliando e pretenden que o estiren como se fora chicle, e o persoal non é chicle. O persoal pode nun momento dado durante uns días multiplicarse, pode priorizar, pero indefinidamente, todos os días, todas as semanas, todos os meses, non pode multiplicarse. Unha área sanitaria que foi aumentando e incorporando novos concellos: A Estrada, Lalín, Agolada, Valga, e, polo tanto, o fluxo de doentes a urxencias, aumento de espazos físicos, pero isto non foi aumentando o persoal.

Unha situación de moi alta demanda, con moi pouco persoal. Teñen unha das ratios máis baixas dos servizos de urxencias —xa se lles dixo aquí— dos hospitais do Sergas, inferior ao Chuvi, inferior ao CHUAC. Portas de urxencias similares en número de doentes atendidos, si, mais nada que ver en recursos humanos; fixeron a táboa comparativa e vou repetírllela.

CHUAC, plantilla de enfermería, 88; Chuvi, 88; CHUS, 70. De dezaoito persoal de enfermería de diferenza.

Tecaes : CHUAC, 63; Chuvi, 60; CHUS, 44. Entre vinte e vinte e tres de diferenza, polo menos, no CHUS.

Celadores: CHUAC, 42; Chuvi, 89; CHUS, 24. Unha diferenza xa astronómica.

Estamos falando de datos, estamos falando de que as medias destes hospitais están entre os trescentos e pico, vinte arriba vinte abaixo. Estatísticas contrastadas, señor conselleiro, e se non é así, séntese cos profesionais e póñalles os datos enriba da mesa. Tenos aí, ao rematar séntese con eles, póñalles día, cotexe con eles e cos profesionais dos outros servizos de urxencias e cotexen os datos, e falen de cal é a realidade en vez de negar coa cabeza. Séntese con eles, séntese con eles e fale dos datos.

Os Servizos de Urxencias atenden esa media de trescentas e pico-catrocentas urxencias diarias, con pacientes cada vez de maior idade, de maior pluripatoloxía. E todo mentres se ten por consigna os non ingresos, mentres as cirurxías cada vez son máis ambulatorias e se pechan camas. Lembremos esa consigna da Consellería de que o recurso cama cada vez é menos necesario nos hospitais. Nos hoteis si, pero nos hospitais é menos necesario; co cal, fanse cirurxías ambulatorias, danse altas e rápidas, aumentan as listas de espera, aumentan os pacientes oncolóxicos e precarízase a atención primaria. ¿E onde acaban todos eses doentes? ¡En Urxencias! Acaban pasando por Urxencias. Aumentan as persoas que acaban indo a Urxencias. Claro, a xente ten o feo costume de enfermar e de non atender ese relato do Partido Popular de que todo está magnífico e de que non hai que atender as persoas. Pois a situación non é esa sanidade no país das marabillas, senón que a situación é moi outra.

Falamos do capítulo de persoal e agora imos ao capítulo de material, tremendamente deficitario, cun nivel de deterioración importantísimo, obsoleto, en moitos casos, sen recambios, cun déficit de dotación en material básico impresionante. Son cuestións que dá vergoña sequera mencionalas, señor conselleiro, como que non hai un tensiómetro por enfermeira, que non hai case un termómetro... Non é entendible que esa situación pase nun hospital do

Sergas, non é entendible —e non me negue coa cabeza—. E, insisto, póñase diante dos profesionais e teña a oportunidade de que lle poidan contar en que condicións traballan.

E podemos falar de sillóns roídos, de cuestións... Xa sei que é capaz de dicirme que agora cambiaron uns cantos. Chegaron cuns cantos sillóns novos porque, claro, diante de que está saíndo á opinión pública que teñen que dicirlle a un doente: séntese aí, nese sillón —que ata lle dá vergoña dicirlle que se sente nese sillón—, acábanlles de cambiar uns cantos sillóns e chéganlles cuns cantos paus de suero... Bueno, ¡menos mal!, xa está valendo de algo que traiamos o tema ao Parlamento e que se mobilicen, pero é o chocolate do loro. Esa é a situación do material: falta de respiradores... Bueno, unha situación... Dende logo, non estamos describindo a situación dos servizos de urxencias de Burundi —e que me perdoen os de Burundi—, senón dun servizo de urxencias de Galiza. E isto ten unha repercusión clara na calidade asistencial que se presta. Os traballadores están ao límite porque están nunha situación onde non poden desempeñar o seu labor cun mínimo de profesionalidade, onde están poñendo en xogo todos os días a súa profesionalidade, sobre todo onde non poden dar unha calidade asistencial como deberían dala e onde ven que non poden atender as persoas como merecen.

Por iso, señor conselleiro, eu o que lle pido é que non xogue ao escapismo hoxe outra vez, que non xogue a non contestar e que, por favor, non nos faga un relatorio de cal é o número de boxes, de sillóns, de persoal... ¡Xa o saben! Eu pídolle que fale para os representantes que están aí na tributan, que non lles faga un relatorio de cal é a dimensión do número de doentes e de cantas urxencias atenden, ¡que xa o saben!, e que lles dea contestación ás cuestións que eles necesitan, que lle dea contestación ao prego de cuestións mínimas, porque o que lle trasladan os profesionais non é para solucionar os problemas de Urxencias. O que lle piden é cuestións mínimas para mellorar un pouco a cuestión de emerxencia na que están. E dígalles se van solucionar esas cuestións mínimas para empezar, e que despois desas cuestións mínimas se poidan sentar e ir solucionando as estruturais do Servizo de Urxencias. Por unha vez —eu pídollo en nome deles e delas, que non poden dirixirse aquí a vostedes— contéstelles, por unha vez teña o tal de contestarlles e de dicirlles: efectivamente, tomamos nota —e hoxe estamos falando do CHUS, pero poderiamos falar dos outros servizos de urxencias— de que esta situación estrutural que se vén arrastrando desde hai tempo non pode seguir así, e imos atender as demandas urxentes que nos levades plantexando, no inmediato, dentro dunha semana, de quince días ou dun mes, imos facer un cronograma temporal e logo imos ir coas outras.

Teña a decencia de empezar por contestarlles a eles e non xogue ao escapismo.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO CORES: De momento, nada máis, e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi bos días, presidente.

Señorías.

Traballadores e representantes dos traballadores do CHUS.

O desenvolvemento dos servizos de urxencias nas últimas décadas é unha cuestión indiscutible: reformas estruturais, dotación de persoal, plans de continxencias estacionais, diferentes procesos, vías clínicas, circuítos alternativos... Así, en reformas estruturais, temos renovado e reforzado as infraestruturas dos servizos de urxencias, e seguimos con esas melloras. Parte dos eixos das reformas dos hospitais en Galicia parten sempre do servizo de urxencias.

Os pacientes son sempre atendidos, primeiro a través do proceso de triaxe —implantación complementada nos hospitais galegos no ano 2013—, e, en función desta, coa prioridade establecida. Non é certo que pasen horas sen ser atendidos; son priorizados desde o primeiro momento. Posteriormente, distribúense eses pacientes nas distintas áreas dos servizos de urxencias, sendo valorados polo facultativo segundo os niveis desta clasificación —a triaxe— e non segundo a hora de chegada ao servizo de urxencias. Desta forma, con esta clasificación internacional, coñecida por Manchester, asegúrase que os pacientes críticos e urxentes sexan atendidos antes daqueles que non o son.

No Servizo de Urxencias do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago atendemos no ano 2017 —atenden os profesionais— 154.763. Por certo, señora Prado, di que sabe as urxencias que atenden ao día, pero non lle sae a media. Atenden sobre 400; ou sexa, que ese dato ten tamén que corrixilo. O 80 % son adultos e o 20 % pediátricos. Isto supón 3.119 urxencias máis que no ano anterior; un incremento a expensas das urxencias de adultos fundamentalmente, máis que de nenos, que están estabilizados.

Ingresáronse un 15 % das urxencias atendidas, a mesma porcentaxe que no ano anterior, o que supón máis de 23.000 pacientes ingresados e unha media de 63 ingresos diarios. Este volume de urxencias distribúese por quendas da seguinte forma: nas urxencias de adultos, en turno de mañá, recíbese o 45 % das demandas de atención urxente, no turno de tarde, o 38 %, e no de noite, o 16,8 %; é dicir, o 83 % das demandas de atención prodúcese durante o día, de 8 da mañá a 8 da noite. Nas urxencias pediátricas, aínda que a proporción se mantén similar —o 80 % durante o día e o 20 % durante a noite—, é durante o turno de tarde cando se recibe maior demanda; un 50 %, fronte ao 30 % pola mañá. Unha vez que se tría os pacientes, o tempo de asistencia, é dicir, o tempo de entrar en contacto co facultativo, foi de 47 minutos de media no ano 2017, fronte aos 51 que foi no ano 2018; baixáronse 4 minutos. É dicir, hai a resposta adecuada; evidentemente, co magnífico cadro de profesionais que temos, que fai que isto que sexa posible: clasificación e atención, diminuíndo o que é o número de minutos que se tarda en completar a asistencia.

Por niveis, os pacientes máis urxentes —vermellos, nivel 1— atendéronse sen ningunha demora; cúmprese o estándar de cero minutos. Os pacientes laranxa, nivel 2, tiveron unha espera de 12 minutos. Os amarelos, nivel 3, tiveron unha demora de 44 minutos. Os pacientes verdes, nivel 4, unha demora de 51 minutos —o estándar é de 120 minutos—. E os azuis, nivel 5, 78 minutos en demora media —estándar, 240 minutos—.

Por outra parte, no Servizo Galego de Saúde somos conscientes da importancia da atención primaria, que foi quen de acadar un nivel de resolución de urxencias nos puntos de atención continuada de en torno ao 91 %-92 %. É dicir, unha vía moi importante para tratar de diminuír a asistencia dos servizos de urxencias é, precisamente, dar unha maior información á poboación, sabendo que temos un sistema de atención primaria que é moi resolutivo. Polo tanto, é importante que chegue esa información.

Ademais, temos outros programas que permiten que os pacientes non teñan que achegarse aos hospitais para ser atendidos, Entre eles, está o Programa Telea, hospitalización a domicilio (Hado), e non podo olvidar, por suposto, todo o traballo de apoio que realiza o 061, tanto na coordinación desde a central telefónica como desde o propio traslado aos centros hospitalarios.

Todas estas estatísticas o que queren dicir é que temos os estudos necesarios para poder actuar. A urxencia é un servizo que non se pode planificar, no senso de que é unha decisión individual dos pacientes, dos cidadáns, para poder elixir ese servizo. Loxicamente, nós, con estas estatísticas, o que podemos facer é ver como son as cargas de traballo en torno a unha media. E a plantilla —que logo comentaremos a plantilla que ten este hospital— é unha plantilla que sempre ten que adaptarse ás necesidades. Sabemos que neste momento, co incremento que houbo durante os meses de inverno —os episodios respiratorios, gripe e outros procesos—, evidentemente as plantillas teñen que reforzarse. Durante a semana tamén sabemos as incidencias diferentes, por iso a plantilla non é igual pola mañá que pola tarde que pola noite, pero tampouco é igual durante a semana que na fin de semana. E todo iso témolo en conta para poder adaptarnos.

Temos a área de adultos, como diciamos antes, con dúas consultas de triaxe, 9 consultas e 6 polivalentes —1 para otorrino, 1 para oftalmoloxía, 1 para psiquiatría—, 4 boxes de reanimación, 6 postos de monitorización, 20 boxes de exploración convencional, 49 boxes de observación, con 4 de illamento, 20 sillóns para tratamento, 1 sala de xesos e 1 sala de curas.

A urxencia pediátrica conta cunha consulta de triaxe, tres consultas polivalentes, 1 sala de reanimación, de críticos, 7 boxes de exploración e unha sala de xesos.

A de urxencias obstétricas e xinecolóxicas conta tamén cunha consulta e cun box de exploración.

E canto a equipamento, o servizo está dotado na actualidade de 15 monitores multiparamétricos, 8 desfibriladores, 6 respiradores, 4 equipos Bipap para ventilación non invasiva, 9 electrocardiógrafos, 12 tensímetros, 7 pulsioxímetros, 4 gasómetros e 1 ecógrafo. Estes equipos fóronse incrementando nos últimos meses coa adquisición de 20 sillas de rodas, 10 camillas, 3 tensímetros, 3 pulsioxímetros e 2 electrocardiógrafos. Os equipamentos vanse incorporando segundo as necesidades en cada momento e, loxicamente, repóñense de forma continua, sempre en función —como digo— desas necesidades.

A dotación de persoal para a urxencia de adultos conta con 41 facultativos, 70 enfermeiros e enfermeiras, 44 TCAE e 32 celadores. E na distribución —como dicía anteriormente—, lo-

xicamente, seguimos o que son as cargas de traballo. Segundo as cargas de traballo, esa distribución é diferente nos turnos de mañá, nos turnos de tarde e nos turnos de noite. E tamén —como dicía—, en períodos determinados, incrementamos sobre esta plantilla. Así, este cadro viuse reforzado durante os últimos meses coa presenza dun médico máis en turno de tarde, 2 enfermeiras e enfermeiros máis no turno diúrno, 2 TCAE máis no turno diúrno e 1 celador en turno de tarde.

Nas urxencias do CHUS atendemos máis de 400 persoas como media todos os días do ano, pero todos sabemos que a distribución non é uniforme nin ao longo do día —como dixen— nin ao longo da semana ou dos meses. Por iso, esa demanda asistencial require un esforzo segundo as necesidades concretas de atención aos nosos pacientes.

Quero dicir tamén que as comparacións ás veces non reflicten a realidade. Estamos a falar de que facemos comparativas con outros centros. Evidentemente, non sabemos se se contan as épocas de reforzo ou non reforzo, pero neste momento o ano pasado, a actuación, o número de urxencias atendidas, na Coruña, foi de 174.510, de 180.823 en Vigo e de 154.763 en Santiago. É dicir, hai case unha diferenza de entre 20 e 30.000 asistencias ao ano, que son as poboacións de Vilagarcía ou Lalín. É dicir, non estamos falando do mesmo número de intervencións de atención urxentes.

Nós día a día seguimos valorando. Hai unha xerencia nese hospital que ten reunións frecuentes cos traballadores, cos representantes sindicais. E, desde logo, imos seguir avaliando as necesidades, como digo, non só mes a mes, senón tamén día a día e semana a semana, dotando o que consideramos en cada momento necesario neste e en calquera dos outros hospitais. Pero os Servizos de Urxencias son uns servizos que teñen uns magníficos traballadores e que resolven moitísimos problemas da cidadanía, como indica a alta cualificación que os cidadáns dan a estes servizos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Rolda de réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Mire unha cousa, señor conselleiro, os profesionais e este Parlamento a verdade é que merecen un pouquiño máis de respecto, dígollo así, con... Porque que vostede veña aquí practicamente a repetir a mesma intervención do pleno pasado, a verdade, a min paréceme que non é respectar nin os traballadores e traballadoras nin este Parlamento. *(Aplausos.)*

Eu xa sei que a vostedes lles molesta ter que vir dar contas, sei que lles molesta que exista o Parlamento, sei que lles molesta que exista a democracia e sei que lles molesta que exista a sanidade pública. Xa vostedes... *(Murmurios.)* Si, moléstalles. Vostedes actúan como emisarios directamente da sanidade privada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Están na Consellería directamente ao ditado da sanidade privada, están alí como cabalos de Troia directamente. Pero, de momento, existe o Parlamento e de momento existe a sanidade pública; de momento, existe a sanidade pública.

Mire, o que nos trasladan os traballadores e traballadoras é que non queren máis reforzos nin queren vir aquí a dicir que cando hai máis traballo teñen que pedir o reforzo. O que queren é traballar cun mínimo de dignidade, porque non están traballando colocando caixas en andeis, non están traballando nunha cadea de produción colocando tornillos. Están traballando con doentes, están traballando con persoas urxentes, e ademais, en Urxencias, con persoas que non están estabilizadas, e en calquera momento pode haber unha parada, pode haber calquera cousa e non poden estar traballando ao límite. ¡A ver se o entenden dunha vez por todas! É que parece que estamos inventando aquí unha situación de alarmismo, coma se non fora unha situación real e non estivesen nos Servizos de Urxencias ao límite, pedindo reforzos continuamente. Non poden estar nunha situación coma se non fora pasar nada, coma se fora nunha consulta externa. Estamos falando de Urxencias. Insisto, os profesionais merecen un mínimo de garantías laborais, non poden estar vendidos cada día, e, tal e como están traballando, están vendidos e vendidas. Non poden estar continuamente nesa situación límite, atendendo persoas coma se non se tratara dun servizo de urxencias.

Coa irresponsabilidade que está mostrando vostede aquí, facendo como que non pasa nada... ¿Vostede cre que se estiveran nunhas condicións normais estarían manifestándose e estarían demandando continuamente melloras? ¿Realmente cre que os profesionais son tan irresponsables para estar demandando melloras e estar denunciando unha situación, se esa non se correspondera coa realidade do servizo? ¿Realmente considera que son tan irresponsables como para estalo facendo? Dende logo, no BNG cremos que non. Cremos que se están chegando a esta situación é porque a situación non só é grave, senón o seguinte; se non, non o estarían facendo. E coa súa irresponsabilidade, señor conselleiro, coa irresponsabilidade da xerencia, coa irresponsabilidade conxunta da súa consellería, están poñendo en risco os e as profesionais e están poñendo en risco os doentes. Hai xa casos na Fiscalía e outras moitas cuestións que non pasan, ou que non se saben e, logo, cando pasen, botarémonos as mans á cabeza. Dende logo, no BNG estamos facéndonos eco das súas demandas porque non queremos que pasen máis cuestións.

Por iso hoxe lle pedimos, en nome dos traballadores e traballadoras, que fagan caso das súas demandas para que non pasen máis cousas. E, insisto, as demandas que están trasladando son as cuestións mínimas. Solicitan dotacións mínimas de persoal e solicitan melloras de materiais mínimas. Non están pedindo luxos asiáticos nin están pedindo dotacións de persoal por encima de ningunhas ratios, senón mínimas, mínimas. E se vostede tivera un mínimo de sensibilidade e realmente apostara, aínda que só fora un pouquiño, pola sanidade pública, hoxe aquí debía comprometerse a dicir: si, isto que están pedindo son cuestións mínimas e imos poñelas en marcha nun prazo mínimo razoable. Iso sería ao mínimo que hoxe debería comprometerse aquí. E se non quere facelo aquí porque considera que sería darnos un punto á oposición, ao BNG, e non quere facelo, dende logo ningún interese por parte do BNG en que nos dea ningún punto; non o faga aquí e logo, dentro duns días, póñase en contacto cos profesionais e fágao. Fágao logo coa boca pequena, pero atenda as demandas, porque son, insisto, cuestións de mínimos. Dende logo, eu pídolle que o faga e que non prime o seu relato, que non faga o que fixo hoxe aquí, que lle dá igual o sufrimento das persoas, que lle dá igual quen acuda ao servizo, que lle dá igual a frustración dos profesionais, que están frustrándose por como traballan todos os días. Por favor, aténdaos, porque están nunha situación de impotencia e de no poder prestar unha calidade asistencial mínima, e

non pretenda impoñer ese relato fraudulento de que non pasa nada, de que están cunhas ratios normais, de que se pode atender a asistencia sanitaria como o están facendo, porque vostede sabe perfectamente que non é posible. Eu pídolle que baixe dese relato e que atenda as demandas, porque son máis que xustas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Prado.

Peche desta interpelación, señor conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Señor presidente.

Señora Prado, cando non hai argumentos, hai que recorrer ao insulto, porque que non me considere a min un demócrata simplemente porque non entro dentro dos seus criterios políticos paréceme que é un insulto á intelixencia da xente que está aquí. *(Aplausos.)* Seguramente lle dediquei máis horas da miña vida ca vostede a traballar pola sanidade pública de Galicia, bastantes máis. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.) (Aplausos.)* Pero cando non se estuda e non hai argumentos, entón, vaise ao insulto, á descualificación e ao demais.

Eu respecto profundamente os traballadores dos Servizos de Urxencias. Eu traballei en Urxencias e sei que é un servizo, posiblemente, dos máis difíciles que hai nun hospital; sinceramente é así. Pero iso non significa que vostede utilice a vía parlamentaria —por certo, en vez de dirixirse aos compañeiros, parecía que estaba vendo sempre para arriba; creo que isto é un parlamento— cando é un tema de xestión e un tema de negociación sindical tamén, pero queren utilizalo. ¿Por que? Simplemente porque non hai, porque non teñen temas; non hai argumentos e queren utilizar calquera vía para calquera cousa.

Miren, imos falar de datos, de argumentos. Coas cifras que lles dei de número de facultativos que traballan no Servizo de Urxencias do Clínico —como digo, non quere dicir que isto sexa inamovible, e nunca o é, e menos no Servizo de Urxencias—, con ese número de facultativos e ese número de urxencias, se dividimos entre 220 días hábiles, 2.992 pacientes/ano, saen a 13,6 pacientes por facultativo e día. As sociedades científicas españolas e mundiais que traballan en urxencias e emerxencias estiman que un médico de Urxencias pode atender —e é unha cifra que dan como media— ata 4.445 urxencias/ano. Estamos aquí en 2.992.

A nosa ratio de facultativos de urxencias é substancialmente inferior á mesma, ou parecida en estimación e, desde logo, a proporción é igual para todos. Nós, como digo, non queremos dicir que Urxencias funcione exactamente igual todos os días do ano, e non é así. E, como digo, o Sistema sanitario público de Galicia está desde hai moitos anos volcándose nos servizos de urxencias. Incrementamos superficies, incrementamos persoal, incrementamos dotación. Recoñeceu vostede mesma que está chegando material, posiblemente porque o pedira vostede aquí —seguramente será por iso—, pero este é un tema, un contínuum de plan de necesidades, e, como digo, de coberturas tamén, o que se necesita en cada momento para dar o mellor servizo sanitario.

Nós estamos abertos. O equipo directivo do CHUS está falando continuamente cos traballadores, cos representantes sindicais e trata de mellorar esa situación. Desde logo, creo que temos avanzado moito e que queda seguramente tamén moito por facer. Non é un cadro de dicir que todo é perfecto, pero, desde logo, asumimos cando algo non funciona ben e cando algo funciona mal, e, evidentemente, estamos aí para corrixilo. Pero os servizos de urxencias do Sergas teñen un condicionante, que é o non poder planificar en todo momento, porque é unha iniciativa individual, pero, desde logo, creo que temos que estar orgullosos porque son sistemas flexibles que se adaptan a unha demanda diferente. E a vía da negociación, a vía do diálogo, a vía da mellora das condicións dos traballadores e tamén de servizo público está sempre aberta para nós desde a Consellería de Sanidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Hai unha pregunta ao Goberno. Como se comunicou, hai unha alteración da orde do día.

Pregunta de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre o cumprimento da obriga do Goberno galego de defender o medio ambiente mediante o control da minaría potencialmente contaminante que opera en Galicia

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Sánchez García.

Cando queira.

Déanlle voz ao escano do señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Bos días.

Bos días, señor conselleiro.

Hai unha sucesión de feitos no último ano que mostran ben ás claras a situación de falla de control sobre a actividade contaminante dentro do sector da minaría.

Móstrolle só uns pequenos exemplos. 14 de novembro de 2017, noticia: A Fiscalía leva a Xunta ao xulgado por irregularidades e desleixo na mina de San Fins. Entre os indicios de delito que ve a Fiscalía está o desleixo da Xunta de Galicia, xa que non incoou ningún expediente sancionador ante as constantes verteduras contaminantes nos regatos próximos á mina de San Fins durante décadas —segundo pon a Fiscalía, durante décadas—. Non hai un só expediente incoado contra esa empresa; empresa que denunciou a un activista que foi coller mostras que demostraron a contaminación dese regato. Foi denunciado, tivo que facer esa persoa o traballo que non fixo a Xunta de Galicia, a Administración pública, xogar o tipo para demostrar que aí había contaminación. Tamén traslada a denuncia a Fiscalía nun texto no que sinala que, habendo dúas balsas que supoñen un perigo para o medio ambiente actualmente, a Xunta de Galicia nunca instou á recuperación e á restauración desas balsas que supoñen ese perigo.

Outro feito desta sucesión, señor conselleiro: Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 23 de novembro de 2017. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia falla a favor dos denunciantes e condena a Xunta de Galicia a entregar a información que se lles negou durante cinco anos a estas persoas que pedían o expediente da mina de Corcoesto. Eran veciños e veciñas de Corcoesto que estaban preguntando por un informe sobre o risco das balsas de estériles que se ían situar cerca das súas casas. ¿Lembra, señor conselleiro, aquela balsa de estériles daquel proxecto que era varias veces o que era o estadio Santiago Bernabeu e que, polo tanto, producía unha preocupación evidente nos veciños e veciñas, que querían información e que se lles negou pola Xunta de Galicia?

Marzo de 2018. O Defensor do Pobo ve pasividade da Xunta coas canteiras de lousa. Non actúan vostedes fronte aos riscos medioambientais. E tamén, antes xa, a defensora del pueblo, Soledad Becerril, denunciou á Xunta de Galicia ante a pasividade do que supoñía o desastre ambiental que estaban sendo os restos da explotación da mina de Touro, que pechou en 1988.

E iso trasládanos a unha realidade onde San Fins, Touro, Santa Comba, etc., as mineiras, están contaminando e onde vostedes non están a cumprir co seu labor de protexer o medio ambiente e de protexer a saúde das persoas.

Señor conselleiro, non sei se é consciente vostede diso, non sei se o señor Tahoces fai e desfai sen que vostede se entere, ou vostede tamén está no allo. Pero vostedes o que están facendo é deixar facer a estas empresas sen nin sequera facer o seu labor, que teñen que facer outras persoas que están xogando o tipo...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Grazas, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...para facer cousas que vostedes deberían facer de oficio.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Moitas grazas, señor presidente.

Señor Sánchez, nós estamos no Goberno e, polo tanto, na nosa condición o que facemos é algo tan sinxelo como aplicar a lei. E cando falamos de minería, aplicamos a Lei da minería do ano 2008, esa lei que foi aprobada polo Bipartito, da que agora parece que vostede simplemente non se fía, e que a queren poñer en cuestión. Eu non entendo o plantexamento do seu grupo cando fala da minería, non o entendo; é unha estratexia de acoso e derribo, unha estratexia de trasladar unha emenda á totalidade do labor mineiro, poñendo en entredito que hai unha falla de control sobre a totalidade da actividade mineira. Sinceramente, non estamos de acordo, loxicamente.

Eu creo que seguramente vostede debería falar máis claro. Igual que están en contra de proxectos importantes para Galicia, vinculados ás centrais térmicas, aos parques eólicos, á propia Reganosa ou a Ence, pois seguramente deberían falar un pouco máis claro, ser valentes, ser honestos e dicir que unha vez máis están en contra de xerar riqueza en Galicia, aproveitando os nosos recursos autóctonos, señor Sánchez —¡os nosos recursos autóctonos!— e, sobre todo, dun sector do cal viven 5.000 familias. Gustaríame que o seu grupo reflexionara sobre este dato, porque hai preto de 300 empresas que desenvolven a súa actividade aplicando a lei e conforme a lei. Máis grave me parece non recoñecer o traballo dos propios funcionarios no seu labor de seguimento e, polo tanto, aplicando a norma e cumprindo as súas funcións.

Non entendo esta estratexia, señor Sánchez, de intentar confundir o acceso á información co control. Nada ten que ver o acceso á información co control da actividade mineira, e tampouco entendo esa intencionalidade que teñen vostedes de confundir a admisión a trámite da información cunha sentenza. Creo que se quere falar da minería en serio, temos que ordenar o debate, temos que aplicar o sentido común, e a partir de aí, loxicamente, darlle contestación a todos os seus plantexamentos.

Sabe que no caso das canteiras de lousa de Valdeorras nós xa estamos en contacto co Valedor do Pobo e lle trasladamos toda a información.

Fálame vostede de San Fins. Debería saber que están paralizados os labores da mina. Igual que na súa pregunta me fala da mina de Touro, que hai abertos expedientes sancionadores sobre a actividade da empresa. Polo tanto, creo que ten que deixar ao lado ese relato en negro de Galicia e falar da minería, falar en positivo, falar da riqueza que aporta a minería en Galicia, falar do emprego que xera en Galicia, e a partir de aí, loxicamente...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): ...de cumprir a propia Lei de ordenación da minería, que foi unha lei aprobada, por certo, polo Bipartito.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Sánchez.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: Fálame vostede de aplicar a lei. Os que teñen que aplicar a lei son vostedes. Cando vostedes non actúan e non incoan expedientes sancionadores, o que están facendo é deixando de aplicar esa lei, señor conselleiro; non confunda vostede.

Mire, eu non lle falo de admisión a trámite ningunha. ¿Ve desde aí? *(O señor Sánchez García amosa un documento.)* Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. Deberíalle caer a cara de vergonza que tiveran que pasar estas persoas cinco anos pelexando para obter a información que deberían ter dende o primeiro minuto, e vostedes estiveron forzándoas a re-

correr ata o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. ¿Ou acaso non lle parece razoable que esta xente quixera ter un informe sobre o risco das balsas que se pretendían instalar, señor conselleiro?

Mire, eu non lle fago ningunha emenda á totalidade á minería, non, o que quero, señor conselleiro, é que non paguemos con diñeiro de todos o negocio duns poucos, porque vostede sabe o que pasou en Monte Neme, ¿verdade? Que rebentou unha balsa, e aínda estamos esperando que esa empresa asuma os custos da restauración, que pagamos todos con diñeiro de todos, ¿verdade, señor conselleiro?

E a empresa que deixou a actividade no 1988 en Touro non paga todos os danos que están facendo nos regatos, que, por certo, van ao río Ulla, que, por certo, chegan á ría de Arousa e que dan máis postos de traballo á ría de Arousa só que todo o sector mineiro de Galicia, señor conselleiro. ¿Por que temos que estar soportando dúas balsas en San Fins que son un risco cando tiña que pagar a empresa a restauración?

Señor conselleiro, vostede intentou desviar a atención, non contestou. Vostede fala de que nós nos metemos cos funcionarios. Mire, Fiscalía, Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e Defensor do Pobo, son eles os que o din. Falan de desleixo, de pasividade, falan de que non se incoaron expedientes sancionadores. O que vostede ten que explicar é se isto pasa pola súa incompetencia ou porque vostede está traballando polos intereses destas empresas, porque, ante estes feitos, que son feitos, que son sentenzas, que son documentos do Defensor do Pobo...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor SÁNCHEZ GARCÍA: ...vostede ten que aclarar iso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Peche da pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López): Señor Sánchez, terei que falar un pouco máis despacio, porque, claro, se eu lle digo que na mina de Touro abrimos dous expedientes sancionadores e vostede di que non abrimos expedientes sancionadores, pois, loxicamente, temos un pequeno problema, simplemente, para manter un diálogo con certo sentido común. Vostedes están nesa postura de vetar a minería en Galicia, e xa lle adianto que en absoluto nós admitimos ese plantexamento. Nós cremos na minería sostible, cremos nunha minería do século XXI. Vostedes están ancorados no século XX en materia de minería e, lamentablemente, nese contexto, é moi difícil manter este diálogo.

Fálame vostede, efectivamente, de San Fins e fálame de indicios de delito. Deixe que, loxicamente, investigue a Fiscalía o que ten que investigar, pero sabe que están paralizados os labores da mina de San Fins.

Fálame de Monte Neme, dunha balsa. Non rompeu ningunha balsa, sabe que non era unha balsa, sabe que era o oco de explotación. Hai que falar cun pouco de propiedade, porque, se non, vostede simplemente o que pretende é confundir, e iso creo que os galegos, dende logo, non o merecen. Non é o mesmo, señor Sánchez. Eu entendo que, loxicamente, non lle gusta escoitar a realidade, non lle gusta escoitar os datos, pero seguramente, se me deixara, lle trasladaría que nós temos acadado un compromiso co Defensor do Pobo e coa propia Valedora do Pobo aquí, en Galicia. E no caso de Valdeorras, o propio Defensor do Pobo, de España, agradeceu a colaboración da Xunta de Galicia, porque nós estamos a colaborar co propio Valedor do Pobo. Se vostede, loxicamente, non acepta que, efectivamente, o Goberno e o Valedor do Pobo estean a colaborar, loxicamente, temos un problema simplemente de ordenar o debate.

Fálame vostede tamén..., bueno, non me fala, pero eu voulle poñer un caso de acceso á información, porque recentemente houbo unha denuncia ante Nacións Unidas precisamente tamén por unha falta de acceso á información. Curiosamente, fálase coma se iso fose unha sentenza, cando é unha admisión a trámite, pero voulle dar un dato. A estas persoas púxoselles a documentación á súa disposición dende decembro do ano pasado. ¿Sabe que pasou? Estamos esperando a que a vaian consultar. ¿Onde está o interese de transparencia de determinada xente, que pide información á Administración, se lle pon á súa disposición e despois simplemente non a consulta?

Nós seguiremos a traballar coa máxima transparencia, e loxicamente, dándolles toda a información aos cidadáns...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):... pero, señor Sánchez, defendendo a minería e defendendo o sector mineiro, cousa que vostedes, lamentablemente, non están a facer.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu turno. Grazas.

(O señor Puy Fraga pide a palabra.)

Señor Puy, ¿para que quere a palabra?

O señor PUY FRAGA: Pido a palabra de acordo co artigo 77, que establece a petición de observancia do Regulamento en calquera momento da sesión plenaria. E fágoo en relación co artigo 105, que pide unha chamada á orde cando algún membro desta Cámara falta ao decoro dalgunha institución.

O señor PRESIDENTE: Si, señor Puy. Entendido.

O señor PUY FRAGA: Ao longo desta sesión asistimos a que desde a tribuna se rachase a foto do xefe do Estado, así como do anterior xefe do Estado; é dicir, do rei e do seu pai, o rei emé-

rito, don Juan Carlos. Que quede ben claro que nós respectamos a liberdade de expresión de todo o mundo, pero entendemos que esa liberdade de expresión non se pode utilizar —e moito menos na tribuna do Parlamento— para ofender a quen simboliza a unión de España, para quen simboliza a Constitución democrática de 1978 e para quen representa a todos os españois que acreditamos nesa norma democrática.

Así que, señor presidente, que quede clara cal é a nosa queixa e pedimos que este tipo de acontecementos non só non se poidan volver repetir, senón que, ademais, se saquen as consecuencias legais oportunas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Tomaremos nota. E, nese sentido, eu tamén lles pido que todos vostedes nolo faciliten a nós —porque non é fácil tampouco ás veces presidir— e colaboren conosco.

Suspendemos a sesión e en cinco ou sete minutos, Xunta de Portavoces.

Grazas.

Suspéndese a sesión ata as catro e media.

Suspéndese a sesión ás dúas e corenta e tres minutos da tarde e retómase ás catro e trinta minutos.

O señor PRESIDENTE: Reanudamos a sesión.

Continuamos coas interpelacións.

Interpelación de Dª Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a política do Goberno galego en relación coa perda de poder adquisitivo das pensións

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

«Los poderes públicos garantizarán, mediante pensiones adecuadas y periodicamente actualizadas, la suficiencia económica a los ciudadanos durante la tercera edad. Así mismo, y con independencia de las obligaciones familiares, promoverán su bienestar mediante un sistema de servicios sociales que atenderán sus problemas específicos de salud, vivienda, cultura y ocio.» Recoñéceo, ¿verdade, señor conselleiro? Sabe perfectamente que é o artigo 50 da Constitución española.

Tamén sabe vostede, señor conselleiro, que o Pacto de Toledo, constituído no ano 1995, estableceu un mecanismo de defensa do sistema de Seguridade Social, e que as propostas neste Pacto de Toledo, entre outras, foron: separación e clarificación das fontes de financiamento, creación do Fondo de reserva da Seguridade Social, mantemento do poder adquisitivo das pensións, e o reforzo do principio de contributividade como elemento básico para a preservación do equilibrio financeiro do propio sistema.

Señor conselleiro, onte díxeno e hoxe vólvoo repetir: os homes e as mulleres socialistas sentímonos moi orgullosos do noso sistema público de pensións, un dos piares básicos do sistema público de benestar; un sistema de benestar impulsado e garantido durante os gobernos socialistas. *(Aplausos.)* Este sistema público de pensións permitiu que nunha década —señor conselleiro— se puidese dotar un fondo de reserva da Seguridade Social por un importe de máis de 66.000 millóns de euros, durante o Goberno do señor José Luís Rodríguez Zapatero. E volvo repetilo, alégrome de que as deputadas do Partido Popular o coñezan e o teñan interiorizado.

Vostede sabe, señor conselleiro, que as pensións durante estes anos de crise actuaron como un elemento vertebrador da sociedade e permitiron a cohesión da cidadanía. A propia Memoria del Defensor del Pueblo 2017 di que foi transcendental o sistema de pensións durante os anos de crise. Dío o Defensor del Pueblo.

Señor conselleiro, vostede sabe que no 2011, en plena campaña electoral, o señor Mariano Rajoy —o xefe do seu partido— mentiu unha vez máis a toda a cidadanía, a todos os españois e a todas as españolas. Así, nunha entrevista feita o 5 de novembro de 2011, dixo: «*Meteré tijera a todo menos a educación, sanidad y pensiones*.». Evidentemente xa lle meteu man á educación, xa lle meteu man á sanidade e agora estalles metendo man, ou *tijera* neste caso, ás pensións.

A realidade é que o Partido Popular, unha vez que empeza a gobernar a partir do 2012, acorde coa súa ideoloxía, e simplemente empregando a crise como unha xustificación para aplicar a súa ideoloxía, inicia unha acción de Goberno, e o que adopta son medidas totalmente regresivas que atentan contra a dignidade dos homes e das mulleres pensionistas do noso país. Primeiro aproba un Real decreto lei, o 16/2012, de copago farmacéutico. Polo tanto, a primeira rebaixa de poder adquisitivo para os pensionistas. Despois aproban continuos decretos leis polos que eliminan determinados medicamentos do catálogo farmacéutico da Seguridade Social. Polo tanto, 8 euros por unha banda, e pasar a pagar o pago íntegro deses medicamentos pola segunda. Segunda rebaixa do poder adquisitivo dos pensionistas do noso país. En terceiro lugar, aproban un real decreto lei que endurece as condicións de acceso á xubilación, e por se no fora suficiente, aproban de xeito unilateral a Lei 23/2013, na que regulan o factor de sostibilidade e o índice de revalorización do sistema público de pensións da Seguridade Social.

Vostede sabe perfectamente, señor conselleiro, que esta lei afecta ás pensións que se xeren a partir do ano 2019 e ao sistema de revalorización das pensións, establecendo unha modalidade de actualización que impón unha perda de poder adquisitivo dos pensionistas e, polo tanto, o seu empobrecemento.

Sabe perfectamente que no artigo 7 se modifica a revalorización das pensións e se desvincula dos prezos. Polo tanto, en escenarios de inflación positiva, o poder adquisitivo dos pensionistas e das pensionistas deste país vai estar asegurado.

O PP aproba un factor de sostibilidade dun 0,25 %, que suporá que cunha inflación dun 2 % —que é o obxectivo que fixa o Banco Central Europeo, non o fixamos nós, os socialistas— os pensionistas pasarán a perder, en dez anos, máis dun 17 % de poder adquisitivo real. E en vinte anos, máis dun 30 %, ¡máis dun 30 % de poder adquisitivo real os pensionistas e as pensionistas.

A verdade é que a ideoloxía do Partido Popular se esconde detrás de todo isto, porque vostedes conciben as pensións como un gasto e non como un dereito. Non o entenden como un dereito da cidadanía.

Señor conselleiro, voulle dar datos, datos reais que pode consultar en calquera momento; todos os datos que nós traemos son de fontes oficiais.

Goberno do Partido Popular, Mariano Rajoy, fronte ao Goberno do Partido Socialista, José Luís Rodríguez Zapatero. Datos 2012-2017: o déficit estrutural das contas da Seguridade Social incrementouse en máis de 9.000 millóns de euros. Fondo de reserva —«hucha das pensións» como se lle chama habitualmente—, e para os mesmos anos, 2012-2017, en cinco anos baixa en máis de 55.000 millóns de euros.

Pensión mínima de xubilación con cónxuxe a cargo, 2005-2011, sete anos de goberno do señor José Luís Rodríguez Zapatero —Goberno socialista—, increméntase en 257,11 euros máis ao mes. Sete anos, o mesmo período, señor conselleiro, exactamente o mesmo período, durante o Goberno do señor Mariano Rajoy, increméntase en 46,90 euros. É dicir, a quinta parte do que se incrementou durante a época dun goberno socialista. Señor conselleiro, esa é a diferenza.

Esta é a realidade, o PP non cre no sistema público de pensións. Pero mire, señor conselleiro, voulle traer tamén datos de Galicia, datos da realidade dos homes e das mulleres pensionistas en Galicia; datos que vostede pode consultar perfectamente, publicados polo Ministerio de Emprego e Seguridade Social para Galicia, marzo de 2018. Tamén o traio aquí para que non se dubide das nosas fontes.

Galicia, 144 euros menos da media na pensión contributiva respecto do Estado. Menos 144. Galicia ocupa o lugar 18 de 19, ¡18 de 19!, onde están todas as comunidades autónomas e Ceuta e Melilla. Só está por detrás Estremadura.

O 28 % da poboación total galega son pensionistas, e sabe vostede que o número de afiliados á Seguridade Social é, en febreiro de 2018, de 976.816 persoas. Por certo, o mellor dato desta última serie histórica, data de xullo de 2008, 1.090.752. Xullo de 2008. Volve ser cun goberno de Zapatero. Non ría. Eu, se quere, despois lle deixo o informe para que o lea, se non tivo oportunidade.

Polo tanto, señor conselleiro, no conxunto do Estado fan falta 1,92 cotizantes por cada pensionista, e en Galicia 1,29 cotizantes por cada pensionista. ¡É o que temos! E en Ourense, na

provincia de Ourense, encadéanse nove anos no que o número de pensionistas é maior que o número de cotizantes.

Señor conselleiro, na interpelación feita por outro grupo da oposición no pleno anterior vostede apuntou como solución importante para resolver este problema incrementar o emprego e mellorar a calidade do emprego. Os socialistas estamos totalmente de acordo co que vostede apuntou, pero voulle dicir: a realidade é que en Galicia, dende que goberna o Partido Popular, dende o ano 2009, oito anos ininterrompidos do señor Núñez Feijóo, perdemos 85.000 habitantes; increméntanse os fogares con todos os seus membros en paro en 16.300 máis; increméntanse os fogares sen ingresos en 15.200 máis; increméntase o número de parados en 14.500 máis; e baixa o número de ocupados en 86.400. ¡Baixan, señor conselleiro! E a tipoloxía dos contratos deste último ano é que en Galicia houbo 10.376 contratos, pero mire, o 7,9 % foron indefinidos e o 92 % foron temporais...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e xa non entro na análise do tipo de temporais.

Soamente lle vou dar un dato —e xa remato, señor presidente, moitas grazas—. Con estes datos e coas súas afirmacións, voulle dar un dato que é arrepiante —que espero que saia en todos medios de comunicación mañá—: o seu Goberno, a Xunta de Galicia, deixa sen executar —atención, por favor— na partida 32, Promoción de emprego e institucións do mercado de traballo —ao mellor as deputados e os deputados do Partido Popular cando o escoiten non rin tanto— no 2013, 98 millóns; 2014, 84 millóns; 2015, 124 millóns; 2016, 100 millóns; e neste último ano, 2017, 133 millóns, cunha execución do 56 %.

É dicir, 529 millóns de euros que en cinco anos deixaron sen executar para a promoción de emprego e institucións de mercado de traballo.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo.

Resposta do conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Grazas, señor presidente.

Boas tardes.

Señoría, o primeiro que me gustaría sinalar é que xa tiven ocasión de referirme a esta cuestión no último Pleno do 21 de marzo, aínda que neste momento contamos con nova información —ao meu entender moi relevante—, con cifras concretas de maior incremento previsto para os pensionistas, que poden beneficiar a moitos dos pensionistas galegos. Por iso, nunha primeira parte da miña exposición, reiterareille cal é a posición do Goberno galego sobre esta materia, e a continuación procurarei actualizar a información a maiores da que dispoñemos en relación coa última sesión plenaria, que —como lle digo— é bastante relevante.

O Goberno galego —como é coñecido— non ten competencias directas sobre esta cuestión que se nos formula: a revalorización das pensións contributivas. Trátase dunha política estatal, non autonómica, pero desde o Goberno galego, obviamente, somos moi sensibles e comprendemos a inquedanza que teñen os pensionistas en relación co sistema público de pensións.

Precisamente, por esa preocupación dunha parte moi importante da nosa sociedade, sería moi positivo que o grupo que vostede representa estivese de acordo en que o obxectivo final debe de ser manter a sostibilidade do actual sistema público de pensións, que é un bo sistema; se me permite, é un moi bo sistema.

Como deputada socialista sabe perfectamente que un modelo de pensións transcende a calquera goberno, porque as pensións non as paga este goberno nin ningún outro, son un asunto de Estado.

¿Como podemos facer para que o actual sistema sexa sostible? A través de dous aspectos esenciais que xa tiven ocasión de comentar nesta Cámara hai tres semanas, e ao que se referiu tamén vostede na súa primeira intervención: con máis e mellor emprego, e con salarios máis altos tamén, engadía. Pero tamén, en segundo lugar, con acordos no marco do Pacto de Toledo.

No primeiro punto, quero reiterar que en Galicia, como Goberno, estamos poñendo todo o noso esforzo para que o emprego que se cree sexa cada vez maior, de mellor calidade e con salarios máis altos.

Este esforzo está corroborado cuns datos moi recentes, que proban unha clara recuperación no último ano. Contamos con máis contratados indefinidos e a tempo completo; os contratos indefinidos medraron no último ano un 15,8 %, e 3 de cada 4 contratados en Galicia son indefinidos. Os contratos a tempo completo subiron un 13,7 %; e en Galicia 9 de cada 10 ocupados traballan a tempo completo. Tamén están tendo un bo comportamento os salarios, de feito, o último dato coñecido sitúa a Galicia como segunda comunidade autónoma onde máis subiron os salarios, tanto por mes como por hora efectiva, arredor aproximadamente do 4 %, cando a media estatal está no 1 %.

¿E por que facemos tanta énfase no emprego e na súa calidade? Porque máis e mellor emprego, con mellores salarios, leva a máis e mellores pensións para os nosos maiores, polo incremento das cotizacións ao ensanchar a súa base. Pero esta medida ten que complementarse con reformas estruturais para garantir a futura sostibilidade do actual modelo de pensións. E aquí enlazo co segundo aspecto necesario para propiciar acordos no marco do Pacto de Toledo.

Hoxe en día, ningún economista serio mantén que o actual sistema público de pensións poida seguir prestándose nas mesmas condicións que no pasado. E isto é así porque o noso sistema público é de natureza contributiva e tenta asegurar rendas de substitución por enriba dunha determinada porcentaxe de salarios percibidos.

Señoría, todos podemos entender que a aplicación do factor de sostibilidade cause descontento cando este implique unha revalorización de pensións por debaixo do IPC. Pero o que

xa non podemos entender son certas críticas, neste caso dunha deputada socialista, o partido que máis tempo gobernou en España e que non só iniciou as reformas do modelo de pensións, senón que mesmo chegou a conxelar as pensións de todos os galegos. Iso sábeno todos os nosos maiores, e non o esquecen nin creo que o vaian esquecer.

Fronte a isto, nas reformas do Partido Popular blindáronse por lei as pensións para que subisen todos os anos, para que nunca outro Goberno socialista as poida volver conxelar. *(Murmurios.)* Por iso permítame que lle diga que non é comprensible, como militante dun partido que no Goberno tomou medidas moito máis drásticas para conter o gasto da Seguridade Social, que se apunten agora medidas demagóxicas. Sexa responsable, non queira trasladar a sensación de que existen solucións doadas a un problema tan complexo.

Mentres a escoitaba moi atentamente, estaba pensando que calquera pensionista galego que asista a este debate non sería quen de diferenciar entre as argumentacións da deputada de En Marea señora Verao no pasado Pleno e as que fixo vostede hai un momento. Nun tema tan importante como o das pensións custa distinguir entre En Marea e o PSdeG, pois emprega vostede a mesma demagoxia e o mesmo populismo. Dígolle isto porque parece ter vostede memoria selectiva para falar só das medidas a partir de 2013 para garantir a sostibilidade das pensións. Lembrareille eu algunhas cuestións que vostede non cita.

Foi tamén o anterior Goberno socialista o que no ano 2011 introduciu no noso sistema a figura do factor de sostibilidade co obxectivo de manter a proporcionalidade entre as contribucións ao sistema e as prestacións agardadas do mesmo e garantir a dita sostibilidade. Fíxoo a través —como xa se dixo— da Lei 27/2011, do 1 de agosto, sobre a actualización, adecuación e modernización do sistema de Seguridade Social. E fixou basicamente tres aspectos: ampliar a idade de xubilación aos 67 anos, ampliar o período de anos para o cálculo da pensión e introducir a figura do factor de sostibilidade. ¿Está vostede de acordo con estas medidas ou renega delas? Sería bo que o precisase.

O que fixo o actual Goberno de España —ademais de non cuestionar a reforma da Lei 27/2011— foi continuar a tomar decisións para garantir a sostibilidade do sistema, cun obxectivo: manter a proporcionalidade entre as contribucións ao sistema e as prestacións esperadas, garantindo, tanto ás xeracións presentes como futuras, pensións axeitadas e suficientes conforme o mandato do artigo 50 da Constitución española, por onde vostede comezaba a súa primeira intervención.

Señoría, está claro que o sistema de pensións e a súa viabilidade futura é unha das grandes prioridades para o Goberno de España e unha das grandes preocupacións dos cidadáns. Por iso, reitérolle que hai que deixar ao lado a demagoxia e os partidismos e buscar o consenso no marco da Comisión do Pacto de Toledo. Entre todos temos que achegar solucións viables, equitativas e solidarias —insisto—, sen demagoxia.

Nós temos unha proposta: consensuar no Pacto de Toledo as medidas para garantir a viabilidade do sistema e priorizar subir máis as pensións mínimas e as de viuvez. ¿Cal é a súa proposta? Porque o PSOE pide que as pensións suban na liña do IPC, e cos orzamentos presentados polo Goberno, as pensións máis baixas soben bastante por riba do IPC, e aínda así négase a apoiar esta medida. Ten difícil explicación.

Señorías, os orzamentos do Estado presentados recentemente inclúen un incremento de gasto en pensións de 5.188 millóns de euros. E, adicionalmente, á revalorización xeral de todas as pensións se dedican máis de 1.000 millóns de euros para subir as pensións máis baixas e as de viuvez. En concreto, aumentan as deducións por IRPF para os pensionistas que ingresen entre 12.000 e 18.000 euros; soben un 3 % as pensións mínimas; soben un 1,5 % as que non superen os 700 euros e un 1 % as que superen os 860. E as viúvas e viúvos que non perciban achegas adicionais terán un incremento do 2 %.

Desde o Goberno galego apoiamos estas medidas porque beneficiarán dun xeito moi especial os galegos, tanto polo elevado peso da poboación xubilada sobre o total da nosa comunidade respecto da media española como polo inferior importe de media que temos. Os orzamentos do Estado permitirán que medio millón de pensionistas galegos se beneficien destas subas.

Señoría, por iso ao mellor un pouco utopicamente agardo que o Partido Socialista sexa responsable e na tramitación parlamentaria destes orzamentos algúns deputados permitan que saian adiante. Sería unha excelente noticia e oportunidade para ver se o que din coincide co que realizan, permitindo que haxa este orzamento para que esta suba se poida materializar. Reitero: medio millón de pensionistas galegos están agardando pola aprobación dos orzamentos do Estado para poder ter esta suba que acabo de comentar.

O Goberno da Xunta, obviamente, apoia que se materialice esta mellor suba das pensións, como eses 500.000 como mínimo galegos e galegas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor conselleiro, os socialistas xa sabemos que vostedes non teñen competencia aquí, pero, cando se elixe un goberno, entendemos que o Goberno ten que velar polo benestar, neste caso, dos homes e das mulleres pensionistas de Galicia, *(Aplausos.)* ¡para iso os elixiron!, *(Aplausos.)* algo do que se jactan continuamente. ¡Pois defféndanos! *(Aplausos.)*

¡Claro que non estamos de acordo co sistema de pensións que defende o Partido Popular! ¡Evidentemente! E datos acábolle de dar e razóns acábolle de dar. E nunca imos estar de acordo cando o que vostedes busquen sexa a beneficencia e non a dignidade nas pensións dos homes e mulleres deste país. Vostedes buscan a beneficencia. Vostedes seguen defendendo unha subida do 0,25 %, que xa lle teño demostrado que na práctica é unha perda de poder adquisitivo para todos os pensionistas.

Vostede fálame de que buscan —e xa lle dixen antes que estamos de acordo— un salario maior e unha mellor calidade no emprego. Pero repítolle e vólvolle insistir nun dato que daba antes, ¿por que deixa a Xunta de Galicia, en cinco anos, sen executar 539 millóns de

euros en promoción do emprego e institucións do mercado de traballo? *(Aplausos.)* ¿Por que? *(Aplausos.)* ¿Non lle parece a vostede, a todo o seu Goberno e ás deputadas e aos deputados do Partido Popular, que algo terá que ver a súa inacción, o seu pasotismo e non empregar estes cartos, para que deixemos de ter 66.500 fogares con todos os seus membros en paro? ¿Non terán algo que ver as políticas do Partido Popular ou a falta de execución daquelas cousas que consignan no papel pero que despois nunca executan? Vostedes son os da arte de facer que fan. Fan que fan unha e outra vez.

Cando vostede me fala da tipoloxía dos contratos eu fálolle da tipoloxía de novos contratos. ¡Non me mesture! Sei perfectamente do que estou falando e vostede tamén. E vostede tamén o pode consultar: Ministerio de Emprego e Seguridade Social, xaneiro do 2018, 10.376 contratos, 7,9 indefinidos, ¡7,9 novos contratos!, o 92 % temporais, señor conselleiro. E ademais vostede sabe perfectamente que tipoloxía teñen estes temporais, que ás veces son por unha hora ou por un día. E xa non entramos niso.

Vostede fálame de demagoxia. Pero, mire, eu creo que lle acabo de dar datos, non demagoxia. Si, pódome equivocar, é que eu non fun ao máster ese á Rei Juan Carlos *(Aplausos.)* e entón trabúcome de vez en cando porque son unha economista rasa, *(Aplausos.)* ¡rasa!, non teño ningún máster, ¡que peniña!, ¡que peniña me dá! *(Murmurios.)*

Pero mire, señor conselleiro... *(Murmurios.)* —xa sei que se alporizan e se poñen mal—, pódolle mostrar o incremento da pensión mínima de xubilación con cónxuxe a cargo entre o 2004 e o 2017. O vermello é do Partido Socialista —o vermello—, son 257 euros máis na pensión de todos os pensionistas españois mentres gobernaron os socialistas. Mentres que os sete anos do señor Rajoy, que é o que está en azul, 46,90, unha quinta parte, señor conselleiro. Estes son datos, son realidades.

E se lle falo da evolución do fondo de reserva da Seguridade Social, para ver quen apostou máis, desde logo, polo fondo de reserva, o vermello volve ser o Partido Socialista. Non se trabuquen, non se equivoquen, deixámosvos 66.815 millóns de euros e estamos en 8.095, *(Murmurios.)* ¿de acordo? Esta é a realidade, estes son os datos, gústelles ou non lles guste. *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Responde o conselleiro despois.

Isto é un debate. Despois responde o conselleiro e vaise escoitar tamén.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Pero mire, señor conselleiro... *(Murmurios.)*, as previsións, por desgraza, aínda son moito máis desalentadoras... *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Señor Tellado, xa onte me contestou. *(O señor Tellado Filgueira pronuncia palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Tellado.

Señora Rodríguez Rumbo, ao seu tema. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Temos invitados arriba, por favor. Temos arriba público infantil e aproveito para saudalos. *(Murmurios.)* Si, aproveito para saudalos, teñamos isto en conta.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Boas tardes a todos.

O señor PRESIDENTE: Son alumnos do Colexio Fray Luis de Granada...,

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Moi ben, pois boas tardes a todos e a todas as asistentes...

O señor PRESIDENTE: ...de Sarria, Lugo, de quinto de primaria...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...e así tamén podedes aprender...

O señor PRESIDENTE: ...que nos están saudando e escoitando.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...o que é a realidade social do noso país. Benvidos, a política das pensións tamén vos vai afectar a vós, polo tanto, estades nun debate perfecto. *(Murmurios.)*

Na proxección do IGE a curto e a longo prazo —sabe vostede que a curto prazo é o 2031, e a longo prazo o 2050—, por desgraza, as previsións para Galicia son aínda peores, porque nos din que a poboación maior de 65 anos se vai incrementar en máis de 11 puntos en Galicia —¡máis de 11 puntos!— e que a poboación de entre 20 e 64 anos vai baixar en case 11 puntos. *(Murmurios.)* Son as proxeccións do IGE. Xa sei que non lles gustan os datos oficiais, pero son os datos que manexamos, esas son as proxeccións. E que a esperanza de vida de aquí a 2050 vai incrementar en catro anos máis, polo tanto, dende a xubilación —se as cousas saen ben para os que poidan desfrutala— terán 25 anos máis de vida como media.

Polo tanto, é un problema moi importante que non se soluciona con parches nin con aprobar uns orzamentos para medio ano que van afectar soamente a unha parte da poboación, e non é precisamente a dos que teñen...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...as pensións máis baixas. Vostedes nunca miran polos que teñen as pensións máis baixas, vostedes miran polos que teñen as pensións máis altas. Onte o señor Tellado, na súa intervención, falaba dos plans de pensións, e expliqueille despois, tomando un café, que o problema non é que os socialistas teñamos plans de pensións, temos todo o dereito do mundo, ¿ou é patrimonio da xente do Partido Popular? *(Murmurios.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ¿É patrimonio do Partido Popular?

O señor PRESIDENTE: Remate, remate...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O problema é...

O señor PRESIDENTE: Remate, señora Rodríguez Rumbo.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: ...para aquelas persoas que van ter unha pensión de miseria, por non dicir doutra maneira, e non van poder ter un plan de pensións. Ese é o gran problema. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Rodríguez Rumbo. Moitas grazas.

Peche desta interpelación, conselleiro de Facenda.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Boas tardes de novo.

Grazas, señor presidente.

Xa lle dicía hai un pouco, na miña primeira intervención, o ton co que soe vostede facer as súas intervencións, pero chámame moitísimo a atención o seu discurso -xa lle dicía antes- pola similitude que ten respecto doutro que oín hai tres semanas. E ademais de estar un moi acostumado, eu recoñézoo, non me custa nada, teño suficientemente humildade, como a maioría do grupo que sustenta o Goberno, en recoñecer a gran contribución do PSOE ao sistema público de pensións. Pero, igual que digo isto, tamén terá que recoñecer comigo que os primeiros axustes, e dunha magnitude importantísima, a única vez que se conxelaron as pensións en España, son froitos desa parte da bancada. Polo tanto, paréceme recordar que hai que poñer todo na súa xusta medida e non empezar a tirarnos os trastos uns aos outros porque —volvo repetir— estamos ante un dos grandes problemas que nos ocupan á sociedade española, sobre todo cando estamos falando... —que nunca se di, vostede bota man, e agora me referirei a iso, do seu manual de demagoxia—, ...ninguén fala aquí de que estamos en concreto a falar de 760.000 galegas e galegos que son os que cobran as pensións. Iso é do que estamos a falar. En tantos números que deu, resulta que non deu un que é a magnitude dos nosos pensionistas. Póñaos en valor, téñaos moi en conta e non soamente cando hai determinado nivel de mobilización. *(Aplausos.)*

Os galegos creo que non entenden que, por unha parte, se estea a falar de IPC, IPC, IPC e, por outra, que estou falando de máis do 66 % dos nosos pensionistas, onde a oferta que fai o Goberno, a través dos orzamentos do Estado, e dalgún lado saen, se non saen das contribucións, saen do que todos poñemos no conxunto, tamén hai que dicirlle á xente nova o que significa o factor de sostibilidade, que o oirán moito nos próximos anos; porque oirán que o equilibrio non só se logra con determinados automatismos e simplezas como as que ultimamente estamos dando, senón que ten que haber, en primeiro lugar, un equilibrio xeracional, porque as pensións de hoxe son cos cotizantes de hoxe. A iso tamén me referirei no tempo que me queda.

Polo tanto, invítoos a reflexionar entre todos e, polo menos, ter a suficiente tranquilidade para darnos conta de que hai unha oferta feita polo Goberno de España na Lei de orzamentos

deste ano que mellora en máis de 500.000 persoas por riba do IPC esperado. Iso hai que dicilo dunha maneira clarísima, para ver se á xente tamén lle van calando as cousas, que non por ser maiores son menos entendedores que os demais, nin son tan simples como algunhas das mensaxes que tratan vostedes de trasladar.

Un verdadeiro manual de demagoxia empregou vostede. En primeiro lugar, o tan demonizado Partido Popular. O PP soamente teñen valores negativos, incluso no ton empregado por vostede. Un pouco máis de madurez.

A táctica do despiste. Fala daquilo que máis ou menos se presume que coñece vostede. Información totalmente incompleta *(Murmurios.)* e demagoxia numérica. Utiliza os números sobre un tema tan complexo soamente para dar catro pinceladas dunha cuestión de semellante magnitude. E plantexa, obviamente, falsos dilemas: bo-malo, regular, non existe, nin tons, nin imos tratar de facer entre todos, a través do acordado no Pacto de Toledo, onde non soamente están partidos políticos, senón organizacións sindicais e empresariais, para tratar de poñernos de acordo.

Ese é o camiño, poñamos todo. Porque tanto que se refiren aquí ás distintas reformas, na reforma última, que contén o factor de sostibilidade, hai unha cuestión central que nunca se explica suficientemente nun tema tan complexo, que é a transparencia. Falemos de todo, poñamos todo en branco para que a xente, nun equilibrio xeracional a medio prazo, teña en conta todo isto, non soamente determinadas extrapolacións estatísticas que poida ter o IGE para dicir se a poboación de Galicia vai ser A, B ou C. ¡Iso xa o sabiamos tamén hai dez anos! *(Murmurios.)*

Por certo, non manipule os datos cando aquí, gabándose de determinados gráficos, presenta o gran logro do Partido Socialista, cando hai que ter en conta, por exemplo, que no ano 2008 —paréceme que gobernaba o Partido Socialista— a pensión media en Galicia resulta que estaba no 83,4 % do que en España había. No ano 2009, 83,5 %. Curiosamente, no ano 2012 a pensión media está no 83,9 %, máis, nun partido do Goberno Popular. Pero é que a día de hoxe, despois de toda esta caterva de datos que veu dar aquí dunha maneira interesada e totalmente torticera, estamos no 84,6 %. Ata onde eu sei, 84,6 % é máis alto que 83,4 %, que 83,5 % ou que 83,6 %. *(Aplausos.)* É dicir, non mezclen as cifras porque non é verdade.

O máis importante, o máis importante —volvo repetir—, son medidas positivas que se recollen na Lei de orzamentos para este ano, que se está tramitando no Congreso, que en concreto significan que hai un incremento do 3 % das pensións mínimas. Supoño que iso é superior ao IPC, que me parece que este ano os cálculos se aproximan entre o 1,5 e o 1,6 se non me corrixe o señor Lago, que normalmente bota máis deste tipo de temas. E así son os datos oficiais.

Tamén supoño que as viúvas e viúvos sen persoas ao cargo, que teñen un 2 %, estarán por riba do IPC esperado. E así sucesivamente. Máis de 500.000 galegas e galegos é o que están esperando. Sexamos coherentes, falemos de todo con tranquilidade. Vostedes teñen os datos, e nosoutros, poñámolos, Pacto de Toledo *dixit,* e sigamos camiñando. Esa é a forma de ser, creo que nolo deben.

¿E por que está cambiando todo isto? Está cambiando todo isto dende o ano 2015 porque hai un cambio na economía, no conxunto de España e en Galicia, que se manifesta en máis e mellor emprego. Xa lle dixen, en materia de máis emprego, son a día de hoxe 25.751 afiliacións máis que hai un ano. Iso é positivo.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Como tamén que os salarios están nun 3,77, 3,2 puntos por riba da media española, e tamén na poboación moza. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Como tamén esa composición de contratos indefinidos e a tempo completo.

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): E permítame que lle diga antes de terminar unha cousa, que o máis importante é iso, actúen en positivo... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...poñamos en común dentro do Pacto de Toledo o que teñamos que poñer, corrixamos, pero, sobre todo, vaiamos a unha sostibilidade interxeracional, que é do que se trata. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Apoien os orzamentos.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Por certo, de execución orzamentaria xa falaremos.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): O que é tristísimo é vir traer aquí cifras totalmente parciais...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): ...e non saber o que cabalga dun exercicio sobre outro. Iso é de primeiro de Facenda Pública.

O señor PRESIDENTE: Grazas. Terminou o seu tempo.

O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García): Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pasamos ao punto sete da orde do día, que se corresponde... *(A señora Rodríguez Rumbo pide a palabra.)*

Si, señora Rodríguez Rumbo, ¿para que quere a palabra? Xa terminou este debate. *(A señora Rodríguez Rumbo pronuncia palabras que non se perciben.)*

¿76? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non, non, ¿e cal foi o indecoro? *(Protestas.)* Non, non, silencio. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Por favor, por favor, silencio. Silencio. ¿Cal é a falta de decoro á Cámara? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Exactamente... Perdón, perdón. Non, silencio. Iso matízao a Presidencia. Hai que coñecer o Regulamento, ¡eh! ¿Exactamente cal é a falta de decoro? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Si, xa ten.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O señor conselleiro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor PRESIDENTE: Silencio, señor Trenor, por favor.

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: O señor conselleiro pon en dúbida os datos aportados por esta deputada.

O señor PRESIDENTE: Ben, pero iso é o debate... *(Murmurios.)*

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Perdón, espere, espere, espere...

O señor PRESIDENTE: Non, non...

A señora RODRÍGUEZ RUMBO: Porque me dixo que iso se aprendía en primeiro de Facenda.

O señor PRESIDENTE: Iso non é faltar ao decoro. Constantemente sucede nesta Cámara, uns cuestionan uns datos e outros outros. Terminou, señora Rodríguez Rumbo. Grazas. *(Murmurios.)*

Como dixen antes, pasamos ao punto sete da orde do día, preguntas ao Goberno.

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don Juan Manuel Díaz Villoslada, do Grupo Parlamentario Socialista.

Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a información do Goberno galego respecto dos prazos de licitación e execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo

O señor PRESIDENTE: Cando queira. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Boa tarde.

No pasado mes de marzo, no pleno, señora conselleira, desde o Grupo Parlamentario Socialista preguntabámoslle sobre a rexeneración do fondo da ría de Pontevedra e creo que recibimos largas. Hoxe lle preguntamos que coñecemento ten especificamente o Goberno galego sobre os prazos de licitación e de execución do proxecto de dragaxe ambiental da ría do Burgo. E formulámoslle esta pregunta para a súa resposta oral, señora conselleira, neste pleno ante as sucesivas respostas evasivas recibidas por escrito por parte da súa consellería, nas que, sen prexuízo desas evasivas, o que si se dicía literalmente é que a Xunta de Galicia velará, como non pode ser doutro xeito, para que se cumpran todos os compromisos adquiridos coa ría do Burgo e para que os orzamentos se executen todo o imprescindible para o desenvolvemento desta actuación. Tamén se dicía literalmente que o obxectivo do Goberno galego é que a dragaxe sexa unha realidade no máis breve prazo posible de tempo.

¿Esta é a contestación, señora conselleira, que hoxe pode dar a esta Cámara e que hoxe pode dar aos mariscadores que nos acompañan da ría do Burgo? Porque, señora conselleira, no ano 2013, que é precisamente o ano no que a Comisión de Peticións do Parlamento europeo emitía aquel informe sobre o estado das rías galegas, aquel ano no que aquela visita de parlamentarios afundía en dous metros de lodo os seus pes na ría do Burgo, ano no que o Ministerio de Medio Ambiente iniciara a redacción —si naquel ano— do proxecto de dragaxe. Tendo que estar rematado ese proxecto en xullo de 2016, en función das previsións iniciais, non foi ata setembro do ano pasado cando o ministerio declarou o impacto ambiental deste proxecto, é dicir, con catro anos de atraso.

O 16 de novembro do ano 2017 o Goberno central, en resposta ao noso grupo no Senado, indicaba que se estaba aínda a modificar e a adaptar o proxecto ás condicións establecidas na declaración de impacto ambiental, e que aínda despois, unha vez modificadas, sería necesario acordar coas administracións implicadas o cofinanciamento da obra, con carácter previo, evidentemente, a iniciar a licitación destas actuacións. E o Goberno central dicía tamén, para rematar, nesa pregunta recibida no Senado, literalmente, que por iso non se poden dar datas de inicio destes traballos.

Señora conselleira e señorías, nos anos oitenta na ría do Burgo traballaban máis de 2.000 mariscadores e mariscadoras. Hoxe a capacidade produtiva da ría do Burgo está por baixo do 20 %. Hoxe non quedan máis de 60 mariscadores a pé na ría do Burgo.

A declaración de impacto ambiental recollía 281.000 metros cúbicos de sedimentos na ría do Burgo, 161.000 metros cúbicos tóxicos, que deben ser confinados en dúas balsas, unha menor, na ribeira da parte de Oleiros, e outra, como sabe, maior, na ribeira da parte de Culleredo.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor. Formule a pregunta.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Estamos a falar de 300.000 persoas afectadas.

O señor PRESIDENTE: Formule a pregunta, por favor.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Por iso lle preguntamos, señora conselleira, se realmente con ese millón de euros que orzamento o Estado para 2018 realmente cre, como dicía...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...que poden cumprir con este proxecto de rexeneración ambiental da ría do Burgo.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Máis nada. Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Moitas grazas, presidente.

O primeiro de todo, saudar expresamente os mariscadores que hoxe nos acompañan.

Como sabe, señoría, coñezo moi ben o sector. Non digo que coñeza persoalmente estes mariscadores, pero si que tiven a honra de traballar con eles no Goberno da Xunta de Galicia como delegada desta consellería e, polo tanto, coñezo ben a situación na que se atopa a ría do Burgo xa dende o ano 2002. De feito poderíalle incluso afirmar que nos anos oitenta traballar en si mesmo 2.000 persoas na ría non era certo, porque os Permex dábanse dende o ano 1991, que é xusto canto se oficializa o traballo de marisqueo na nosa comunidade.

Pero, máis alá de facer esa apreciación, o que si non cabe dúbida, señoría, é que, se quere vostede que teña unha resposta concreta, se quere vostede que ninguén lle dea largas, sabe vostede moi ben, mellor ca min, que a quen se ten que dirixir é a quen ten a competencia neste caso de dragar. Vostede e a súa formación teñen unha representación no Congreso dos Deputados, onde espero que, ademais de acompañarse dos mariscadores, tamén lle faga a mesma pregunta a quen ten a competencia. Mentres tanto, a Xunta de Galicia o que fai é desenvolver as súas competencias con rigor e dilixencia no que atinxe ao saneamento, que non ao dragado, ao saneamento da ría do Burgo.

Non está esta pregunta para dicir de quen é competencia unha cousa ou outra, porque se dá por sentado que as señorías e os deputados coñecen as competencias do Goberno da Xunta de Galicia.

E do que non cabe dúbida, e comparto tamén con vostede, é de que, efectivamente, a presión humana sobre esta ría, dende os anos setenta especialmente, fixo moitísimo dano. E, efectivamente, tivemos dalgunha maneira que ser tirados das orellas dende a Unión Europea

daquela, no ano 2013, para que puxeramos entre todos o que temos que poñer, que é o noso presuposto no investimento, no caso da Xunta de Galicia, do que é a súa competencia, que é o saneamento.

Foi esta formación política, o Partido Popular, e volvo repetir, foi esta formación política, o partido Popular, o que fixo todas as actuacións que estaban contempladas no plan de saneamento da ría do Burgo. Estou a falar en concreto de 13 actuacións e 67 incidencias que desenvolvemos ao longo destes últimos anos entre os catro concellos que verten principalmente a esta ría e esta consellería. En concreto, as dúas actuacións que rematan nese plan de saneamento, volvo remarcar, competencia da Xunta de Galicia, para que ninguén se trabuque, que unha cousa é sanear a ría e outra cousa é limpar os lodos, ese plan de saneamento rématao esta conselleira, por vontade propia, con dúas actuacións que a día de hoxe están sendo executadas na ría do Burgo, cun investimento de máis de 6 millóns de euros, nun bombeo e nun tanque de tormenta.

Evidentemente, estes son os esforzos que temos que facer para seguir avanzando no compromiso que o Goberno da Xunta de Galicia, e eu como conselleira, temos con esta ría. E tamén se fixo un traballo importante por parte dos concellos...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Grazas, conselleira, ten un turno despois.

Grazas.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): ...que, efectivamente, agora sitúan a ría nunha situación de menores vertidos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: Grazas.

Señora Mato, chama a atención non que persoalmente non coñeza, pero si que, habendo tido responsabilidades na delegación de pesca, non tivera coñecemento realmente do colectivo de mariscadores. Pero supoño que forma parte dunha forma, ás veces, de evadir as responsabilidades.

Somos conscientes plenamente de que o proxecto é unha competencia inicial do Ministerio de Medio Ambiente, actualmente un macroministerio. Supoño que igual por iso non da abasto con tantas competencias: agricultura, pesca, alimentación e medio ambiente, e o medio ambiente necesita un peso específico. E nós preguntamos —por iso lle dicía que recibimos outra evasiva de contestación por parte do Ministerio de Medio Ambiente— ao noso

grupo do Congreso, pero é que o propio ministerio fala de que é unha actuación que hai que cofinanciar por parte do conxunto das administracións públicas implicadas, e entre esas está precisamente a Xunta de Galicia e o Goberno do señor Feijóo.

Este é o mapa de actuacións que actualmente ten publicado o Ministerio de Medio Ambiente na costa da Coruña, por parte da demarcación. Non hai ningunha actuación prevista máis alá da de Sada, que, por certo, están desistindo dela. Entón, realmente non sei cales son os compromisos en materia medioambiental e de rexeneración da ría por parte dos gobernos do Partido Popular.

Señora conselleira, tennos falado da capacidade de execución en materia de saneamento. Realmente dubidamos moito desa capacidade, e, polo tanto, tamén na ría do Burgo, para a que lle pedimos uns orzamentos en trámite de debate orzamentario, en emendas, de 2,5 millóns, que rexeitaron. Realmente, se imos aos datos, chámanos a atención como esa capacidade de execución por parte da súa consellería pode poñer en tela de xuízo precisamente todo este tipo de actuacións de rexeneración medioambiental nas rías galegas e tamén na ría do Burgo.

Acabamos de comprobar como en materia de actuacións medioambientais a función 54, en 2017, quedou nunha execución do 65 %, deixaron sen gastar 42 millóns de euros. E por poñer un exemplo creo que maximamente grave, no programa 542A...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Díaz Villoslada. Terminou o seu tempo.

Grazas.

O señor DÍAZ VILLOSLADA: ...planificación hidrolóxica, deixaron sen execución un 12 %, só gastaron 4 de 38 millóns. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo.

Grazas.

Peche desta pregunta, conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero): Máis alá da execución, eu creo que os que vivimos na Coruña, e na contorna da Coruña, non só vemos a execución, senón que mesmo podería dicir que a estamos a padecer, porque, efectivamente, temos incluso cortes nas rúas —en concreto nas de Oleiros— precisamente pola execución destas obras. Así que, polo tanto, eu creo que esa é unha realidade absolutamente palpable —insisto—, porque esta conselleira quixo licitar máis de 6 millóns de euros o pasado ano para que este ano sexa unha realidade e se rematen.

Máis alá diso, e non por dar ningún tipo de evasiva nin moitísimo menos, a Xunta de Galicia cumpre con rigor os seus compromisos coa ría do Burgo, e a Xunta de Galicia tamén exixe ao resto das administracións que cumpran con eses compromisos. Evidentemente, eu como

conselleira tiven a oportunidade de estar no despacho da ministra recentemente, no mes de xaneiro, e de falar coa ministra, para pedirlle que houbera un incremento do compromiso do Goberno do Estado coa ría do Burgo no caso do dragado dos fondos desta ría, e ese compromiso, a día de hoxe, é unha realidade, posto que se multiplicou por tres o compromiso de investimento do Goberno do Estado nesta ría. Onde di vostede que había un millón de euros, realmente o ano pasado estaban comprometidos sete, e agora están comprometidos, para os próximos tres anos, 24 millóns de euros.

Eu exixireille a máxima celeridade ao ministerio para que faga realidade ese investimento o máis pronto posible, do mesmo xeito que tamén lle exixirei que cree esa comisión na que, como lles respondeu a vostedes o seu grupo político en Madrid, efectivamente, temos que crear unha comisión porque temos que ver todos onde está realmente ese compromiso medioambiental coa ría do Burgo. É dicir, aquí sentados todos xuntos, o ministerio, a Xunta de Galicia e todos os concellos, veremos se ese compromiso medioambiental coa ría do Burgo é realidade ou é só de boquilla, porque, efectivamente, aquí todos temos que falar. E, dende logo, a Xunta de Galicia vaise sentar, se se sentan os concellos, e vaise comprometer aínda máis, se se comprometen tamén os concellos. Pero aí temos que estar todos. Insisto, a política de boquilla non funciona, a que funciona é a dos feitos.

O Goberno da Xunta funciona con feitos, como é a realidade deses dous investimentos que veñen rematar o saneamento íntegro das augas da ría do Burgo, e dende logo exixirei que coa máxima celeridade, nos próximos meses a ser posible, sexa unha realidade o peche da execución do proxecto de saneamento, do proxecto de dragado dos lodos, para que se poida licitar inmediatamente, e tamén lle direi ao ministerio que convoque inmediatamente esa mesa onde todos teremos a oportunidade de dar a cara, se é que a temos.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Pregunta de Dª Noa Presas Bergantiños e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia para a protección patrimonial da calzada de acceso ao castelo de Monterrei

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Grazas, señor presidente.

Señor Rodríguez, hoxe desde o BNG queremos trasladarlle unha serie de dúbidas e preocupacións diante da situación patrimonial e de conservación dun dos elementos importantes do conxunto da fortaleza do Castelo de Monterrei, a súa calzada de acceso.

Como sabe vostede, cando falamos do Castelo de Monterrei non só estamos a falar dunha das maiores vilas fortificadas do noso país, declarada xa en 1931 monumento polo Estado e con conservación BIC neste momento. Falamos tamén da historia dunha aldraxe, da historia do espolio do patrimonio para fins privatizados e patrocinados polo Goberno do Partido Popular, porque vostedes, contra a vontade social, contra o criterio de varias universidades e de entidades como o Consello da Cultura Galega ou a Academia de Belas Artes, despois dun

investimento público importante, cederon a Paradores do Estado este patrimonio galego, anteriormente público, por nada máis e nada menos que setenta e cinco anos.

Desde o BNG, como sabe, non concordamos con este uso, e o paso do tempo confirma, por desgraza, primeiro, que non repercute positivamente na dinamización económica da comarca; e segundo, que o que vostedes fixeron foi de forma chapuceira.

Temos alertado en diferentes ocasións de que vostedes estaban a comezar a casa polo tellado, que había unha deficiente catalogación deste ben patrimonial e a necesidade aínda pendente enriba da mesa de que, con carácter previo a calquera actuación, vostedes fixeran unha planificación máis rigorosa.

Pero, máis alá dos usos, queriamos e queremos garantías. Unha protección que nós entendemos que vai moito máis alá do propio castelo, a todos e cada un dos elementos singulares que compoñen esta xoia.

Vostedes, como digo, comezaron a casa polo tellado. Primeiro o parador e despois o resto. E daqueles polvos temos estes lodos. Vostedes non fixeron a planificación adecuada sobre o camiño real, sobre esta calzada, e agora as necesidades de obras para subministrar servizos básicos ao parador leva a que temos a día de hoxe unha instalación privada pechada, pero, sobre todo, moita inquedanza neste momento entre a veciñanza de Monterrei a respecto de que se vai facer coa calzada.

Non era sorpresivo que no momento de actuar sobre o que é un camiño real se atoparan achados arqueolóxicos e se atoparan problemas de intervención, e os precedentes son preocupantes. Teño aquí unha imaxe para mostrarlle cal é o estado da calzada. Pódese ver perfectamente o formigón, pódese ver perfectamente como a chuvia e o paso do tempo destapan as capas de area que se empregaron para o paso de camións pesados, e pódense ver, se se fala coa poboación de Monterrei, as dúbidas que hai neste momento. Nós non queremos nin mero cemento nin simplemente capas de area para a calzada do camiño real…,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: …o que queremos é unha alternativa de protección, por iso lle preguntamos hoxe que vai facer a Xunta de Galicia para garantir esa protección. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Presas, coincidimos co Bloque en que o recinto de Monterrei é un lugar dunha relevancia histórica indubidable, dunha beleza paisaxística indubidable, dun valor cultural e

histórico indubidable. Grandes liñaxes habitaron aí: os Ulloa, os Fonseca... Foi protagonista en momentos estelares da nosa historia, na propia Guerra da Independencia. Ten sido un foco cultural de primeirísimo nivel. Aí se escribiu o primeiro incunable galego, o *Missale Auriense*, que se atopa agora mesmo na catedral de Ourense. Pero, certamente, non coincidimos noutras cuestións.

Dende o primeiro momento vostedes se posicionaron en contra de impulsar a posta en marcha dunha infraestrutura turística, cunha capacidade de dinamización económica no seu contorno moi importante, como é un parador; algo que, sen dúbida, a moitísimas vilas e pobos de Galicia lles gustaría ter como elemento de dinamización.

Obviamente, os seus plans, os plans que tiña neste caso o Bloque Nacionalista Galego para o recinto de Monterrei, son coñecidos. Aí se fixo un grande evento que xuntou 800 xoves disfrazados ou vestidos de medievais para facer un gran xogo de rol. No seu momento foi —digamos— unha actividade dun gran valor cultural e que xeraba un enorme desenvolvemento na súa contorna. Esa foi a política do BNG respecto deste recinto. Obviamente, nós temos unha diferente. A nosa política fundaméntase e baséase, á vez que recuperamos o patrimonio, en xerar un foco de desenvolvemento económico e social para o conxunto da comarca, creador de emprego, como pode ser, sen dúbida, un parador.

A partir de aí, podemos falar de moitísimas cuestións. Do que vostede se preocupa é de se está garantida a preservación cultural do que se denomina «calzada real», que é o acceso ao cume da acrópole. Vostede sabe perfectamente que se está traballando neste ámbito e sabe que se está desenvolvendo un proxecto —ou debería sabelo—, por certo, falado neste caso tanto co concello como coa empresa Paradores, para dar solución a un problema que existe, que é real, pero que hai que solucionar, e pensamos que a solución que se plantexa é a solución máis lóxica porque vai permitir preservar, por unha parte, o enorme valor cultural que ten esa calzada, que forma parte do conxunto histórico-cultural do castelo, do recinto, co que pode ser facilitar o acceso, neste caso, aos usuarios, ás persoas que poidan visitar este conxunto, que, por certo, tivo unha restauración que mellorou notablemente o castelo e converteuno nun elemento de dinamización económica importante.

En todo caso, vendo o tempo, creo que vou ir moi xusto. Agardarei á segunda intervención para explicarlle tecnicamente o que se vai plantexar para solucionar os problemas que vostede plantexa. E polo que se ve non acabo de ter moi claro se o BNG apoia que haxa un recinto accesible ou non.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Xa llo explica na segunda intervención.

Grazas.

Réplica, señora Presas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: Señor Rodríguez, ¿sabe vostede cal foi a política do BNG, e tamén do Partido Socialista como socio de Goberno, respecto desta instalación? Primeiro, conseguir a transferencia. *(Aplausos.)* E, segundo, facer algo que vostedes, en case unha década de goberno, aínda non fixeron, que foi facer un plan director; non comezar a casa polo tellado, como fixeron vostedes. Non sei se pode dicirnos hoxe se nalgún momento da historia próxima imos ver un plan director e un verdadeiro plan de protección e dinamización deste conxunto. Conxunto, insisto, non só castelo, non só parador, ou non. É unha petición que novamente aproveito para trasladarlle, por non entrar noutras cuestións, como que vostede, como conselleiro de Educación e tamén como docente no seu pasado, creo que non debería subestimar o xogo de rol como mecanismo de aprendizaxe e de lecer para a mocidade.

Di vostede que eu debo saber que se está facendo, ou que debería. ¡Home!, seino porque falo coa veciñanza e porque leo *La Región*. O que non sei é se vostedes saben que están facendo, porque temos aquí un titular de febreiro de 2018 no que vostedes din: «Paradores y Xunta buscarán una solución en pocos días.» Isto despois de que se pechara o recinto sen saber moi ben por que, nin cando nin durante canto tempo, información só da entidade privada; en ningún momento da Xunta de Galicia, en ningún momento do Concello de Monterrei, que tampouco é paradigma da transferencia, e por iso traemos esta pregunta aquí, porque a veciñanza ten moitas dúbidas. E non só traemos esta pregunta, senón tamén propostas.

Nós insistimos, ademais dese plan director, pensamos que é preciso facer tamén unha avaliación de danos. Eu pregúntolle se teñen vostedes feita esa avaliación de danos sobre a calzada ou non, e se teñen previsto incoar algún tipo de expediente, e tamén que fagan unha planificación para que este elemento, que nós pensamos que é moi importante...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

Grazas.

A señora PRESAS BERGANTIÑOS: ...desde un aspecto secundario estea garantida a súa protección patrimonial. E non como ata o momento, porque eu amoseille unha foto...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Presas.

(*A señora Presas Bergantiños pronuncia palabras que non se perciben.*)

Grazas, señora Presas. Xa terminou o seu tempo. Xa non está o micrófono operativo.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Efectivamente, señora deputada, pois o que máis se coñeceu na política do BNG, do seu socio socialista, foi un gran evento, un xogo de rol, eu non o cuestiono, pero si é certo que houbo un enorme investimento en traxes e en disfraces. Eu iso non o cuestiono, é a súa política e a verdade é que está ben, e sobre todo intentar converter iso no lugar da

Revolta Irmandiña. Hai historiadores en España e en Galicia da Revolta Irmandiña, era o seu plantexamento, non o cuestiono.

Pero, en todo caso, vostede dime qué imos facer. Eu voulle dicir que temos perfectamente planificado o que imos facer, e voulle explicar —se me permite poñer un plano, que creo que é moito máis sencillo para poder entender— que hai unha parte que é a antiga calzada, que, obviamente, ao destaparse se viu que, efectivamente, había restos arqueolóxicos que é necesario preservar e poñer en valor.

Temos iso detectado e imos intervir sobre iso. ¿Como imos intervir? A través, primeiro, da habilitación dun acceso secundario, inicialmente, polo cal estiveron subindo sen ningún tipo de problema persoas, usuarios deste recinto. É certo que esta subida non é a máis digna posible, ten problemas, curvas moi pechadas, problemas de pendentes, etc.

Imos, en primeiro lugar, protexer a calzada, imos poñer unha capa de terra para preservar esa calzada, compactada, para posteriormente poder arranxar esta vía secundaria para facilitar un acceso. Redactar un proxecto de posta en valor da calzada romana; mentres se redacta o proxecto, se edifica e se pon en funcionamento, temos esta entrada secundaria. Posteriormente, interviremos nesta.

Estamos falando, para o primeiro caso —da secundaria— de arredor de dous meses para ter todo preparado, para facilitar o acceso por este ámbito. E teremos tamén, máis ou menos, nunha media de doce meses, cun investimento de arredor de 350.000 euros, aproximadamente, rehabilitada a calzada actual. Cando se remate este proceso teremos dous accesos, un pola antiga calzada e outro polo acceso anteriormente secundario e agora non.

Vostede preocúpase, non sei se de xeito real ou ficticio, de que o parador estivera pechado. Despois de tantos anos, de tantas declaracións, o BNG preocúpase de que o parador de Monterrei estea pechado, cando non quería nin que estivese. ¡Perfecto! A partir de aí, eu pregúntome: vostede infórmase só polos medios de comunicación, porque se lles preguntase —neste caso— aos responsables do parador diríanlle que é un peche programado, un peche programado para facer unha serie de obras de intervención no interior, e pasaban aos usuarios ao interior do edificio.

Co cal hai unha planificación para facilitar o acceso, non é fácil, unha zona de pendente, unha zona con moitas ruínas, unha zona con restos arqueolóxicos. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Non é tan fácil...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...é moito máis difícil facer un xogo de rol. Pero é certo, absolutamente, que a planificación e o respecto, neste caso, ao ben patrimonial...

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Terminou o seu tempo.

Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que está absolutamente garantido.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Luis Manuel Álvarez Martínez e Dª María de la Concepción Burgo López, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria respecto da participación dos centros educativos nas iniciativas desenvoltas ata o momento en relación coas vocacións nas áreas STEM, ou de ciencias, tecnoloxía, enxeñaría e matemáticas

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, moi boa tarde.

Un consello previo á miña pregunta: non denigre vostede a intervención da deputada do Bloque polo feito de que houbera un xogo de rol, porque a argumentación é a mesma que se denigramos os *kits* de robótica en educación primaria porque xoguetiños como os robots tampouco van formar grandes técnicos. Pero bueno, a argumentación élle da mesma índole.

Mire, a nosa pregunta versa sobre o contido do informe do Consello Económico e Social do día 28 de febreiro, no que despois de facer cincuenta propostas por unha alianza no sector industrial galego, prevé no ámbito que compete á Consellería de Educación a proposta de xerar unha canteira de científicos e tecnólogos ou científicas e tecnólogas estimulando a curiosidade científica con atención particular á incorporación de nenas, é dicir, de alumnas, ao ámbito tecnolóxico.

Iso sobre dúas liñas fundamentais: unha delas, evidentemente, contar con capital humano suficiente, suficientemente formado, para o escenario tecnolóxico que se aveciña e que se intúe á volta de non moitos anos, e tamén é moi importante reducir a fenda de xénero existente nas facultades, que, como vostede coñece perfectamente, existe dentro dos graos de vinculación científica e tecnolóxica, non só en Galicia, senón en todo o Estado.

Ese informe plantexa unha serie de indicadores de seguimento para conseguir, entre eles, o 44,4 % da matrícula en graos relacionados con vocacións ou áreas de coñecemento STEM —ciencias, tecnoloxías, enxeñarías e matemáticas— no ano 2020. E tamén que a metade do alumando, tamén no ano 2020, neses graos sexan mulleres.

Pero evidencia que non dispón de información agregada —falo do Consello Económico e Social— sobre o número de alumnos que están involucrados en actividades de divulgación científica; falta de evidencia que tampouco nos sorprende tendo en conta a resposta que deu o director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa na Comisión de Educación da semana pasada sobre o Plan de igualdade 2016-2020, é dicir, que hai determinados indicadores dos cales non temos a máis mínima información.

É certo que a súa consellería ten liñas de actuación estratéxicas, e sobre todo relacionadas con eurodixital, que tende a favorecer —ten accións para favorecer— a adquisición de competencias STEM e o desenvolvemento do alumnado neses ámbitos.

O certo é que para este curso 2017-2018 na súa consellería se convocaron determinadas accións que, en definitiva, supoñen que vai haber once centros de educación primaria e oito de educación secundaria por todo haber en toda a comunidade autónoma para esa famosa semana STEM.

Polo tanto, a pregunta é moi sinxela, ¿que valoración fai vostede da participación dos centros da comunidade autónoma nas iniciativas desenvoltas ata este momento relacionadas coa educación STEM?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Moitas grazas, señor presidente.

Señor deputado, eu en ocasións utilizo a frase retórica de que se agradece esa pregunta —utilízase de xeito retórico—, eu vouna utilizar sen ser retórica. Eu agradézoo moito por dous motivos: o primeiro porque posibilita que falemos nesta Cámara dun proxecto e dunha liña de traballo da cal estamos sanamente orgullosos na consellería de como está sendo acollida pola comunidade educativa e como está evolucionando. Creo que é unha liña de traballo moi positiva, e que, sobre todo, está dando oportunidades, dá moitas oportunidades aos alumnos de hoxe que van ser os galegos de mañá.

E dígoo porque se dixera o que vou dicir a raíz dunha pregunta do Grupo Parlamentario Popular, ou a dixera nun medio de comunicación, vostedes dirían que estamos facendo publicidade e propaganda, co cal agradezo que vostede o pregunte para posibilitar que digamos, ou que diga, o que vou dicir a continuación.

O segundo motivo, que tamén lle agradecemos, é que na propia exposición de motivos di unha cousa que a min me gustaría repetir e me gustaría ler literalmente: «Certamente, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria ten iniciado liñas de actuación encamiñadas a potenciar as vocacións externas». Creo que é un recoñecemento pola súa

parte positivo para unha liña de traballo da cal, como xa dixen, na consellería estamos sanamente orgullosos, e comparativamente con outras comunidades autónomas estamos á vangarda dun proceso que, queirámolo ou non, vai marcar xa non só o devir actual da educación, senón o futuro da sociedade, porque, queirámolo ou non, vivimos nunha sociedade cada vez máis tecnificada, cada vez máis tecnolóxica, e é necesario que o sistema educativo prepare os adultos de mañá para poder desenvolverse con destrezas e competencias que cada vez van ser máis demandadas na vida social, na vida cotiá e, por suposto, tamén, na vida laboral e na vida económica.

E, obviamente, e isto si que é certo, vostede despois dinos —e así parece entreverse na súa exposición— que hai pouco diñeiro, que se dedica pouco diñeiro, que di que só están consignados arredor de 600.000 euros neste orzamento. E aí é onde xa lle sae a picardía política intentando plantexar a parte polo todo.

Vostede fala dun informe do CES, obviamente o CES ten que responder dos seus informes, o propio CES. Nós podemos responder da nosa estratexia e nós temos unha estratexia, unha estratexia educativa, que é a Estratexia eurodixital 2020, que foi presentada no Consello da Xunta, que pasou por todos os filtros, digamos administrativos, informes de Intervención, de Orzamentos, etc., que fixa que ata o ano 2020 vai haber un orzamento orientado a fomentar as vocacións STEM e orientado a fomentar o ensino dixital de máis de 50 millóns de euros. Creo que falan ás claras estes 50 millóns de euros da vocación que ten esta Xunta de Galicia e este sistema educativo por dar oportunidades aos nosos xóvenes e, sobre todo, tamén, por fomentar todo o que ten que ver coa destreza do futuro.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro. Grazas. Terminou o seu turno.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): En todo caso, creo que agradezo, como xa dixen, o seu plantexamento e estarei encantado de seguir respondendo na seguinte parte da intervención.

Moitas grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro. Ten outro turno despois.

Grazas.

Réplica, señor Álvarez Martínez.

O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, eu agradezo o seu agradecemento, non imos entrar nesta espiral de agradecementos porque non saímos dela.

Mire unha cousa, se vostede di que están orgullosos da resposta dos centros educativos, porque de 898 centros de educación primaria que puideran apuntarse se apuntaron 36, e seleccionaron 11, é dicir, o 4 %; e de 511 de educación secundaria apuntáronse 31, e seleccionaron

8, e en total da comunidade autónoma van ir 300 e poucos alumnos —cando digo poucos creo que son 308— a esa semana STEM de todos os miles que hai na comunidade autónoma, se vostede di que están orgullosos, eu estaría preocupado, francamente, (*Aplausos.*) non estaría moi orgulloso.

¡Home!, ben é certo que hai que ter en conta que ultimamente asistimos —e eu asisto, créamo de verdade— con preocupación, con dor e con rabia á devaluación da calidade universitaria deste país; eu asisto con profunda rabia. Pero, claro, cando resulta que algúns dos seus correlixionarios, non desta comunidade autónoma, pero si de León, din: «Vale, Cifuentes no tienes máster, ¿cuál es el problema?» Vostede di, vale, as cifras son estas, ¿cal é o problema? Eu de verdade que non teño ningún problema —sábeo vostede á perfección— en recoñecer as bondades do sistema educativo galego.

Por iso nesa iniciativa se recoñece o que é evidente, é dicir, que a consellería ten camiños iniciados; agora, ¿están vostedes satisfeitos coa resposta que dan os centros?, ¿cre vostede que esa cantidade de centros que voluntariamente solicitan participar na semana STEM é suficiente para alcanzar os obxectivos que se marcan? Incluso vostedes, xa non o Consello Económico e Social, senón a propia Consellería de Educación para o ano 2020, ¿cren de verdade que van acadar dentro de dous anos os obxectivos dos proxectos de participación? Simplemente contésteme a esa pregunta.

Grazas. (Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): Señor deputado, este é un plan, é unha estratexia que foi aprobada en setembro deste ano, que plantexa moitas iniciativas innovadoras e pioneiras que nunca se deron, esta é unha delas; e estase medrando progresivamente, non podemos cambiar o sistema educativo da noite para a mañá. Recordo palabras do seu grupo e dalgún partido da oposición cando dicían que o centros de estudos plurilingües, o plurilingüismo, afectaba un número moi pequeno de alumnos, si, pero vai medrar, e isto vai medrar, non o dubide.

Mire, vouno invitar para o día 20 e 21 a unha acción tamén vencellada co fomento das vocacións STEM. Mire, para que vexa que tamén ese dato que deu vostede, que toma a parte polo todo, se contrarresta facilmente con moitísimos outros datos.

Estes dous días, o 20 e o 21, vai haber unha actividade que lle chamamos a Feira StemLab, onde moitos centros educativos, sobre 120 centros educativos, van traer proxectos de innovación en materias STEM, onde hai apuntados máis de 3.000 alumnos, onde hai unha actividade de formación de preto de 1.000 profesores.

¿Obviamente, estamos satisfeitos? Non, gustaríanos ter moito máis, pero non se lle pode sacar valor a un proceso e a unha liña de traballo progresiva que ano a ano está medrando.

E, claro, vostede fálame desa acción concreta, e eu poderíalle falar, por exemplo, de que todas as aulas do Sistema educativo público galego teñen unha conectividade de mínimo de 100 megas; ou poderíalle falar de 20.000 alumnos que van estudar agora mesmo cun sistema de libro dixital; ou poderíalle falar da dixitalización de todas as aulas; ou poderíalle falar de moitísimos elementos, en secundaria, por exemplo, kit de robótica en todas as aulas en todos os centros de secundaria.

Este ano empezamos en primaria e temos 140 xa repartidos nos centros de primaria; seguiremos medrando e seguiremos tendo máis. ¿Por que? Porque nos preocupa moito. E aí ten o sistema educativo unha gran capacidade de xerar igualdade de oportunidades, onde, por certo, Galicia —creo que aí temos que estar todos orgullosos, todos os que formamos parte da familia ou da gran comunidade educativa deste país, sexamos dun partido ou doutro, ou sexamos hoxe responsables ou os que foron hai anos ou os que serán— ten o sistema máis equitativo de España e de Europa, onde máis oportunidades se lles dan aos alumnos. E iso é grazas a que somos capaces, cun efecto difusor, de impulsar programas importantísimos para que se poidan concienciar e para que poidan ter ferramentas e instrumentos para loitar contra os retos que vai ter o futuro.

E hai moitísimas cuestións que poderiamos dicir aquí, pero, obviamente, temos pouco tempo. Pero vostede fala da semana *STEM* e eu pódolle falar dos clubs de ciencia, de como están medrando; e pódolle falar das semanas *STEM*, que obviamente hai que seguir incrementando o seu número; das *STEM week*; pódolle falar dos clubs de ciencias, dos espazos *maker*, dos plenos desafíos *STEM*. É dicir, unha serie de accións que están contempladas neste documento, que é a Estratexia 2020, que foi aprobada no Consello da Xunta, que dedica 50 millóns de investimento de aquí ao ano 2020. E que o que quere, basicamente, é xerar igualdade de oportunidades e preparar e dar oportunidades aos nosos xóvenes para o futuro.

E, créame —e eu creo que vostede o sabe—...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que somos unha comunidade que estamos na vangarda...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...española neste ámbito. E creo...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...que iso é...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...un motivo de satisfacción...

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo. Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...absolutamente para todo o conxunto...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA (Rodríguez González): ...da comunidade educativa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as melloras producidas no Hospital Comarcal da Barbanza desde a entrada en funcionamento do sistema de estruturas organizativas de xestión integrada

O señor PRESIDENTE: Pregunta do señor Núñez Centeno, do Grupo Parlamentario Popular.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, señor presidente.

Boa tarde, conselleiro.

Formulo esta pregunta no nome do noso compañeiro Carlos López Crespo, que foi o autor da mesma. E como é posible que nos estea a seguir a través da páxina web —porque eu sei que o fai— quería transmitirlle desde aquí un saúdo de todos os deputados e deputadas desta Cámara, ademais de desexarlle unha pronta recuperación e reincorporación ao seu escano. *(Aplausos.)*

Señor conselleiro, dende o Grupo Parlamentario Popular de Galicia queremos interesarnos polo funcionamento da estrutura de xestión integrada de Santiago de Compostela na que se inclúe o hospital da Barbanza. Unha vez aprobada a modificación da lei, teremos que falar xa da área sanitaria de Santiago de Compostela e do distrito da Barbanza, porque —como todos vostedes coñecen, señorías— a Barbanza nin era área nin era nada, era un hospital. Desde xa vai existir o distrito da Barbanza, que —como define a Lei de saúde modificada— é unha división territorial da área e constitúe o marco de referencia da coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria, e que ten que contar cun hospital no seu ámbito xeográfico. Blindamos, entón, por lei a existencia do hospital.

A área integrada de Santiago de Compostela proporciona a asistencia para a mellora da saúde da poboación, e a docencia e a investigación constitúense como elementos inherentes ao proceso asistencial. Conta con excelentes profesionais, medios tecnolóxicos de información e de comunicación, que utiliza con eficiencia, efectividade, seguridade e eficacia, co fin de

contribuír ao benestar da sociedade. Integra a atención especializada, rede de atención primaria, outras institucións e centros implicados coa saúde, establecendo alianzas que garanten a continuidade asistencial e a mellora global do sistema. Polo tanto, o obxectivo é achegar o maior número de servizos sanitarios posibles aos cidadáns.

Un exemplo máis da determinación da Xunta por potenciar a sanidade galega é o hospital da Barbanza ao dotalo de máis servizos e convertelo nun hospital máis moderno, co obxecto de achegar os servizos ao paciente desa comarca para que reciba o mellor servizo e o máis próximo ao seu domicilio.

Por todo isto, os deputados asinantes formulamos a seguinte pregunta en pleno: ¿Cales son as melloras que ten experimentado o hospital da Barbanza dende a entrada en funcionamento do sistema de estruturas de xestión integrada, a partir de agora áreas sanitarias?

Grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moi boas tardes, señor presidente, señores deputados.

Eu, evidentemente, únome ao saúdo ao querido compañeiro Carlos López Crespo, que seguro —como dicía Aurelio— que nos estará escoitando e que queremos velo pronto.

A verdade é que —como dicía o meu amigo Román, o conselleiro de Cultura— me gusta que me faga esta pregunta, por diferentes motivos, pero, especialmente, porque quero agradecer a este Parlamento o apoio que deu á Lei de saúde, a esa modificación que vén confirmar o que se iniciou no ano 2010 co Decreto 168, do 7 de outubro, regulando a estrutura organizativa da xestión integrada do Servizo Galego de Saúde. Xa nese momento escoitamos que pecharían os hospitais comarcais e que perderían servizos, como mínimo. A realidade é que co desenvolvemento das EOXI os hospitais comarcais teñen máis servizos para os cidadáns próximos aos seus domicilios. Evitáronse, así, máis de 300.000 desprazamentos nos últimos cinco anos desde as zonas aos comarcais. Acercar o servizo sanitario aos cidadáns é o obxectivo máximo, o que poidamos resolver nos centros de saúde ímolo resolver, e o que poidamos resolver nos comarcais ímolo facer.

Polo que se refire á valoración da situación actual do hospital da Barbanza, en relación coa calidade e cantidade de servizos, fóronse ampliando desde estes anos —se contamos desde o ano 2012— con consultas de Cardioloxía, Endicronoloxía, Pneumoloxía e Neuroloxía; e desde o ano 2013 tamén con Uroloxía. Nesta data realizáronse máis de 60.000 consultas, que evitaron outros tantos desprazamentos.

No que respecta ao equipamento, adquirimos unha torre endoscópica cirúrxica, máis de 62.000 euros; unha sala de radioloxía e mamógrafo, 508.000; e realizamos outros investi-

mentos no equipamento de obras de arredor dos 300.000 euros, e seguimos realizando melloras. Polo tanto, señorías, unha vez máis quero insistir en que a nova Lei de saúde mellorará o servizo sanitario con especial interese en achegar cada vez máis os servizos aos cidadáns. E o paciente recibirá unha atención máis próxima ao seu domicilio e unha atención, ademais, de total garantía en calidade e eficacia.

Ademais, garantirá e potenciará os servizos de especialidades a nivel comarcal. No caso da Barbanza, a entrada en vigor da Lei publicada o día 9, e que entrará en vigor neste mesmo mes, establece os distritos como divisións territoriais de áreas —como dicía o señor deputado—, e constituirán un marco de referencia para a coordinación da actividade da atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria, que se establecerá arredor do hospital existente no seu ámbito territorial. Pero tamén ampliará a participación social, porque dentro do distrito sanitario se establece, tamén por lei, o Consello de Saúde de Distrito, que, entre outras, terá as funcións de propoñer aos órganos de dirección do distrito aquelas medidas de carácter sanitario...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...que contribúan a elevar o nivel de saúde...

O señor PRESIDENTE: Grazas. Ten outro turno despois.

Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Polo tanto, creo que gañamos...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...gañamos todos e, sobre todo, gañou...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): ...a comarca da Barbanza.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica. Señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas pola resposta, señor conselleiro.

Eu penso que queda claro que a posta en marcha das EOXI representou un avance importante nas prestacións que se ofrecen á cidadanía nos hospitais comarcais.

Os deputados e deputadas do Grupo Popular estamos seguros de que a modificación da Lei de saúde de Galicia vai permitir incrementar aínda máis a carteira de servizos deses hospitais ao facilitar a presenza de especialistas nos mesmos e ao dar cobertura legal ao desprazamento entre centros dos propios facultativos, o que permitirá —como dicía— acercar a atención sanitaria ás persoas.

Confiamos en que o tempo poñerá a cadaquén no seu lugar. Entendemos a inquietude da xente dalgunhas comarcas diante das afirmacións dalgúns políticos, sindicalistas e activistas en relación coa nova estrutura territorial, pero non a compartimos. Non compartimos esa inquietude.

Todos recordamos o que se ten dito sobre as EOXI, a desaparición dos hospitais comarcais, o cobro de consultas, a remuneración aos profesionais por expedir altas, o Hospital Álvaro Cunqueiro e moitas outras cousas máis. A realidade vén desmontar estas falacias, aínda que sorprendentemente estes días un periodista dunha edición local dun medio de comunicación galego se amosara sorprendido pola ausencia de recortes nun hospital comarcal despois da aprobación da modificación lexislativa aínda sen estar publicada. Estaba sorprendido de que non houbera recortes aínda. Pois non, señorías, non vai haber recortes. Hai avances, hai investimentos en infraestruturas, novas prestacións sanitarias, incrementos de profesionais e especialidades.

Apreciaremos co paso do tempo os beneficios da creación dos distritos sanitarios, como neste caso o da Barbanza, que van —como dixen antes— mellorar a asistencia sanitaria dos galegos e galegas e achegala a estes.

Por parte do noso grupo, señor conselleiro, a resposta parécenos completa. Agradecémoslle a mesma, que esperamos que sexa valorada positivamente pola cidadanía da Barbanza. Non sei se no tempo adicional quere vostede facer algunha precisión ou ampliar algún dato en relación con previsións de futuro.

Máis nada e grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña): Moitas grazas, señor presidente.

Señores deputados, o pasado 16 de marzo presentamos o Proxecto de ampliación da área de urxencias do hospital da Barbanza, que contará cun orzamento de 1,6 millóns de euros. Trátase dunha intervención importante, xa que a área que actualmente se destina a urxencias, uns 650 metros cadrados, no primeiro andar do hospital se ampliará coa zona da explanada de acceso. As obras de reforma e ampliación desenvolveranse de forma sectorizada co obxecto de reducir o impacto no servizo e manter o seu uso durante a súa execución. É unha obra complicada no sentido de que, evidentemente —como todos vostedes saben—, o Servizo de Urxencias é o corazón de calquera centro hospitalario, polo tanto, imos ter que facelo

compatible. A superficie total de dotación é duns 1.000 metros cadrados e pasa pola ocupación dunha parte do espazo exterior de acceso, parte cuberta que se destinará ao uso asistencial do Servizo de Urxencias e a unha zona exterior sen cubrir destinada ao acceso de ambulancias.

Unha vez se execute esta intervención, poderase incrementar a actual dispoñibilidade de camas de observación na área de urxencias do hospital, tendo en conta a demanda do dito servizo para facilitar a actividade dos profesionais en beneficio dos pacientes.

Formúlase un novo esquema funcional por bandas, que contará con dous accesos diferenciados, o principal, de urxencias, e outro exclusivo para padiolas, con circulacións separadas. A zona máis ambulatoria envorcarase cara ao acceso principal na fachada este, mentres que a zona de boxes se levará cara á área máis privada na fachada oeste. A sala de observación —con máis de 100 metros cadrados—, xunto co control de enfermería, establécese no centro da proposta, de maneira que funcione como centro neurálxico, limitando as circulacións e mantendo un control total de todo o conxunto.

Temos que dar as grazas, polas facilidades que nos deron, tamén, ao Concello de Ribeira, porque tivo que negociar coa comunidade de montes —que tamén agradecemos a súa implicación— para tratar —como diciamos— de modificar un vial de entrada e a través del poder gañar máis metros para o Servizo de Urxencias. Pero tan importante como os metros que incrementamos é —como diciamos— o cambio funcional que vai ter. As urxencias agora mesmo funcionan xa de xeito diferente e imos separar a Pediatría de adultos con triaxe, con clasificación, con observación; con todos os elementos que marcan o servizo, a implicación e a eficacia dun servizo de urxencias.

Polo tanto, imos seguir traballando, señor parlamentario, imos seguir mellorando o servizo sanitario. E, desde logo, o que fala de recortes creo que non fala de sanidade, porque en sanidade é o máis sensible, o que, desde logo, en todo momento a Xunta de Galicia nestes anos de dificultades económicas sempre primou. E imos seguir traballando —como digo— para mellorar.

Moitas grazas. Grazas a todos os parlamentarios que apoiaron a Lei de saúde e que vai poder manter e seguir mellorando os servizos.

Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Vázquez Almuíña.

Continuamos coa orde do día.

Pregunta de Dª Marta Rodríguez Arias e seis deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto do número de persoas en situación de dependencia que van estar atendidas no ano 2018

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Para formular a pregunta ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas.

Boa tarde, señor conselleiro.

O presidente da Xunta marcou como obxectivo prioritario do Goberno galego atender 60.000 persoas en situación de dependencia durante esta lexislatura. En outubro de 2017 o presidente adianta ese obxectivo e comprométese a que a finais deste ano 2018 estarán atendidas esas 60.000 persoas en situación de dependencia, incrementando os fondos da Xunta ao máximo das súas posibilidades para poder multiplicar por catro o número de dependentes atendidos que se atopou cando chegou á Xunta no ano 2009.

Concretamente, no ano 2018 a Xunta destina 369 millóns de euros para atender as persoas en situación de dependencia, 39 millóns máis que o ano pasado, 243 millóns máis que no ano 2009. E, ademais, destina 67 millóns de euros para o Servizo de Axuda no Fogar, 8 millóns de euros máis que no ano 2017, 64 millóns máis que no ano 2009.

Dende o primeiro momento o Goberno de Feijóo considerou a dependencia unha prioridade. A Xunta incrementou dende o ano 2009 o orzamento destinado á dependencia; iso deunos garantías orzamentarias incluso nos momentos máis duros da crise. Só nos últimos catro anos se incrementou en 60 millóns de euros o orzamento destinado á dependencia. No último informe publicado polo Observatorio Estatal da Dependencia correspondente ao mes de febreiro indican que a ratio de atención de Galicia é do 83,1 %, superando en 7 puntos a media do Estado. Polo tanto, hoxe nós facémoslle esta pregunta para saber cal é a previsión da Xunta de Galicia para este ano 2018 en relación co número de persoas en situación de dependencia que van ser atendidas.

Polo de agora, máis nada.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Para respostar, ten a palabra o conselleiro de Política Social, o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora deputada, señorías, a mellora da calidade de vida das persoas que teñen a súa autonomía persoal limitada é un dos obxectivos prioritarios da política social en Galicia. Podemos dicir que hoxe a situación da atención á dependencia é moito mellor que cando chegamos ao Goberno no ano 2009, pero tamén temos que dicir que mentres haxa unha soa persoa que precise atención de dependencia nos queda traballo por facer; polo tanto, imos seguir nese traballo, cumprindo os nosos compromisos, e cumprindo os nosos compromisos a través dos feitos, non das palabras.

Os feitos que podemos hoxe poñer de manifesto neste Parlamento son que destinamos máis recursos económicos que nunca aos maiores e persoas que teñen a súa autonomía limitada.

Superamos por primeira vez as 55.000 persoas con dependencia que reciben a súa prestación, e Galicia sitúase por riba, moi por riba, da media do Estado en ratio de cobertura de atención e tamén en servizos profesionais.

Como vostede plantexou na súa pregunta, o presidente marcounos un obxectivo, o seu goberno, que é acadar as 60.000 persoas dependentes con atención este mesmo ano.

Para conquerir este obxectivo, contamos cun orzamento na área de maiores e discapacidade incrementado nun 9 %; polo tanto, máis recursos que no ano anterior. Esperamos tamén poder contar con recursos incrementados previstos nos orzamentos do Estado, que foron aprobados recentemente polo Consello de Ministros; e dende a creación da Consellería de Política Social —por enmarcarnos na realidade de Galicia— o crecemento acumulado é do 23,6 % respecto dos orzamentos do ano 2015 ao ano no que nos atopamos neste momento.

Se tomamos como referencia, en lugar do ano 2015, o ano 2009, o incremento acumulado é do 168 %. Polo tanto, creo que aquí estamos vendo que hai unha aposta clara e unha aposta decidida do Goberno.

Hoxe, por resumilo nunha frase, Galicia inviste en atención á dependencia 231 millóns de euros máis que hai nove anos. En definitiva, tamén podemos dicir que dende a creación desta consellería superamos a seis comunidades autónomas en atención á dependencia e nos situamos moi por riba da media nacional, que aínda imos incrementar con todas as medidas que temos postas en marcha neste ano para acadar o obxectivo que nos marcou o presidente e polo que vostede me pregunta. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señor Rey Varela.

Para a réplica ten a palabra a señora Rodríguez Arias.

A señora RODRÍGUEZ ARIAS: Grazas.

Os datos son positivos, señor conselleiro. O esforzo orzamentario para atender as persoas en situación de dependencia está demostrado nos orzamentos da Xunta para este ano, 369 millóns de euros; a ratio de atención do Estado é do 76,2 %, a ratio de atención de Galicia é do 83,1 %; polo tanto, Galicia supera en 7 puntos a media do Estado. É certo, como vostede di, que aínda queda moito por facer, pero con máis recursos, máis servizos e máis prazas públicas o número de persoas atendidas seguirá crecendo. Galicia pasará das 14.000 persoas dependentes atendidas no ano 2019 a 60.000 dependentes atendidos este ano 2018. Por iso, mentres a Xunta de Galicia incrementa os fondos ao máximo das súas posibilidades e destina 369 millóns de euros para a dependencia, outros dedícanse neste Parlamento a dicir que a Xunta ten un plan malévolo para destruír o Estado do benestar; mentres a Xunta de Galicia traballa para atender 60.000 persoas en situación de dependencia a finais deste ano, outros, cando gobernaban, dicían que había que podar o Estado do benestar; e mentres a Xunta de Galicia incrementa un 34 % as prazas públicas en residencias, outros lideran o ránking de concellos oficialmente pobres en servizos sociais.

Polo tanto, efectivamente, avanzouse moito en relación á dependencia, temos máis recursos, máis persoas atendidas e, dende logo, nós desexamos que a finais deste ano esas 60.000 persoas estean atendidas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Solla Fernández): Grazas, señora Rodríguez Arias.

Para a réplica do Goberno ten a palabra o señor Rey Varela.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señora Rodríguez Arias.

Pois, efectivamente, coincido co que di vostede. Que quede moito por facer, non quere dicir que teñamos avanzado moito nesta e nas pasadas lexislaturas. Por iso, eu non vou repetir os datos cuantitativos e os datos cualitativos; datos cuantitativos de persoas, que é o máis importante, de persoas atendidas, e datos cuantitativos tamén orzamentarios, que demostran sen ningún tipo de dúbidas que neste momento se está investindo na área de maiores e persoas con dependencia máis que en ningún outro momento da nosa historia e en ningún momento económico diferente.

Polo tanto, o que podemos destacar é que incrementamos a ratio de atención nun 50 %, dende o 30 % do ano 2009 ao 83 % deste momento. O 83 % non nos parece suficiente, pero este aumento que fixemos nestes anos parécenos aval suficiente, precisamente, para seguir superando a moitísimas comunidades autónomas, para demostrar que Galicia quere ser a mellor comunidade autónoma de toda España na atención á dependencia e na atención aos seus maiores.

Seguirémolo facendo para acadar este obxectivo. Estamos a falar dun obxectivo moi ambicioso, son 5.000 persoas as que queremos incorporar ao sistema neste ano a través dos diferentes servizos profesionais que están previstos, precisamente, na lei, con máis horas de axuda no fogar. As horas de axuda no fogar parécennos algo importantísimo para Galicia; unha poboación moi dispersa na que temos que darlles servizo aos maiores que viven no ámbito urbano, pero tamén aos que viven na última aldea de Galicia. Precisamente, este servizo de axuda no fogar permítenos —xa digo— dende o Goberno de Galicia poder darlles servizos absolutamente a todos. Igual que no avance da teleasistencia, que estamos planificando para este ano, aumentando tamén os seus destinatarios.

Tamén, señora Rodríguez Arias, con novas libranzas, novas libranzas que están incrementadas, previstas orzamentariamente, nun incremento este ano do 28 %. A filosofía da libranza é a filosofía de que os maiores van ser os que elixan que recurso queren para estar mellor, e que non teña que ser a Administración pública a que lles diga o que teñen que facer. E seguiremos avanzando neste mesmo ano 2018 no compromiso tamén de lexislatura de 1.000 novas prazas residenciais para maiores. Este ano temos previstas as aperturas en Galicia das residencias de Vilardevós, Arteixo, Baleira, Redondela, Paradela, Cervo e Foz. Ampliamos xa neste ano 2018 prazas nas residencias de Manzaneda, Lugo, Outeiro, O Barco e

Crecente. Polo tanto, o que estamos vendo é que hai todo un paquete de medidas importantes para cumprir este compromiso.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Gustaríame destacar tamén nese ámbito...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...o acordo unánime deste Parlamento desta mañá...

O señor PRESIDENTE: Grazas...

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...instándonos a algo moi importante, que é a mellorar os nosos equipos de valoración. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de Dª Noela Blanco Rodríguez e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as razóns do Goberno galego para elixir o modelo de xestión privada para o centro de menores de Montealegre, en Ourense

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Moi boa tarde, señor conselleiro.

Teño a tentación de preguntarlle por eses 400 millóns de euros que o Goberno de España deixou sen executar da dependencia o ano pasado, pero esta pregunta non versa sobre iso.

No ano 2012 pecharon vostedes o Centro de Menores de Montealegre, que está ubicado en Ourense. Facíano —dicían daquela— por un período de 6 meses para facer unhas obras que coincidimos en que eran necesarias. Daquela recibiron unha crítica dura e consistente do PSdeG, porque nós estabamos atisbando xa o que ía vir: esa privatización do centro de menores. Da Fiscalía de menores tamén e da propia Valedoría do Pobo, posto que ese peche supuxo que os menores que estaban no centro se reubicaran no da Carballeira, con casuísticas completamente diferenciadas. E tamén do Comité de Empresa de Política Social da provincia de Ourense, que nos acompaña hoxe e aos quero agradecer que estean aquí presentes, posto que isto supuña tamén unha eliminación de prazas dentro da propia Consellería.

Vostede compareceu aquí a finais do mes de febreiro para dar conta da política do sistema de protección de menores da Xunta de Galicia, e vostede mentiu. Eu mesma lle preguntei naquela comparecencia se o centro de menores ía ser público, de xestión pública, e atendido por empregados públicos, e vostede obviou a resposta, non me dixo absolutamente nada, non contestou, e nove días despois atopámonos, vía DOG, o 1 de marzo, coa privatización deste centro; un centro cunhas obras que custaron 1,7 millóns de euros a todos os galegos e

galegas e que entregan por 3,2 millóns de euros a empresas privadas. É por isto polo que lle pedimos os tres grupos da oposición que comparecera. ¿Cal foi a súa resposta? Pois facer a manobra da avestruz: agochar a cabeza debaixo da terra e mandar a garda pretoriana, enviar a directora xeral de Familia e de Infancia, que tivo unha comparecencia na Comisión 5ª que foi vergoñenta e unha auténtica tomadura de pelo.

Ademais, descubrimos que hai empresas que teñen poderes paranormais, porque resulta que antes de que vostedes publicaran esa licitación, ese contrato, xa estaban ofertando prazas de emprego para eses centros de menores na provincia de Ourense. Por certo, que lles piden a eses futuros aspirantes uns coñecementos variadísimos que van dende saber física, a educación física, a carpintería, a psicoloxía..., e todo por un módico salario de 700 euros ao mes. É dicir, estanse potenciando os traballadores en precario con superpoderes, porque xa me dirá vostede quen é capaz de reunir todas esas condicións, e menos por ese salario.

Eu hoxe quero preguntarlle por que vostede non confía na xestión pública que ata agora se viña desempeñando no centro de menores e por que non confía no traballo dos empregados e das empregadas da función pública galega.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Blanco, a verdade é que ten que entender vostede por que non lle contesto a algunhas preguntas, porque eu formo parte dun goberno e hai algunhas cousas que me di que creo que é mellor non contestalas, sobre todo cando estamos falando de algo tan importante como son os centros de menores, algo moi delicado e algo que é de interese de todos os galegos e de todas as galegas, e, ademais, pregúntame algo diferente ao que está formulado na pregunta por escrito. Pero non hai ningún problema, eu non me agocho, a min gústame contestar a todo. Polo tanto, se me quere preguntar doutras cousas, tamén o pode facer co tempo que ten dispoñible. Eu a verdade é que no tempo que teño dispoñible prefiro falar do sistema de protección, do sistema de protección de Galicia.

Do total de tutelados, o 56 %, afortunadamente, de nenos e nenas tuteladas atópase en acollemento familiar, que é a fórmula que nós consideramos óptima. Temos que ir conseguindo que a maior parte dos acollementos estean nas familias e non nos nosos centros, aínda que, evidentemente, os nosos centros públicos teñen que estar nas mellores condicións, cousa que non sucedía no centro Montealegre, e por iso no seu momento se decidiu o seu peche; non o seu peche definitivo, senón o seu peche para unha remodelación completa; unha remodelación na que todos os galegos temos investido 1,6 millóns de euros, porque queremos que os centros, que son un recurso, xa digo, substitutorio do acollemento familiar, estean

nas mellores condicións, porque iso é o que merecen os nenos e as nenas, especialmente os que requiren unha maior protección.

Mire, na súa intervención, na súa pregunta, na que formula, fálame de que os profesionais que estaban traballando nese centro pasaron ao centro público de Ourense, da Carballeira. Mire, efectivamente, así é. Pasaron 30 traballadores, exactamente, dese centro á Carballeira, en Ourense. Isto permitiunos que ese centro da Carballeira, que tiña 38 empregados públicos, tivese 68 empregados públicos, mellorando moitísimo a ratio por cada neno e cada nena que está nese centro.

Polo tanto, hai un incremento importantísimo de prazas públicas, de traballadores públicos, no centro da Carballeira, que nos permite dar un mellor servizo e que, por outro lado, nos permite aumentar o número de prazas dese centro, de prazas públicas dese centro da Carballeira.

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Ten outro turno despois.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Ao mesmo tempo, agora estamos plantexando crear un novo centro.

Seguirei despois. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica da señora Blanco.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: Grazas, presidente.

Remodelaron tanto, que pasou de público a privado, señor conselleiro. *(Aplausos.)*

Mire, non é certo o que di dos traballadores e das traballadoras. Unha parte si que se trasladaron, pero os temporais que estaban na Carballeira e en Montealegre foron despedidos, señor conselleiro, polo seu goberno.

Pero hoxe quero falar tamén —porque é un tema serio e sensible, como dicía vostede— das empresas que van optar a este posto. Dunha delas —seguro que a coñece ben porque ten moita relación cos seus amigos da Comunidade Autónoma de Madrid— acaba de denunciar hai escasas semanas o señor Granados facturas falsas, a empresa Ginso, relacionada coa «trama púnica» de financiamento ilegal das campañas do Partido Popular na Comunidade de Madrid —si, desa presidenta estudanta, ¡perdón!, da señora Cifuentes—, do financiamento dos anos 2007 a 2011. Unha empresa que ten, ademais, un centro que tutela, señor conselleiro, con denuncias do Consello de Europa por esposar, por atar e por illar en habitacións eses menores.

Outra, a Asociación Dianova, que xestiona a acollida de refuxiados, ten denuncias de Acnur, de Amnistía Internacional, do Defensor do Pobo, e o propio Ministerio retiroulle a subvención por estas axudas.

Consulting Asistencial Sociosanitario é a dos poderes paranormais, que, ¡oh casualidade!, tamén é a que está xestionando agora mesmo os servizos de menores da Comunidade Autónoma de Madrid.

Diagrama: morreu, faleceu, un menor no Centro de Menores de Melilla por falta de atención sanitaria. As outras dúas tamén están implicadas en casos gravísimos de maltrato.

Vai ter vostede que escoller entre estas cinco empresas e entre as que están implicadas en financiamento ilegal do seu partido, as que inflixen os malos tratos aos menores ou as que explotan os traballadores. E ¿sabe o que lle digo, señor conselleiro? Que o Grupo Socialista ten moi claro co que queda. Queda coa xestión pública e cos empregados e coas empregadas públicas, que estaban facendo un magnífico labor.

Pídolle que deixe de facer a avestruz...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Blanco. Rematou o seu tempo.

A señora BLANCO RODRÍGUEZ: ...que compareza nesta Cámara e que abandone esa actitude irresponsable que está tendo con este tema. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche desta pregunta por parte do señor conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Blanco, mire, está claro que non entendeu o meu razoamento. Temos empregados públicos que estaban nun centro e que pasan a outro centro público, trinta, ¡trinta!. ¿Que quere vostede? ¿Quere que eses traballadores volvan a ese centro e que deixemos cunhas ratios de atención non adecuadas ese centro público da Carballeira en Ourense? Mire, pois nós cremos que é mellor duplicar os servizos, duplicar os servizos cun novo centro, de verdade.

Créame que o centro de Montealegre vai ser un centro de referencia de atención a menores de 12 a 17 anos que estean en situación de garda ou tutela da Xunta, específico, tal e como nos demanda todo o sector de entidades de atención a nenos e nenas. Esta mañá debería saber que se constituíu en Galicia unha plataforma de entidades do terceiro sector, precisamente do ámbito da familia e da infancia, que nos demanda un centro específico en Galicia que nestes momentos non temos, e que agora imos ter, e ademais imos telo en Ourense. Despois falarei do tema do privado e demais.

Mire, este centro non só é novo, senón que vai ter especialidades técnicas únicas, que non existían nestes momentos —psicólogos clínicos, psiquiatras, enfermeiros, traballadores sociais e médicos—, que non existían anteriormente no centro de Montealegre. Por iso de verdade que imos mellorar ese centro. E, ademais, pasaremos de 12 a 17 educadores; si, de 12 a 17 educadores. Antes había 12 educadores, agora imos ter 17 educadores. E dígoo porque hai xente que dubida de que van ser educadores. Van ser educadores, como en todos os centros que dependen da Consellería de Política Social.

Mire, como teño pouco tempo, sobre o tema da privatización non estamos a inventar nada, estamos seguindo un modelo de xestión que sempre utilizou esta comunidade autónoma, gobernara quen gobernara, o Partido Popular pero tamén o Partido Socialista ou o BNG, no ámbito de menores: traballar non con empresas, que é unha matización moi importante, senón con entidades sociais que están traballando en toda Galicia e que están traballando en toda España.

Mire, como fai referencia —non me gusta demasiado porque son procesos públicos— a algunhas das entidades, eu rapidamente —aínda que non interveño nas mesas de contratación— mirei algunha das que vostede mencionou. Mire, direille que unha delas, das que falou, traballa en Canarias, Baleares, Galicia, Madrid, Asturias, Cantabria, A Rioxa, Aragón, Castela-A Mancha, Castela-León, Andalucía, Estremadura, Murcia e Cataluña. E a outra en Canarias, Madrid, Cantabria, A Rioxa, Aragón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Home!, pois, igual que está facendo alusións permanentes ao Partido Popular, podería facer alusións tamén aos gobernos socialistas desas comunidades autónomas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

Grazas.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): E poderíalle poñer moitos máis exemplos da prensa de hoxe sobre privatizacións dos servizos sociais de concellos do Partido Socialista.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Xosé Luís Bará Torres e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para corrixir as deficiencias denunciadas polo Comité de Empresa na residencia de persoas maiores de Campolongo, en Pontevedra

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, boa tarde.

Vostede pintounos un panorama idílico da situación da atención ás persoas maiores. Penso que non o vai aplicar a este caso, á residencia de Campolongo. Ten aquí hoxe unha repre-

sentación do Comité de Empresa da Consellería de Política Social na provincia de Pontevedra, ten a oportunidade de darlle explicación, e sobre todo de darlle resposta sobre as necesidades que xa lle fixeron chegar hai moito tempo. E tamén ten vostede a oportunidade de desculparse pola actitude, desde logo pouco respectuosa, que manifestou o señor secretario xeral técnico da súa consellería cando o recibiu o pasado 5 de marzo; unha actitude que cualificaron os sindicatos como «petulante, altaneira e prepotente», que non nos parece acorde cun representante da Administración pública do Goberno galego.

A verdade é que tanto o comité como o persoal da residencia de Campolongo levan dando un exemplo de esforzo, de paciencia, de responsabilidade. Levan máis de tres anos reclamando melloras en medios humanos e materiais, nos equipamentos do centro. Chegouse a unha situación xa límite despois de encontrar todas esas portas pechadas, e non lles quedou máis remedio que facer unha denuncia pública desas deficiencias e necesidades, con dous obxectivos principais: en primeiro lugar, mellorar a calidade asistencial das persoas que están alí atendidas e, en segundo lugar, mellorar tamén, loxicamente, as condicións laborais do centro.

A situación é moi grave. Penso que vostede visitou a residencia e ten que coñecela. A causa ten que ver coa transformación, decidida no seu tempo, dunha residencia para persoas autónomas nunha residencia para persoas asistidas; e decidir isto sen facer todos os cambios en canto a reformas e obras e dotala de medios necesarios, tanto de persoal como de equipamento e material. O lóxico tería sido facer un plan director e ir acometendo todas as reformas e obras necesarias, e non deixar que se deteriorara a situación e que esteamos nestes momentos con graves deficiencias en materia sanitaria e asistencial.

Voulle numerar algunhas. Por exemplo, a necesidade dunha enfermería. O centro non ten enfermería, ten simplemente un despacho de atención. Ten necesidade de mellora do servizo dos ascensores, que actualmente é insuficiente. E ten tamén problemas para a mobilidade das persoas con mobilidade reducida, así como o uso irregular que se está facendo dos montacargas. Tampouco existen tomas de oxíxeno nas habitacións das persoas asistidas, o cal nos parece tamén moi preocupante dadas as condicións nas que están estas persoas. Non existen tomas de aspiración tamén nestas habitacións, nestes cuartos. Hai que recorrer a material portátil. Tamén outra das demandas é a necesidade da reforma integral da terceira e cuarta plantas, adaptándoas ás necesidades das persoas ingresadas; por exemplo, a necesidade de que haxa comedores e salas de estar nestas salas. Insisto moito nas salas de estar porque se trata de persoas que están actualmente todo o día sentadas en cadeiras onde comen e onde pasan a xornada. Piden tamén algo tan simple como un espazo exterior de lecer e tamén, desde logo, melloras en canto ao persoal.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará. Está clara a pregunta.

O señor BARÁ TORRES: Pídolle, polo tanto, señor conselleiro, unha resposta aquí, en sede parlamentaria, a todas estas demandas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Resposta do conselleiro de Política Social.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Señor presidente, señorías.

Señor deputado, o obxectivo da Xunta de Galicia é acadar o benestar de todos os galegos e de todas as galegas, especialmente cando falamos dos nosos maiores, cos que temos que ter unha sensibilidade especial.

Mire, tampouco lle podo dicir que, cando as respostas non lles gustan, se deba a algo particular. Efectivamente, xa tivemos unha pregunta relacionada con isto, co ámbito dos maiores. A verdade é que este Goberno, todo o Goberno, é moi consciente de que temos moito por facer, pero o que non podemos negar é que temos avances importantes nos últimos anos. E o primeiro deles é o avance orzamentario. Porque ás veces fálase de recortes etc., pero, mire, no ámbito de maiores de verdade que no ano 2009 o orzamento da Xunta de Galicia era de 276 millóns de euros; e neste ano 2018 o orzamento destinado a maiores é de 414 millóns de euros. Polo tanto, estamos a falar dun incremento do 50 %, de máis prazas, de máis recursos, de máis libranzas. Efectivamente, temos tamén, dentro de todos eses recursos, unha rede de centros na que, efectivamente, polos momentos de dificultade da crise, non se investiu todo o que tiveramos que investir nos mesmos.

A finais do ano 2017, polo tanto... Perdón, dende a constitución da Consellería investimos 10 millóns de euros en obras de mellora, que seguramente non son suficientes; como vostede di, non son suficientes. A finais do ano 2017 habilitouse un novo comedor na zona central do cuarto andar co obxectivo de incrementar o espazo para os residentes, adecuouse un novo control de enfermería, efectuáronse traballos que estaban pendentes nos ascensores e axudas técnicas e de equipamento. Nestes momentos estase a repoñer o equipamento da cociña. Pero xa digo que somos conscientes de que quedan actuacións que temos que desenvolver.

Por iso lle agradezo, de verdade, esta pregunta. Porque, efectivamente, puidemos comprobar que nesta residencia temos actuacións de mellora importantes e xa se desprazaron á mesma os equipos técnicos da Consellería para periodizar as mesmas en dúas fases, que despois lle poderei relatar na segunda intervención. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica do señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Efectivamente, señor conselleiro, eu non lle fixen unha pregunta onanista, destas que lle plantexa o seu grupo parlamentario, de autosatisfacción e autobombo. É unha pregunta exixente sobre unha realidade que non se corresponde con esa descrición que fixo vostede, marabillosa, da situación das residencias e da atención ás persoas maiores.

O que lle pedimos e o que lle propoñemos aquí é que lle dea respostas claras e concretas á representación do comité de empresa. Mesmo lle pedimos que se reúna, ao rematar esta pregunta, con eles, e que lles concerte unha reunión, que adquira compromisos para resolver

estas demandas que, ademais, levan xa máis de tres anos formulando. Porque teño aquí escritos do ano 2014, do ano 2015, 2016, 2017, 2018, incluída unha solicitude de entrevista con vostede.

E tamén propuxemos unha visita dos grupos parlamentarios á residencia para coñecer de primeira man precisamente a situación que ten.

Plantéxanlle, por exemplo, demandas concretas —ás que lle pido resposta— en canto ao persoal: un mínimo de oito persoas máis; dúas persoas de enfermería, cinco auxiliares de enfermería e unha persoa cociñeira ou cociñeiro, que son necesidades imprescindibles para mellorar a calidade asistencial.

Demándanlle, ademais, melloras que xa existen noutras residencias, como a de Vigo, que ten unha dotación de persoal comparativamente moito máis elevada que esta residencia de Campolongo. Esta situación ao que está levando é a unha sobrecarga de traballo, a un sobreesforzo no persoal para poder intentar cumprir os mínimos de calidade asistencial.

Señor conselleiro, hai desde logo situacións nesta residencia que poderían levar ao seu peche se hai unha exixencia —por exemplo, a Sanidade— en canto ao uso do montacargas. Non queremos ser alarmistas, non queremos ir por esa vía, pero realmente teñen que poñer as pilas, teñen que asumir compromisos, porque non é de recibo que estea pasando isto a estas alturas do século XXI, e non é de recibo sobre todo que as persoas alí ingresadas reciban este trato; non é un trato digno, non é un trato humano, e, polo tanto, deben tomar as medidas para corrixir todas estas deficiencias...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: ...e actuar ademais...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(O señor Bará Torres pronuncia palabras que non se perciben.)

Moitas grazas, señor Bará. Terminou o tempo.

(Aplausos.)

Grazas.

Turno de peche desta pregunta, señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): Moitas grazas, señor presidente.

En primeiro lugar, señor deputado, quero manifestarlle o compromiso do Goberno de Galicia coa residencia de maiores Campolongo, en Pontevedra. Dicirlle que, efectivamente, temos diagnosticadas necesidades; algunhas fóronse implementando; algunhas das que se imple-

mentaron, dende o meu punto de vista, non foron todo o oportunas que terían que ter sido. Pero na Consellería está o conselleiro, pero hai toda unha serie de departamentos que teñen moito que dicir cando se realizan actuacións nos diferentes centros, que trataremos de coordinalo suficientemente. Xa dei as instrucións precisas para que estean ben coordinados.

Dito isto, dicirlle que, efectivamente, hai necesidades. Voulle relatar agora o plan de actuacións que temos neste momento previsto, de acordo cos técnicos que xa se desprazaron á residencia. Pero tamén quero dicir unha cousa —se mo permite—: a residencia Campolongo é unha magnífica residencia. Ten deficiencias, como podemos ter todos nas nosas casas e nas nosas instalacións públicas, pero hai que dicilo: é unha magnífica residencia; iso, en primeiro lugar. En segundo lugar, ten magníficos profesionais. Esas son dúas cousas que eu, como conselleiro, como comprenderá, quero poñer en valor, recoñecendo o que vostede me plantexa. Melloras: son necesarias, a curto e a medio prazo.

Polo tanto, neste momento dei instrucións aos departamentos implicados da miña Consellería para proceder en dúas fases. Nunha primeira fase, que é inmediata, ou que non require a elaboración de proxectos, como hai cousas de máis calado que o requiren, actuar de maneira inmediata na conversión do comedor da cuarta planta nunha sala polivalente que ao mesmo tempo nos permita mellorar o espazo reservado para o persoal da planta. Porque xa lle dixen algunha das cousas posiblemente puideran terse feito cunha maior adaptación ás necesidades do persoal, pero, ás veces, de verdade que na Administración é complexo.

Paralelamente a isto, construiremos un novo comedor, máis espazoso e luminoso, no final desa cuarta planta. E, paralelamente a iso, e neste mesmo ano 2018, teremos todas as tomas de oxíxeno imprescindibles para a atención ás persoas non válidas que están nesa residencia.

Polo tanto, anúnciolle esta primeira fase de obras neste ano 2018. E iniciar xa os proxectos necesarios para actuacións de maior calado, o que ten que ver coa accesibilidade. Non é unha competencia única da Consellería. Teremos que acordar co Concello, dende un punto urbanístico, por onde instalamos algo que, dende o meu punto de vista —e coincido cos traballadores—...,

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...é imprescindible, que...

O señor PRESIDENTE: Terminou o tempo.

O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela): ...son os aparatos elevadores, a zona de enfermería e novos baños xeriátricos.

Polo tanto, espero e desexo que entre todos sexamos quen, de acordo con todo o persoal da residencia, de mellorala para dar un bo servizo público.

Moitas grazas, presidente. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor conselleiro.

O tempo hai que controlalo moito, porque aquí é moi importante; se non, non acabamos nunca as preguntas.

Pregunta de D. José Luis Rivas Cruz e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da aprobación, antes da Semana Santa, do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Señora conselleira, creo non meter a pata se digo que o Pladiga vén sendo un compendio de estudo da situación do monte, distrito a distrito, medidas de prevención a tomar, activos cos que se conta (tanto materiais como humanos), estados dos mesmos e pautas e protocolos de actuación. Por tanto, un Pladiga de verdade, ademais dunha parte de corta e pega —digamos— fixa, ten unha outra máis interesante resultante dunha avaliación anual de todas as medidas de prevención tomadas, dos lumes acaecidos e causas e comportamentos dos mesmos e dos erros e acertos dos dispositivos de emerxencia e de extinción.

Esta reflexión e avaliación debera ser feita polos axentes sociais relacionados co monte e co variopinto operativo de prevención e extinción, para así, tras os pertinentes informes e reunións de debate, poder sacar á luz un Pladiga operativo que responda a unha realidade cambiante e que fose o instrumento estrela para a temporada seguinte. Pero hai máis ou menos unha semana soubemos que estaba xa listo e agardando para a súa aprobación. E, señora conselleira, os sinais que del temos non difiren nada da rutina doutros anos, do corta e pega que tanto lles amola que lles digamos. Non, non houbo, como é preceptivo, reunións de distrito coas mancomunidades de montes e coas comunidades de montes veciñais para planificar os labores de prevención e defensa de cada un deles. Son 700.000 hectáreas de montes das que lles falamos neste apartado.

Si, xa sei que en anos anteriores tampouco fixeron estas reunións previas, porque, señora conselleira, o Pladiga vén sendo outro documento como o Plan forestal, un mero trámite sen contido que non toman en serio. Vostedes non toman o monte nin o rural en serio, e así nos vai.

A pesar do secretismo arredor deste plan, díganos que estamos errados e que seguiron os pasos correctos na elaboración. Díganos que desta vez tomaron o asunto en serio e que todo está a punto. ¿Ou non é así? Algunha cousiña imos sabendo, como que agora as extintas brigadas de investigación de incendios forestais van ser substituídas polo colectivo de cazadores, que, escopeta en ristre, van vixiar o monte a tempo parcial. Díganos: ¿inclúe cursiños de formación de polo menos 15 horas? ¡Vaia esperpento!, digno dos mellores tempos de don Ramón del Valle-Inclán.

Nós seguimos adiante coa pregunta, que está fóra de tempo —e non pola nosa culpa—: ¿vai ser presentado en sociedade o novo Pladiga antes da Semana Santa? ¿Ou agardamos polo

patrocinio e a intervención de san Cucufato, patrón das cousas perdidas? Eu case diría que nos conformariamos con que fose antes da Semana Santa do 2019. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rivas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Moitas grazas, señor Rivas.

A verdade é que ten vostede un bo ton de voz, pero o contido cada vez vai a menos. *(Risos.) (Murmurios.)*

En primeiro lugar, eu quería dicirlle... *(Murmurios.)* Ben, non sei por que se molestan por isto, ten un bo ton de voz e para min o contido vai a menos. Pois creo que é xusto que así o diga, ¿non?

En primeiro lugar, eu o que quero facer público é dar as grazas aquí aos distintos grupos políticos polo gran labor que fixeron na comisión que durante dous meses se estivo desenvolvendo neste Parlamento e ás persoas que por esa comisión pasaron —algunhas das cales nunca estiveran no Parlamento diante dun micro— para dar as súas opinións. E ao final o resultado que perseguimos todos, Goberno e os que non son Goberno, é acabar cos incendiarios e, polo tanto, cos incendios en Galicia.

Dito isto, que tiven oportunidade de facelo hai unha semana e ademais tamén dicírllelo aos representantes, creo que é xusto tamén dicilo aquí no Parlamento. Agardar ese ditame e esas conclusións que dixen que van ser acatadas polo Goberno, pola Consellería do Medio Rural, en dous ámbitos: analizando o pasado e o presente e falando do futuro. E o futuro por suposto que é o Plan forestal. E eu diríalles que, neste sentido, se fale con maior rigorosidade e con maior seriedade, porque detrás hai unha morea de xente que está agardando polo que entre todos poidamos facer para mellorar o rural galego, para mellorar a economía en Galicia e sobre todo para vivir máis que tranquilos.

Dicía que a pregunta estaba fóra de tempo e, efectivamente, preguntábase hai un tempo e tivo que ser aprazada, e digo cales son os motivos polos que non se respostou naquel momento, e é que me coincidía cunha viaxe a Bruxelas para defender o futuro da PAC en Galicia.

E falar de Pladiga pois é falar do Plan de prevención e defensa contra os incendios forestais en Galicia. O Pladiga está vixente dende o ano 2007, con moitas aportacións ao longo dos anos. E créame, señor Rivas, que este ano leva maiores aportacións, primeiro porque non só nos centramos nun único documento que teña valía para o verán, senón que é un documento que ten valía ao longo de todo o ano; e incidimos moito máis no verán, por suposto, porque é cando temos os maiores riscos.

¿E que inclúe o Pladiga? Pois este Pladiga inclúe plans de prevención, plans de protección, sensibilización, vixilancia, detección, extinción, investigación e desenvolvemento, así como coordinación...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...entre os distintos ámbitos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Réplica, señor Rivas.

O señor RIVAS CRUZ: Moitas grazas, señor presidente.

Eu, cando empezou a falar, á metade da súa intervención, pensei que non entendera a pregunta, pensei que falaba do Plan forestal. Estamos falando do Pladiga.

E falando do Pladiga, nada mudou. Explíquenos. Ben, alédame en principio que non fale de terrorismo incendiario, que fale soamente de incendiarios. A comisión xa serviu para algo, aínda que só fose para mudar unha palabra. *(Aplausos.)* Quedou claro nesa comisión, señora conselleira, que os problemas son estruturais, non son problemas dunha cousiña aquí máis ou menos.

O Pladiga como prevención debería ter propiciado, nesas inexistentes reunións de traballo coas comunidades de montes, coas Sofor —ou coa Sofor, que debe haber soamente unha—, plans de ordenación para os terreos queimados, para non cometer os erros que se cometeron ata o de agora; é dicir, aquí quéimase un monte —digamos— medianamente ordenado e vólvese ordenar da mesma maneira; iso hai que mudalo.

¿Contemplará o Pladiga medidas co cumprimento das faixas de seguridade nas zonas de dominio polos titulares de estradas públicas? E refírome, por exemplo, a que, se vostede viaxa no Feve polo norte deste país, ve que as xestas e as silvas, e sobre todo os toxos e os eucaliptos, invaden a vía; non é que estean á beira, invaden a vía. E iso é cuestión de vostedes, non é nin dos concellos nin de entidades privadas.

Mire, rematou o primeiro trimestre. Levamos camiño de que a saída dos plans de prevención nos colla en plena temporada de incendios. Vostede sabe, señora conselleira, que neste país, quince días sen chover, temos un problema. E vostede sabe que a iso hai que poñerlle couto, e hai que poñerlle couto desde un plan que se tome en serio. Pero vostedes non o toman en serio. O ano pasado aprobárono en xuño e este ano ¿para cando vai? ¿Para xullo? E ademais —repítollo, señora conselleira—, un Pladiga en serio ten unha parte —digamos— mutante que hai que consensuala e hai que falala, distrito a distrito, cos axentes sociais que están no monte.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RIVAS CRUZ: Non é algo que se faga desde un despacho. Para iso temos técnicos. Entón, non o fagamos.

(Aplausos.)

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas.

Peche desta pregunta, conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Grazas, señor presidente.

Eu dicíao para concluír a comisión e vólvoo repetir agora: non busquemos profesionais en ningún lado, os mellores profesionais están traballando nos distritos forestais, en cada un dos dezanove distritos forestais que temos en Galicia. Ninguén toma isto a broma —non sei se vostedes—; dende logo, o resto da sociedade, non; o Goberno, non, e a xente que traballa nos distritos forestais e todos aqueles que compoñen o persoal da Consellería do Medio Rural. E todos aqueles que colaboran —que son moitos— xogan a súa vida cada ano.

Chámenlles vostedes como lles dea a gana aos incendiarios. Hai mortes e, polo tanto, chámenlles asasinos, chámenlles terroristas, chámenlles, se queren, inocentes; ao final hai mortes. E hai mortes na fauna, hai mortes na flora, pero sobre todo hai mortes humanas. Co cal a min dáme igual como se chamen, ao final o resultado está aí, e a vida é o máis prezado que temos. Co cal non sexamos cómplices deles e non intentemos suavizar o que fai un incendiario. Porque non se trata de que «é que tivo un problema, ¡pobre!»; non tivo ningún problema; durante o verán os incendios están prohibidos e non hai control sobre eles.

Falábame de para cando o Pladiga e eu respóndolle. Está convocado o Consello Forestal. Nese Consello Forestal están representadas 60 persoas, 30 delas son membros de distintas asociacións profesionais que forman parte activa do que é o monte en Galicia. E será oído, por suposto, o Consello Forestal antes da súa aprobación definitiva. Polo tanto, o de se é para o vindeiro ano, non, señor Rivas. Trabállase con outra seriedade por parte do Goberno, trabállase con outra seriedade por parte da Consellería do Medio Rural, trabállase con outra seriedade por parte de todos e cada un dos que forman parte dos dezanove distritos forestais.

Eu pediríalles que deixaran de gastar bromas con certas cousas. Primeiro foi que se queremos expropiar os montes veciñais en man común abandonados. *(Murmurios.)* Señor Rivas, unha e mil veces, vostedes din que hai montes que están abandonados. Se hai montes que están abandonados e así se certifica por parte dos profesionais, eses montes pasarán ao Banco de Terras para que estean ben xestionados. Non falen vostedes de expropiacións. Se ao final o resultado é que ninguén os vai crer. E agora a segunda deriva é se os cazadores van ser aqueles que vixían os montes e imos substituír o persoal. Os cazadores son persoas, igual que outro tipo de persoas...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...que están polo monte galego, que, se determinan...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...que queren ser colaboradores...,

O señor PRESIDENTE: Terminou o seu tempo. Grazas.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...serán colaboradores como outros máis. Tamén o convido a vostede a que o sexa.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Os dous teñen unha magnífica voz *(Risos.),* os dous, esa é a verdade. Teñen unha magnífica voz, non se pode negar o que é obvio.

Pregunta de D. David Rodríguez Estévez e Dª Paula Quinteiro Araújo, do G. P. de En Marea, sobre o custo real para o erario público de Galicia da contratación dos servizos da UME e da Operación Centinela para labores de loita contra os incendios forestais nos anos 2016 e 2017

O señor PRESIDENTE: Pregunta de don David Rodríguez Estévez, do Grupo Parlamentario de En Marea.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Grazas, presidente.

Vou romper eu a tónica agora da boa voz. *(Risos.)*

Señora conselleira, moi boa tarde.

Galiza é a día de hoxe a comunidade autónoma do Estado español onde máis incendios e hectáreas queimadas hai. Esta alta actividade incendiaria foi combatida dende hai anos polo servizo público de defensa contra os incendios forestais. Temos que lembrar que, namentres o servizo público supuña, antes do ano 2005, máis do 70 %, con máis de 10.000 lumes ao ano e cunha superficie media por incendio de 2,4 hectáreas, a día de hoxe, cunha porcentaxe no peso do servizo público de menos dun 40 %, a superficie por incendio triplicouse, chegando a superar as 6 hectáreas por lume. Isto pon de manifesto as grandes e os grandes profesionais cos que conta o servizo público para un óptimo desenrolo das súas funcións.

Pola contra, queremos deixar de manifesto que un dos grandes fallos do actual dispositivo é a atomización do servizo, que, xunto cos continuos recortes de persoal e de medios, fai que este servizo sexa cada vez menos eficaz. E unha das causas desta atomización é a contratación, por medio da Xunta de Galiza, para a realización de labores de loita contra o lume

de organismos como poden ser a UME ou a Operación Centinela, para suplir o peche de vixilancias móbiles, para suplir o peche de casetas de vixilancia nos distritos e a non cobertura de vacantes nas brigadas de extinción do servizo público.

Este ano pasado, segundo o recente informe do MAPAMA, tivemos en Galiza 2.302 incendios e 947 conatos —3.249 en total—. Agora imos ver os datos do informe do Ministerio de Defensa no referido á Operación Centinela: «*Alrededor de 450 militares se han desplegado a lo largo del monte gallego para la prevención de incendios, finalizada su función con un balance 'positivo'*» —entrecomiñado— «*según informó el Ministerio de Defensa. Tres de las cuatro provincias quedaron controladas por las diferentes unidades. Sus operativos consiguieron avisar sobre más de 243 casos de fuego, quemas sospechosas y material incendiario. Además, en el mismo comunicado queremos resaltar la eficacia de vigilancia y disuasión*».

Ben, segundo este informe do Ministerio de Defensa, a Operación Centinela detectou o 7,49 % dos incendios forestais. Isto ocorre namentres vostedes suprimiron as vixilancias móbiles do Bipartito e mentres vostedes non cobren as prazas das casetas de vixilancia, polo que teñen que pechar en moitas ocasións. Para vostedes non parece unha mala solución avións que pertencen ao Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, que foi quen os que mercou pero que usa o exército —e isto é un gasto militar encuberto, segundo estamos vendo—. Defensa leva subscrito acordos coa Xunta de Galiza para realizar esta actividade de vixilancia e control de lumes durante estes anos. E, despois de ser nós, as galegas e os galegos, os que lle paguemos, aínda por riba néganse a comparecer na Comisión de Estudo e Análise dos Incendios Forestais.

De aí que a pregunta que queremos facer...

O señor PRESIDENTE: Grazas.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...é se vostede nos pode dicir o gasto real que supón para todas as galegas e galegos...

O señor PRESIDENTE: Grazas, Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: ...tanto a UME como a Operación Centinela.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta da conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Non sei se podemos dicir de David que tamén ten boa voz, seguro, pero eu creo que tamén é moi bo profesional da Consellería do Medio Rural no ámbito de incendios.

Imos directos sobre que custo supoñen para a Xunta de Galicia os convenios asinados. Pois, directamente, o ano 2016, 569.057,29; o ano 2017, 569.419,10. E direille que tamén se está preparando agora o vindeiro convenio para este ano.

Pero tamén lle vou falar un pouco de historia e de por que se fai e por que se deixa de facer. E por suposto que tamén lle vou responder de todos os avances que houbo nestes últimos tempos no seu colectivo, que vostede debe de sabelo de primeira man.

Independentemente disto, direilles que coa UME e, en concreto, coa Operación Centinela, se levan subscrito convenios dende o ano 1999, e foron continuados ata o ano 2005. Entra o Bipartito e determina que non quere facer os convenios co Ministerio de Defensa. E hai unha vaga de incendios durante o mes de xullo e agosto do ano 2006 e, polo tanto, isto supón un punto de inflexión. Rapidamente, de novo, se precipita unha nova colaboración, máis estreita, se cabe, que a que había dende o ano 1999. E dende aquela, de novo, dende o ano 2006 ata o de agora, seguen os convenios entre a Xunta de Galicia e a Administración xeral do Estado a través dun protocolo de prevención de apoio á extinción. E, por suposto —hai que dicilo—, oxalá foran partícipes desta comisión, igual que outros que non asistiron.

¿Fan un labor? Pois si, fan labor importante. E non podemos botar atrás todo o traballo realizado dende ese ano 1999. E, se non, habería que dar unha explicación de por que se deixou de ter a subscrición dese convenio entre o ano 2005 e 2006 e rapidamente se volveu replantexar.

Entre as campañas de 2008 a 2017 asináronse convenios ano tras ano. Hai bos resultados, e eses son os que se envían á Xunta de Galicia para a súa avaliación. Subscríbense en función do risco —risco medio ou risco alto—. Son un total de 27 patrullas terrestres e varios equipos móbiles. O período de activación é entre o mes de xullo e o 15 de setembro. Hai unhas zonas de vixilancia que propón anteriormente a Consellería do Medio Rural. Por suposto, eles dan a coñecer o traballo que se realiza, e cando hai un risco alto ou moi alto...

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): ...recomponse esa situación.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Réplica do señor Rodríguez Estévez.

O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ: Conselleira, grazas por responder a cousas que non lle preguntei; non obstante, poñereino en coñecemento daquelas brigadas que a día de hoxe están con dous compoñentes.

Só polo custo da Operación Centinela —o que vostede dixo agora— poderiamos ter durante todo o verán máis de 22 unidades de vixilancia móbil polo noso territorio. Brigadas que, á

parte de vixiar e disuadir, tamén apagan os incendios, cousa que a Operación Centinela non está a facer.

Hoxe a UME no noso territorio, para vostede, ¿está realmente suplindo as carencias de protección dos nosos montes ou, de facto, está supondo un exercicio de intrusión profesional —que é o que están a facer—? Señora conselleira, as forzas armadas non deben asumir funcións como a protección dos nosos montes. Iso non lles compete, ese é un tema civil. Hoxe mesmo a UME o único que fai nos nosos montes é ser un instrumento de propaganda.

Falou vostede da comisión e da xente que pasou por ela, de que nunca tivera un micro diante. E quero falar tamén do que o señor Rivas introduciu hai un rato co tema dos cazadores. Estivo aquí o presidente da Federación de Caza. El dixo esa idea, que eles podían ser como custodios do territorio. Ese xa tivera o micro diante. De feito, nalgunha actividade que esa Xunta promocionou dixo que «*esos maricones de mierda ecologistas no nos van a parar*». *(Risos.)* Pois vostede fíxolles caso a eses señores.

Mire, señora conselleira, nós o que precisamos a día de hoxe é completar os servizos públicos ao cen por cento para que poidan desenrolar os seus traballos e acadar así os fins para os que foron concibidos. Precisamos dun servizo único, un servizo que sexa profesional e un servizo que sexa civil; servizos profesionais permeables capaces de afrontar as novas situacións de risco, as que nós vemos hoxe cando imos a un incendio forestal e que están plantexadas polas novas tipoloxías de lumes. Necesitamos unha maior coordinación entre os diferentes corpos de bombeiros, dos eidos urbano e forestal. E a xente da UME, a xente do Exército, iso non nolo proporciona. Precisamos de protocolos moi claros de actuación, precísase máis ca nunca afortalar e mellorar os servizos públicos e, por suposto, coidar nós os nosos montes e non a UME.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Rodríguez Estévez.

Peche desta pregunta.

Señora conselleira do Medio Rural.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Vázquez Mejuto): Moitas grazas, señor presidente.

Señor David, eu non sei se vostede quere excluír a alguén de coidar os noso montes. Eu, dende logo, non; preciso a todo o mundo, tamén os ecoloxistas, ¡xa só faltaría! Pero ¿por que non os cazadores?, ¿por que non a xente, os radioafeccionados...? É dicir, cada persoa que estea no rural galego, que esta no monte, sexa un cativo ou unha persoa maior, canto máis concienciada estea en contra dos incendios, moitísimo mellor. Aquí ninguén vén suplir a ninguén. Aquí cada un ten o seu traballo. E hai un traballo feito e unha historia, ademais, que avala ese traballo.

Pero, falando de profesionais, por suposto que en Galicia temos os mellores profesionais. E vostede debería saber igual que sei eu —e dígoo xa directamente, nas negociacións que

tiven— que houbo moitísimos avances antes de chegar eu, pero desde que eu cheguei direille que se regulou o paso á segunda actividade do persoal das categorías de bombeiro profesional do servizo; renovamos equipos de protección individual, cun orzamento de 1,7 millóns de euros para os anos 2017 e 2108; acordamos coas organizacións sindicais que os traballadores do servizo teñan a consideración de bombeiros forestais, o que supón unha mellora das súas condicións laborais e redunda tamén nunha maior eficacia no desenvolvemento das súas funcións; renovamos gran parte do parque de motobombas, novo parque móbil de vehículos, novas emisoras; cubríronse, señor David, todas as vacantes, ¡todas as vacantes!; e desenvolvemos o convenio para as novas escalas profesionais —trátase de facilitar o acceso de distinto persoal á escala de axentes técnicos en xestión ambiental—. E avanzamos en materia de formación, porque na loita contra os incendios forestais resulta fundamental, en primeiro lugar, para garantir a súa seguridade e, en segundo lugar, para mellorar o noso servizo. Por iso se programaron xornadas formativas ao longo de todo o ano en diferentes puntos do territorio. Estas xornadas foron dirixidas a técnicos, a axentes, a persoal das brigadas, condutores de motobomba, emisoristas e vixilantes. Nelas formouse o persoal en aspectos de seguridade, comunicacións, loxística, coordinación cos medios aéreos e outras. Estas actuacións de formación integran a planificación xeral da Xunta en materia de persoal na loita contra os lumes.

Para rematar, melloramos o programa informático de xestión de lumes, o Xeocode. Esta ferramenta permite, por exemplo, conectar cos servidores de mapas e integrar o programa co resto das distintas aplicacións. E ao mesmo tempo ser coñecedores de onde está cada un á súa disposición, e garantir o que é a súa seguridade. En definitiva, demos saltos cualitativos na loita contra os incendios incorporando os últimos avances tecnolóxicos no eido das TIC, pero tamén no eido da seguridade. E vostede debe de coñecelo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta de D. Carlos Enrique López Crespo e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Consellería do Mar do uso, para a trazabilidade nos produtos pesqueiros, dun método telemático punteiro no ámbito europeo, a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca e por medio dos terminais Ticpesc existentes nos portos de titularidade autonómica

O señor PRESIDENTE: Pregunta de dona Teresa Egerique, do Grupo Parlamentario Popular.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Grazas, presidente.

Boas tardes.

Boas tardes, conselleira.

Hoxe queremos falar de trazabilidade nos produtos pesqueiros, queremos preguntarlle por un sistema pioneiro aquí en Galicia. A trazabilidade nos produtos pesqueiros consiste na capacidade para coñecer o percorrido dun determinado produto pesqueiro, dende a súa captura e recollida ata que chega ao consumidor. Polo tanto, é un procedemento e un proceso fun-

damental, porque son produtos destinados ao consumo humano e deben asegurar a protección da saúde, e deben conter unha ampla información sobre toda a cadea de comercialización, incluíndo o consumidor e os diferentes axentes da comercialización pesqueira. Por outra banda, ademais, tamén deben axudar a equilibrar a xestión dos recursos e a elaboración de estatísticas fiables.

Na actualidade existe unha normativa moi detallada que debe aplicarse para o seguimento ou rastrexo dun produto, tanto a nivel autonómico como estatal e europeo, con regulamentos de seguridade alimentaria, normas de hixiene de orixe animal e medidas de control no ámbito da política común de pesca, entre outras medidas.

Para exercer esta trazabilidade utilízanse uns documentos telemáticos xestionados a través da Plataforma Tecnolóxica da Pesca, que se pode consultar na web «pescadegalicia.com», e por medio dos terminais chamados Ticpesc existentes en cada un dos portos de titularidade autonómica e que a Consellería do Mar pon á disposición do sector.

Non debemos esquecer que Galicia é punteira —como dixen ao comezo da miña intervención— en desenvolver este sistema, e que outros países como Turquía, que xa está ás portas da Unión Europea, se teñen fixado no xeito en que traballamos para acadar esa trazabilidade. Polo tanto, hoxe gustaríanos que vostede nos puidera ampliar un pouco esa información. Interesámonos pola trazabilidade e queriamos formular a seguinte pregunta: ¿Cal é o balance que fai a Consellería do Mar da utilización dun método punteiro a nivel europeo, a través da plataforma tecnolóxica da pesca e por medio dos terminais chamados Ticpesc da trazabilidade?

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Resposta da conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, señora Egerique, empezando por onde vostede termina, se me pide dúas palabras para definir o balance que nós podemos facer do funcionamento desta plataforma, téñolle que dicir que é sumamente positivo. E, neste sentido, a min gustaríame neste momento tamén expresar o noso agradecemento á parte máis importante nesta ferramenta, que son precisamente todas as persoas que conforman o sector marítimo-pesqueiro, porque co seu traballo, cumprindo coa súa obriga de dar os datos, pero facéndoo desta maneira, están contribuíndo a que teñamos un *big data* moi importante para elaborar, como vostede ben dicía, todas as estatísticas e todos os estudos precisos para defender a nosa situación pesqueira na Unión Europea.

Como vostede ben dicía, en requisitos de trazabilidade que veñen establecidos na normativa da política pesqueira común, e de acordo coas competencias que nos atribuíu o Decreto 168/2015, nós deseñamos diversos mecanismos para que o sector poida dar perfecto cumprimento ás normativas que existen sobre a trazabilidade. Dentro destas iniciativas, a máis importante é a posta en marcha e o deseño da Plataforma Tecnolóxica da Pesca *pescadegalicia.com,* unha ferramenta que é única en toda a Unión Europea, e grazas a esta aplicación é

posible acceder a rexistros administrativos e a moitísima información importante para xustificar a situación e a mellor xestión de todos os caladoiros nos que traballamos.

Neste apartado identifícase a situación administrativa dos diferentes actores dos diferentes subsectores; identifícase o rexistro de buques, os permisos de explotación de marisqueo a pé e os dos recursos específicos; pero tamén os documentos de descarga e de primeira venda nas lonxas. Ao mesmo tempo, con esta información podemos estar facendo en continuo un seguimento da actividade, e permítelles aos propios mariñeiros facer a alternancia de artes ou o sistema de marcado das artes de pesca e o sistema de xestión telemática de todos os documentos que deben de emitirse para acompañar a trazabilidade do produto. Xa que logo, este é un sistema que cobre as necesidades do sector en termos de documentación e faino, ademais, sen complicarlle a vida ao sector, porque se pode desenvolver desde un ordenador ou desde os terminais aos que vostede se refería, denominados Ticpesc.

Estes son uns terminais que se poñen á disposición do sector; nestes momentos xa hai máis de 58 instalados, e seguiremos na vía de poder estendelos a todos os portos onde o sector que opera neles estea disposto a facer uso destes aplicativos. É dicir, poñer á disposición do sector as 24 horas do día, os 365 días do ano, a posibilidade de acceder á súa información e á emisión dos documentos necesarios.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Moitas grazas, conselleira.

Réplica, señora Egerique.

A señora EGERIQUE MOSQUERA: Moitas grazas, conselleira, pola información. Ademais, parabéns por instaurar este sistema porque, como vostede ben dixo, non ten horario, é accesible as 24 horas do día os 365 días do ano. Iso é o que nos permite a tecnoloxía, polo tanto, sempre está ao alcance de calquera que quera empregalo dende o punto no que se encontre nese momento.

Nós queremos agradecerlle tamén que atenda as necesidades do sector e que o faga sempre sen interrupcións. E cremos que debemos unirnos ademais ao seu agradecemento ao sector, porque, como dixen antes, son exemplo no resto de España e tamén en Europa, para que consulten como en Galicia facemos e levamos adiante todos estes compromisos coa trazabilidade.

Como xa temos falado en moitas ocasións, neste tema a Xunta de Galicia e a Consellería de Pesca teñen ademais un compromiso cada vez máis importante coa trazabilidade e coas normas que impoñen de Europa.

Vemos que este traballo segue a bo ritmo, e vostede falou tamén da importancia do *big data*, da importancia de facer estatísticas, por iso nos gustaría que neste último turno vostede nos amplíe un pouco se teñen datos xa, se teñen algún dato concreto desta atención á trazabilidade, e cales son os plans de futuro, porque o que temos claro tamén é que a Consellería de Pesca está permanentemente intentando, da man do sector, mellorar e poder poñer ao día a tecnoloxía ao servizo de todo o sector.

Polo tanto, preguntámoslle se vostede ten datos concretos e que plans de futuro teñen con respecto á trazabilidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora Egerique.

Peche desta pregunta, señora conselleira do Mar.

A señora CONSELLEIRA DO MAR (Quintana Carballo): Grazas, señor presidente.

Señorías, señora Egerique, mire, datos temos, e eu creo que é importante resaltalos. Só no ano 2017 manexamos máis de 4.200.000 notas de venda. Dicimos que dende o ano 2010 se incrementaron un 42 % os documentos expedidos polos Ticpesc. Vemos, ademais, que dende o ano 2010 se incrementou un 1.200 % a emisión de diferentes documentos a través destes terminais. Podemos dicir que, dende logo, temos acertado ao facilitarlles a vida aos nosos profesionais, e é que, cos cálculos que levamos feito, neste momento temos aforrado máis de 279.000 viaxes do sector á diferentes oficinas, tanto das confrarías como da propia consellería. Iso é facilitarlle o traballo tamén á nosa xente, pero o que é máis importante, é facilitar a transparencia coa que se traballa en Galicia; é facilitar que todos os investigadores que traballan nos diferentes centros de investigación ou nas diferentes universidades poidan ter unha ferramenta importante para axudarnos a facer análises que contribúan a mellorar a xestión de todos os caladoiros onde estamos a traballar.

E temos, claro que si, plans de futuro e plans para seguir mellorando. Neste momento imos incrementar un mínimo de 9 Ticpesc en determinados portos que xa nolos teñen solicitado. Vaise mellorar o software dos 30 primeiros que se instalaron para adaptalos ás últimas novas tecnoloxías. E vánselles incorporar a todos aqueles que nolo teñen pedido as pesas automáticas, incluídas ou en conexión cos propios Ticpesc, para facilitar a pesada de todas as descargas; pesada que é obrigatoria pola normativa comunitaria. Con iso tamén estaremos facilitándolles a vida aos traballadores, que non teñen que andar trasladando a mercancía a diferentes lugares do mesmo porto.

En definitiva, o que estamos procurando entre todos é dar esa imaxe de innovación tamén aplicada ao noso sector pesqueiro. E nesta liña seguiremos aplicando todas as melloras tecnolóxicas que se vaian presentando diante de nós no futuro.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleira.

Non hai máis preguntas. Remata aquí o pleno.

Boa tarde.

Remata a sesión ás sete e dez minutos da tarde.

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25